TRABALLO DE FIN DE GRAO

A vixencia do mandato representativo fronte a disciplina de partido: un *cahier d'instructions* para ser concelleira do PSdeG de Santiago de Compostela

José Manuel Diego Ferreira

Titora: Marta Irene Lois González

Grao en Ciencia Política e da Administración

Facultade de Ciencias Políticas e Sociais

Curso Académico 2024/2025

A vixencia do mandato representativo fronte a disciplina partido: un *cahier d'instructions* para ser concelleira do PSdeG de Santiago de Compostela

La vigencia del mandato representativo frente a la disciplina de partido: un *cahier d'instructions* para ser concejala del PSdeG de Santiago de Compostela

The authority of the representative mandate versus party discipline: a *cahier d'instructions* for becoming a PSdeG councillor in Santiago de Compostela

"Hasta la virtud necesita límites.

Para que no se pueda abusar del poder hace falta que, por la

disposición de las cosas, el poder refrene al poder"

Montesquieu, *El Espíritu de las leyes*, 1748

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN 17

2. OBXECTIVOS 21

3. PREGUNTAS DE INVESTIGACIÓN E HIPÓTESES DE TRABALLO 23

4. MÉTODO 25

5. MARCO TEÓRICO 28

5.1. A DEMOCRACIA REPRESENTATIVA COMO SISTEMA 28

5.1.1. Do mandato imperativo ao mandato representativo 30

5.1.2. Antecedentes do mandato representativo: Reino Unido e Francia 34

5.1.3. A relación representativa: concepto, teoría e dimensións 37

5.1.4. Transición da democracia parlamentaria á democracia representativa de partidos: da democracia liberal á de masas 41

5.1.5. A crise do mandato representativo 43

5.2. OS PARTIDOS POLÍTICOS 46

5.2.1. A representación colectiva e o partido cartel 48

5.2.2. O funcionamento dos partidos: disciplina orgánica, estatutos e autocracia 50

5.3. A PROHIBICIÓN DO MANDATO IMPERATIVO, DISCIPLINA DE PARTIDO E A LEI DE FERRO DA OLIGARQUÍA 54

5.3.1. Marco normativo e xurisprudencia: a imposibilidade do mandato imperativo no ámbito local polo dereito á participación nos asuntos públicos 57

5.4. A REPRESENTACIÓN INDIVIDUAL NA ACTUALIDADE 62

5.4.1. A personalización política e o seu impacto na relación representante-representado desde a perspectiva local 63

5.4.2. É sostible manter representantes individuais na partitocracia? 65

6. CONTEXTO POLÍTICO: PANORAMA DO PSDEG EN GALICIA E SANTIAGO 69

7. ANÁLISE DE CASO: O PSDEG DE SANTIAGO E AS VIVENDAS TURÍSTICAS 71

7.1. ANTECEDENTES: HISTORIA DUN SOCIALISMO DIRIXIDO DESDE O PAZO DE RAXOI 72

7.2. A VOTACIÓN: UNHA ORDENANZA PARA CULMINAR A REGULACIÓN SOCIALISTA DAS VIVENDAS DE USO TURÍSTICO EN COMPOSTELA 76

7.3. O INCUMPRIMENTO: ABSTENCIÓN E BLOQUEO OU VOTO A FAVOR E DESOBEDIENCIA 78

7.4. OS EXPEDIENTES: SEIS QUE REMATAN EN CATRO 82

8. ANÁLISE E DISCUSIÓN 90

9. CONCLUSIÓNS 100

BIBLIOGRAFÍA 105

ANEXOS 113

1. *DOSSIER* DE NOTICIAS DO XORNAL *EL CORREO GALLEGO* SOBRE A CRISE INTERNA DO PSdeG SANTIAGO ENTRE O 04/06/2024 E O 24/06/2025 ORDENADAS CRONOLOXICAMENTE 113

2. *DOSSIER* DE NOTICIAS DO XORNAL *LA VOZ DE GALICIA* SOBRE A CRISE INTERNA DO PSdeG SANTIAGO ENTRE O 05/06/2024 E O 24/06/2025 ORDENADAS CRONOLOXICAMENTE 188

3. *DOSSIER* DE NOTICIAS DO XORNAL *ELDIARIO.ES GALICIA* SOBRE A CRISE INTERNA DO PSdeG SANTIAGO ENTRE O 04/06/2024 E O 24/06/2025 ORDENADO CRONOLOXICAMENTE 252

4. ARGUMENTARIO DO PSdeG-PSOE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOBRE O POSICIONAMENTO DE ABSTENCIÓN ANTE A ORDENANZA DE USOS ASIMILADOS ÁS VUT DO 21/06/2024 280

5. COMUNICADO DA ASOCIACIÓN DE VIVENDAS TURÍSTICAS DE GALICIA (AVITURGA) ANTE A ABSTENCIÓN ANUNCIADO POLO PSdeG-PSOE Á ORDENANZA DAS VUT DO 21/06/2024 285

6. COMUNICADO DA PLATAFORMA PARA A REGULACIÓN DE VIVENDAS TURÍSTICAS (PREVITURGA) ANTE A ABSTENCIÓN ANUNCIADA POLO PSdeG O 21/06/2024 286

7. COMUNICADO DO PSdeG DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DO 24/06/2025 288

8. COMUNICADO DO CONCELLEIRO GONZALO MUÍÑOS, TRALA SÚA SUSPENSIÓN DE MILITANCIA POR PARTE DO PSdeG O 17/01/2025 289

9. COMUNICADO DO GMS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA TRALO CAMBIO DE PORTAVOZ MARCADO DESDE A DIRECCIÓN DO PSdeG O 17/01/2025 291

11. COMUNICADO DO GMS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA TRALA EXPULSIÓN DEFINITIVA DE CATRO CONCELLEIRAS DO PSdeG O 18/02/2O25 294

12. COMUNICADO DAS CATRO CONCELLEIRAS TRALA SÚA EXPULSIÓN DEFINITIVA E FIRME DO PSdeG O 14/03/2025 296

13. CARTA DA CIDADANÍA EN APOIO DAS CATRO CONCELLEIRAS EXPEDIENTADAS DO GMS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NA SÚA VERSIÓN FEITA PÚBLICA O 18/03/2025 298

14. COMUNICADO ASINADO POLO GMS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA TRALA AUSENCIA DOS DOUS CONCELLEIROS AFÍNS Á DIRECCIÓN LOCAL AO PLENO MUNICIPAL DO 24/04/2025 310

15. COMUNICADO DAS CATRO CONCELLEIRAS EXPULSADAS DO PSdeG SOLICITANDO A REVISIÓN DO SEU EXPEDIENTE DE EXPULSIÓN O 14/06/ 2025 312

16. PUNTO 45 DO PROGRAMA ELECTORAL DO PSDEG-PSOE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA AS ELECCIÓNS DO 2023 314

17. MODELO DE ENTREVISTA 315

17.1. TRANSCRICIÓN DA ENTREVISTA A XOSÉ A. SÁNCHEZ BUGALLO, EXSECRETARIO DO PSdeG DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 316

17.2. TRANSCRICIÓN DA ENTREVISTA A CARMEN FERNÁNDEZ MORANTE, EXSECRETARIA DE ORGANIZACIÓN DO PSdeG DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 321

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Análise DAFO do ecosistema na decisión do GMS de apoiar a ordenanza 94

Táboa 2. Análise DAFO do ecosistema na decisión da CEM de absterse na ordenanza 96

ÍNDICE DE ABREVIATURAS

- CEM: Comisión Executiva Municipal
- GMS: Grupo Municipal Socialista
- VUT: Vivenda de Uso Turístico
- PXOM: Plan Xeral de Ordenación Municipal
- PSdeG: Partido Socialista de Galicia
- PSOE: Partido Socialista Obrero Español
- BNG: Bloque Nacionalista Galego
- PP: Partido Popular
- CA: Compostela Aberta
- AVITURGA: Asociación de Vivendas de Uso Turístico de Galicia
- PREVITURGA: Plataforma para a Regulación das Vivendas Turísticas
- REAT: Rexistro Rexistro de Actividades Turísticas da Xunta de Galicia

RESUMO

A tensión entre o mandato representativo e o mandato de partido é estrutural en calquera democracia de partidos, pero non necesariamente negativa nin irresoluble. A existencia de límites ao poder é fundamental para que non haxa abuso do mesmo e, por iso, a forma na que se xestione esa tensión pode propiciar unha maior democracia interna no seo das formacións políticas mediante a articulación de mecanismos de deliberación, afondando no funcionamento democrático dos partidos, que é esixencia constitucional.

Porén, esa tensión tamén pode derivar nunha crise política como ocorreu en Santiago de Compostela, con un PSdeG dividido e a expulsión de tres concelleiras e un concelleiro, que traía causa da ruptura da disciplina de voto nunha ordenanza vencellada á regulación das vivendas de uso turístico no municipio, que rematou por revelar unha loita oculta pola dominación do partido. Así, con este estudo de caso, explorar os límites desta tensión, aplicando a perspectiva local -pouco usual neste tipo de estudos-, suporá explicar os efectos que esta crise tivo na percepción de lexitimidade do partido.

Palabras chave: representación política, mandato, democracia, partidos políticos, representación local, desafección, lexitimidade.

RESUMEN

La tensión entre el mandato representativo y el mandato de partido es estructural en cualquier democracia de partidos, pero no necesariamente negativa ni irresoluble. La existencia de límites al poder es fundamental para que no haya abuso del mismo y, por eso, la forma e la que se gestione esta tensión puede propiciar una mayor democracia interna en el seno de las formaciones políticas mediante la articulación de mecanismos de deliberación, ahondando en el funcionamiento democrático de los partidos, que es una exigencia constitucional.

Sin embargo, esa tensión también puede derivar en una crisis política como ocurrió en Santiago de Compostela, con un PSdeG dividido y la expulsión de tres concejalas y un concejal, que traía causa de la ruptura de la disciplina de voto en una ordenanza vinculada a la regulación de las viviendas turísticas en el municipio, que terminó revelando una lucha oculta por la dominación del partido. Así, con este estudio de caso, explorar los límites de esta tensión, aplicando la perspectiva local -poco usual en este tipo de estudios-, supondrá explicar los efectos que esta crisis tuvo en la percepción de legitimidad del partido.

Palabras clave: representación política, mandato, democracia, partidos políticos, representación local, desafección, legitimidad.

ABSTRACT

The tension between the representative mandate and the party mandate is structural in any party-based democracy, but it is not necessarily negative or irresolvable. The existence of limits on power is essential to prevent its abuse, and for this reason, the way this tension is managed can foster greater internal democracy within political parties through the development of deliberative mechanisms, thereby strengthening the democratic functioning of parties, which is a constitutional requirement.

However, this tension can also lead to a political crisis, as occurred in Santiago de Compostela, Spain, with a divided PSdeG (Galician Socialist Party) and the expulsion of three female councillors and one male councillor, stemming from the breach of voting discipline on an ordinance related to the regulation of tourist housing in the municipality. This ultimately revealed an underlying power struggle for control of the party. Thus, through this case study, exploring the limits of this tension —applying a local perspective, which is uncommon in this type of research— will allow for an explanation of the effects this crisis had on the party's perceived legitimacy.

Keywords: political representation, mandate, democracy, political parties, local representation, disaffection, legitimacy.

1.INTRODUCIÓN

A democracia “en grande”, coinciden en sinalar voces autorizadas no ámbito da ciencia política, non pode ser máis que unha democracia representativa que separa a titularidade do poder político para despois vinculala por medio dos mecanismos representativos da transmisión do poder (Sartori, G. 2005; Dahl, R. 2012). Baixo esta afirmación pódese atopar a pertinencia de calquera estudo sobre a representación política, toda vez que, na actualidade, democracia e sistema representativo emerxen nunha sorte de asimiliación de ambos termos.

Na actualidade, asistimos a un momento de decepción xeneralizada co sistema e un desapego en auxe cara a clase política[1] -é dicir, aquela parte do sistema presuntamente responsable de encarnar a representación da cidadanía-. Unha realidade que conduce cara un desencanto político e debilita a lexitimidade do sistema democrático en xeral, pero que coexiste cun interese en auxe de certos sectores por buscar novos modos de participación na vida pública[2]. Unha procura de mecanismos innovadores que, en certa medida, semellan responder a unha percepción de fracaso dos vixentes ata a data.

Sexa como for, porque a análise detallada das causas da deslexitimación do sistema non é o obxecto do estudo, o certo é que nos atopamos ante un contexto de cuestionamento dos máis elementais alicerces da democracia representativa, comezando pola desafección cara o mesmo modelo e as súas pezas clave: partidos políticos e representantes individuais.

Nas democracias representativas contemporáneas, os partidos políticos desempeñan un papel central na organización do sistema e na intermediación entre a cidadanía e o poder institucional. Porén, no ámbito lexislativo, emerxe unha tensión persistente entre dous principios fundamentais: a disciplina de partido, entendida como a obriga dos parlamentarios de actuar de acordo co que dita a súa formación política; e o mandato representativo, que establece que os representantes deben actuar en nome do pobo, sen estar suxeitos a instrucións imperativas.

---

[1] Peter Mair sinala como os partidos políticos están “fallando” á hora de involucrar á cidadanía na cousa pública, cun incremento do abstencionismo e unha diminución da lealdade partidista, en termos de afiliación pero tamén de fidelidade do voto (2014, p. 275)

[2] O auxe de novas fórmulas de participación política, vencelladas á implantación das novas tecnoloxías nas relacións entre as Administracións Públicas e, polo tanto, dos gobernos representativos, teñen propiciado que certos sectores da sociedade procuren esas vías de participación na vida pública en todos os niveis -local, autonómico e estatal- como apuntan Rubio Núñez e Valle Escolano (2018), nun estudo cualitativo sobre a implantación da transparencia.

Este Traballo de Fin de Grao examina esa tensión, as súas implicacións para a representación política e a lexitimidade do sistema mesmo, así como as posibles formas de conciliación entre ambos principios.

A disciplina de partido é un mecanismo esencial para o funcionamento dos sistemas parlamentarios, toda vez que garante a cohesión interna e permite aos partidos implantar os seus programas electorais. Dentro da elección pública, resulta fundamental a lexitimidade dos acordos no proceso decisional, pero tamén o é a eficiencia na toma desas decisións, polo que a fórmula de cohesión interna, que proporcionan os partidos políticos, contribúe a facilitar o acceso a maiorías óptimas que faciliten o funcionamento do sistema.

Como sinala Giovanni Sartori (2005), os partidos non só agregan intereses, senón que organizan a acción política, o que implica necesariamente certo grao de subordinación por parte dos seus membros. Unha disciplina forte permite manter a estabilidade gobernamental, especialmente nos sistemas parlamentarios con gobernos en coalición ou maiorías axustadas. Con todo, cando a disciplina se impón de forma ríxida, pode restrinxir a capacidade deliberativa do lexislador, reducindo o seu papel a un voto obediente.

Esta lóxica pode debilitar a conexión directa entre representantes e cidadáns, e erosionar a confianza pública nas institucións, ao poder cuestionarse a súa utilidade: se os representantes actúan como comisarios do partido, cal é a función do parlamentario ou do concelleiro? E, en última instancia, cal é a función da institución mesma?

Neste punto emerxe o concepto do mandato representativo, baseado no principio de que os parlamentarios -e, por asimilación, as concelleiras e concelleiros-, non están legalmente vencellados aos intereses particulares do seu partido ou dos seus electores, senón que representan á Nación no seu conxunto. Este concepto, herdado do liberalismo clásico, da Revolución Francesa, permite aos lexisladores exercer xuízo propio en asuntos complexos, defendendo o interese xeral máis aló da disciplina partidaria ou as presións das súas bases.

De acordo con Hanna Pitkin (1967), a representación implica actuar en nome doutros, pero tamén require de autonomía para interpretar o interese colectivo. Neste sentido, un mandato excesivamente controlado polo partido pode desvirtuar a idea de representación substantiva.

Así as cousas, a tensión entre ambos principios é estrutural, pero non necesariamente irresoluble.

En Santiago de Compostela, en xuño do 2024, o Grupo Municipal Socialista do Concello desobedeceu en bloque a disciplina de partido decidida desde a dirección local. A tensión entre mandato representativo e disciplina de partido derivou nunha crise política.

En pleno auxe do alugueiro vacacional, nunha cidade con importantes tensións turísticas que condicionan o mercado da vivenda residencial e nun contexto local, autonómico e estatal, onde a oferta de vivenda copaba o debate público e se convertera nunha das principais preocupacións da cidadanía; a dirección local do PSdeG ordena a abstención aos seus seis edís nun Pleno Municipal ante a votación dunha ordenanza que viña a completar a regulación sobre as Vivendas de Uso Turístico -en adiante, VUTs- no municipio.

Unha abstención que suporía, de facto, bloquear esta ordenanza nunha Corporación Municipal de 25 concelleiras e concelleiros, dos que 11 do Partido Popular, xa manifestaran a súa oposición a esta regulación. Unha medida que, por outra banda, se iniciara no mandato previo, baixo unha alcaldía socialista, a través dunha Modificación Puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal, e sendo concelleira de Urbanismo unha das edís obrigada a absterse por disciplina de partido.

Alén das xustificacións e argumentos que sostiñan unha e outra parte para optar pola abstención ou non facelo, e que serán abordados ao longo deste traballo académico, o certo é que o resultado deste posicionamento foi a quebra da disciplina de partido por parte do Grupo Municipal Socialista -en adiante, GMS- en bloque, que derivou nunha crise sen precedentes no PSdeG de Compostela, con seis expedientes de expulsión abertos, que finalmente se reduciron a catro expulsións firmes do Partido por novos motivos que xurdiron durante a tramitación dos primeiros. Unha crise que tivo repercusión a nivel nacional, con televisións estatais e medios como *El País* ou ABC, tamén de tirada estatal, facéndose eco do acontecido no seo do PSdeG de Santiago de Compostela.

Esta crise política tivo lugar nun momento de reconfiguración do Partido Socialista en Santiago de Compostela trala derrota electoral que, en maio do 2023, supuxo a perda da alcaldía dos socialistas. Unha derrota nas urnas que chamaba ao PSdeG a renovarse desde a oposición e que se iniciou trala elección da nova Comisión Executiva Municipal -en adiante, CEM-, a finais dese mesmo ano. A partir de entón, foi esta quen asumiu todo o protagonismo público en detrimento do GMS.

Polo tanto, este traballo académico procurará analizar cales foron os factores que contribuíron a incrementar a tensión que, como se dixo, é estrutural, entre o mandato representativo que

ostentaban as seis concelleiras e concelleiros do GMS, e a disciplina de partido. Tamén cales foron os elementos que levaron á dirección do PSdeG a expulsar só a catro dos seus seis edís que, en bloque, desobedeceran as directrices do partido. Sobre isto, será determinante o proceso xudicial en marcha no momento de elaboración deste traballo, no que as catro concelleiras expulsadas do PSdeG teñen recorrido á xustiza ordinaria para impugnar a decisión de expulsión do partido.

Polo tanto, este traballo examinará, desde unha óptica local, as implicacións que ten para a representación política, a disciplina de partido pero, máis aínda, a adopción de medidas expeditivas como foi o caso. Trátase dun traballo académico novidoso ao adoptar o enfoque local -un ámbito menos estudado na ciencia política-, para analizar as tensións que se dan entre os partidos e a representación institucional: entre os cargos do partido e os cargos electos. De feito, a literatura académica que se emprega para realizar este estudo apenas atopa referencias explícitas sobre as implicacións deste debate no ámbito municipal.

Así que, con este enfoque, afondarase tamén na análise interna do funcionamento orgánico dos partidos e, en específico, do PSdeG de Santiago de Compostela, procurando definir as estruturas de poder preexistentes na formación e establecendo as bases de como operaban e/ou deberan operar, segundo a teoría política, as relacións entre líderes do partido e representantes institucionais. Ao tempo se discutirá se esta decisión é lexítima en termos de estrataxema política ou supón unha volta ao mandato imperativo, onde a partitocracia nos leva a un control máximo do partido sobre os seus representantes institucionais, que en realidade, o son -tamén- da cidadanía.

Todo isto tendo en conta que a prohibición do mandato imperativo, nos termos recollidos no artigo 67.2 da Constitución Española non é aplicable aos concelleiros e concelleiras das Corporacións Municipais; pero que a doutrina sentada polo Tribunal Constitucional, o dereito á participación nos asuntos públicos recoñecido no artigo 23.2 da CE[3] ou mesmo a indelegabilidade do voto que recolle o artigo 46.1 da LRBRL, supoñen na práctica unha blindaxe ao precepto clásico de mandato libre, non vinculado, xeral, político e non sometido a revogación, semellándose moito a unha prohibición *de facto* do mandato imperativo.

[3] Aínda que se volverá sobre esta cuestión, indicar que o mandato representativo, de concelleiras e concelleiros, ao igual que o de Parlamentarios ou Senadores, se conecta “directamente” con este dereito fundamental de participación da cidadanía nos asuntos públicos a través de representantes (Ortega Santiago, C. 2005, p. 312)

2. OBXECTIVOS

O obxectivo do traballo será facer unha revisión teórica da evolución contemporánea da representación política e do papel, cada vez maior, que presentan os partidos políticos "intermediarios da representación" (García Guitián, E. 2003) xerando unha sorte de estrutura política dual conformada por partidos e Parlamento -neste caso o concello, aplicando a teoría ás entidades locais- que operan en continua e mutua referencia (Manzella, 1977, citado en Torres del Moral, A. 1982).

Analizarase o que Duverger viu a describir como o paso dunha concepción individualista da representación a unha comunitaria, poñendo o foco en como esa transición derivou, en moitos dos casos, na preeminencia dos partidos sobre os órganos institucionais, xurdindo unha forma de mandato imperativo dos partidos sobre os representantes institucionais en forma de mandato partidario. Tamén as implicacións que, en termos xurídicos, puidera ter esta cuestión.

Neste caso concreto, estudaranse as consecuencias que a decisión política do PSdeG de Santiago de Compostela ten nesta lóxica de preponderancia do mandato de partido fronte a vontade dos representantes institucionais -do partido ou da cidadanía, en función da perspectiva pola que se opte-. Procurarase abordar a capacidade e lexitimidade que ten o PSdeG á hora de esixir a dimisión dos concelleiros e, sobre todo, as implicacións que isto ten no marco dunha crise da representación partidista e os déficits democráticos que posiblemente haxa presentes dentro da formación.

Isto supón realizar unha análise do propio funcionamento do PSdeG en Santiago de Compostela, servindo de guía os traballos de Duverger e, sobre todo, no relativo ás relacións entre representantes institucionais e partido, nesa lóxica que denominou como "oligarquía externa" (1951, p.211).

Polo tanto, o obxectivo xeral do Traballo de Fin de Grao é:

- Analizar a crise política do PSdeG de Santiago de Compostela, desde unha perspectiva descritiva e normativa, a partir da teoría política, aportando unha visión local ao debate arredor da tensión entre o mandato representativo e a disciplina de partido.

A partir deste, xorden outros específicos:

- Estudar os mecanismos disciplinarios que empregou a dirección local e federal ante a desobediencia do Grupo Municipal Socialista de Santiago de Compostela.

- Analizar os argumentos esgrimidos desde o Grupo Municipal Socialista para romper a disciplina de partido.

- Investigar os factores institucionais e políticos que explican o xurdimento e ampliación do conflito interno entre partido e grupo municipal.

- Avaliar as consecuencias que ambas decisións -desobediencia do GMS e expulsións do partido- tiveron sobre a percepción de lexitimidade do PSdeG en Santiago de Compostela.

3. PREGUNTAS DE INVESTIGACIÓN E HIPÓTESES DE TRABALLO

Para a abordaxe das cuestións antes anunciadas, formúlanse as seguintes preguntas de investigación, centradas no debate arredor do mandato representativo, o mandato parlamentario e o mandato de partido, a partir da situación vivida no PSdeG de Santiago de Compostela.

Deste xeito, as preguntas orientaranse a aportar un enfoque novidoso a este debate teórico-político desde unha perspectiva local.

1) Como se evidenciou a disciplina de partido no PSdeG municipal de Santiago de Compostela durante o conflito coas concelleiras críticas?

   Pregunta específica: En que medida as concelleiras expulsadas invocaron o mandato representativo para xustificar o seu voto sobre a ordenanza relativa ás vivendas de uso turístico?

2) É o caso da ruptura da disciplina de voto, pautada pola dirección local do PSdeG de Santiago de Compostela, un acto de coherencia ou de sublevación política?

   Pregunta específica: Que motivos levaron ao PSdeG a expulsar só a catro das seis concelleiras e concelleiros que compuñan o Grupo Municipal Socialista no Concello de Santiago?

3) A lóxica da representación colectiva que sustenta a fixación dos posicionamentos políticos por parte dos partidos está condicionada, no eido local, pola personalización da política característica da política municipal?

   Pregunta específica: Cales son as lóxicas de poder entre a Agrupación Municipal do PSdeG de Compostela e o Grupo Municipal Socialista no Concello de Santiago?

Presentados os obxectivos do traballo e as preguntas que servirán de base para a investigación, formúlanse agora dúas hipóteses que se procurarán comprobar ao remate deste, e que pretenden dar resposta ás preguntas antes propostas:

1) A disciplina de partido foi exercida de forma ríxida por parte do PSdeG de Santiago de Compostela, sen marxe de voto libre, nunha cuestión local polémica (VUT), provocando a ruptura coas concelleiras e concelleiros que apelaron ao mandato representativo.

2) A falta de mecanismos internos de diálogo efectivos e a estratexia de reforzar cargos afíns por parte da dirección local para forzar unha renovación do partido, necesaria trala derrota electoral do 2023, intensificaron o conflito e castigaron aos concelleiros e concelleiras que mantiveron a coherencia respecto ás decisións adoptadas dentro do Grupo Municipal.

4. MÉTODO

O deseño da investigación que se propón, parte de catro preguntas básicas que permiten estruturar o traballo, ao tempo que se establecen os límites ao obxecto de estudo.

- Que? Delimítase o obxecto de estudo á tensión entre o mandato representativo e o mandato de partido propio dos sistemas representativos contemporáneos propios do Estado de Partidos.
- Quen? Escóllese o caso da crise vivida no seo do PSdeG de Santiago de Compostela a raíz da quebra da disciplina de partido do seu Grupo Municipal en xuño do 2024.
- Onde? Defínense os límites temporais e espaciais do traballo. Evidentemente o espacial está circunscrito á cidade de Santiago de Compostela; e, no relativo ao temporal, márcase desde a derrota electoral do PSdeG no municipio (maio de 2023) ata a actualidade (xullo de 2025).
- Como? Será a pregunta a definir no presente apartado, o método co que se vai proceder a realizar esta análise.

O método que se empregará para o estudo do caso proposto é o da análise documental, partindo, en primeiro lugar, dun *corpus* teórico que permita valorar o estado da cuestión. Feito isto, a análise documental aséntase en catro puntos.

1) **Revisión sistemática de prensa local.** Revisaranse todas as informacións publicadas nos dous medios escritos de referencia a nivel local en Santiago de Compostela, *El Correo Gallego* e *La Voz de Galicia*, desde o día 3 de xuño de 2025, cando o goberno local anuncia a intención de aprobar a ordenanza que provocou a quebra da disciplina de partido -co obxectivo de analizar as reaccións iniciais de tódolos actores antes da votación plenaria- ata o 24 de xuño de 2025, un ano despois da votación.

   Ademais, co obxectivo de incluír unha visión plural á análise dos feitos, escolleuse tamén un medio de comunicación dixital, desta volta de carácter nacional, como é a edición galega de *eldiario.es*, por ser un dos únicos diarios dixitais, senón o único, que mantivo unha atención considerable ao caso das concelleiras expulsadas en Santiago de Compostela, fronte a tónica xeral doutros medios de comunicación dixitais, que se limitaron á difusión de notas de prensa das axencias informativas.

En suma, isto supuxo a revisión de 180 noticias publicadas dentro do período enunciado nos tres medios seleccionados, e que se adxuntan ao traballo (*Anexos 1, 2 e 3*).

Tamén, para comprender a situación previa de funcionamento do GMS, farase unha revisión doutras informacións publicadas en diferentes medios de comunicación, locais e nacionais, previas ao inicio da crise política.

2) **Análise das declaracións públicas e comunicacións oficiais dos actores implicados**. Ademais da revisión sistemática da prensa local, na que se expón certamente os discursos e argumentos esgrimidos polos actores en cuestión, empregaranse tamén de soporte documental para o traballo:
   - Comunicados feitos públicos por ambos actores: *Anexos 7, 8, 9, 10, 11, 12, 14 e 15.*
   - Comunicados emitidos polas dúas asociacións de axentes implicados na regulación das vivendas de uso turístico, a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia -AVITURGA- e a Plataforma para a Regulación de Vivendas Turísticas -PREVITURGA-: *Anexos 5 e 6*.
   - Carta aberta da cidadanía en apoio ás catro concelleiras expulsadas do PSdeG de Santiago de Compostela: *Anexo 13*.

3) **Estudo do contexto electoral e político local.** Empregando, para isto, a evolución do comportamento electoral segundo a enquisa realizada por *Sondaxe* para *La Voz de Galicia*.

4) **Entrevistas semiestruturadas.** A entrevista foi a técnica que se empregou para obter a información que permitira entender as lóxicas de poder preexistentes na Agrupación Municipal do PSdeG de Compostela e o Grupo Municipal Socialista.

   Para isto, a selección das entrevistas procurou evitar os axentes directamente implicados -GMS e CEM actuais-, e preferiuse seleccionar aos dous cargos máis relevantes da CEM inmediatamente anterior, isto é: ao que era Secretario Xeral, Xosé A. Sánchez Bugallo; e a Secretaria de Organización, Carmen Fernández Morante.

   En ambos casos, o modelo de formulario foi o mesmo (*Anexo 17*), centrado en descifrar como era o funcionamento habitual do PSdeG no Concello e evitando os xuízos de valor por parte de ambos entrevistados.

Para a análise dos datos, ao optar por unha metodoloxía cualitativa, procurouse sentar as bases para a elaboración dun relato analítico que describira e permitise interpretar de maneira coherente a crise política vivida en Santiago de Compostela, desde tres puntos diferentes: o da disciplina teórica, achegando a visión deste caso ao debate xeral sobre a tensión entre o mandato representativo e o mandato de partido; o da cidade, describindo os efectos que isto puido ter no mesmo municipio en termos de desafección política ou comportamento electoral; e o do partido político, analizando as lóxicas de funcionamento coas que este operou e opera no Concello.

5. MARCO TEÓRICO

5.1. A DEMOCRACIA REPRESENTATIVA COMO SISTEMA

Falar de democracia representativa implica necesariamente falar de democracia indirecta, e fronte a idea máis ou menos estendida de que o goberno directo por parte da mesma cidadanía gobernada puidera ser máis beneficioso, en tanto que os intereses individuais non terían que pasar pola mediación dun representante, hai unha longa escola académica que entende que este modelo de democracia, a representativa, que non é unicamente unha atenuación da directa, senón un correctivo. O propio Giovanni Sartori defende a vantaxe desta situación, en tanto que permite "escapar de las radicalizaciones elementales de los procesos directos" e, ademais, a participación deixa de ser unha condición necesaria para a substistencia do modelo (2005, p.36).

Fronte esta idea da democracia representativa como un correctivo, tamén xurde a perspectiva contraposta, da democracia representativa como condicionamento (Morlok, M. 2019, p.375). É dicir, xa non se trata de que os representantes exerzan de contrapoder fronte as pretensións individualistas dos membros da sociedade á que representan dentro do poder político, senón que os representados condicionan as adopción das decisións políticas por parte destes representantes.

Martin Morlok emprega precisamente ese termo do 'condicionamento', adoptando un enfoque realista do funcionamento das institucións políticas, entendendo que existen unhas marxes de actuación que "permanecen en el sistema político a pesar de las directrices democráticas" e que, nese contexto, emerxen os partidos políticos como "órganos especializados para el aprovechamiento de las estructuras democráticas institucionalizadas de condicionamiento", sobre todo das eleccións e dos parlamentos (2019, p.376). Unhas institucións, os partidos políticos, que non formaban parte da concepción inicial do goberno representativo liberal.

Os partidos políticos organizados, de feito, eran considerados como unha ameaza contra o sistema representativo por parte dos seus fundadores, e non é ata a segunda metade do século XIX cando se comezou a entender a "articulación" da expresión do electorado polos partidos políticos como un "elemento constitutivo" do goberno representativo (Manin, B. 2025, pp. 298-299). Seguramente teña moito que ver cunha idea de soberanía que recaía na Nación,

entendéndoa como o conxunto de cidadáns con dereitos políticos que nomeaba a uns representantes que exercían o poder político no nome da comunidade, non de estamentos ou fraccións. A concepción da representación política se materializou no comezo da Idade Contemporánea e as Revolucións Liberais do século XVIII, transicionando dunha representación estamental propia da Idade Media a unha representación nacional (Alonso García, M.N. 2018) de xeito que o rexeitamente ao mandato imperativo, convidaba, en parte, a repudiar calquera fórmula que implicara unha división entre cidadanía e representantes aos que esta lle outorgaba a súa confianza (*trust*) para exercer o goberno.

Non só iso, partindo da definición de representación que aporta José Pedro Galvâo de Sousa, entendida como un "ligamen" entre sociedade e poder (1971, p. 41), a vontade nacional é resultado mesmo da expresión destes representantes. Isto é, a representación, non supón, ou non só, a delegación nas institucións para interpretar os votos ou aspiracións da Nación, senón que ten por fin "autorizar a estos órganos a decir lo que quiere la Nación, esto es, a ser su voluntad y su voz" (1971, p.62)

Polo tanto, neste sistema, os representantes, como precisan algúns autores, non son representantes *do* Estado, é dicir, titulares dun poder público, senón representantes "institucionalizados" *da* cidadanía *no* Estado (Caamaño, F. 1992, p. 126). De xeito que a representación convértese na institución que permite á sociedade -ou á Nación en termos de Estado-, "identificarse políticamente a sí misma y tener influencia en la dirección política del país" (Urbinati, N. 2017, p. 63).

A representación política serve, baixo esta definición, para organizar o goberno representativo "como forma política al servicio de la libertad frente a lso gobiernos despóticos" (Ortega Santiago, C. 2005, p. 32), converténdose -a representación- nun elemento inherente ao poder e que xurde da "articulación da sociedade" (Galvâo de Sousa, J.P. 1971, p. 39).

Este concepto da articulación foi amplamente abordado por Voegelin, quen identificou a representación constitucional-parlamentaria como representación elemental. O filósofo alemán, apoiándose precisamente na articulación da sociedade, fala doutro tipo de representación, a existencial, que precisa dunha organización interna para que, apoiándose nesa unificación, poida aparecer un único representante[4].

[4] Bruno Vendramin (2016) fai unha revisión das teorías sobre a representación política que debullaron Eric Voegelin e Hans Kelsen. Precisamente, en contra da tese da representación existencial do filósofo

Se volvemos á cuestión da democracia directa en contraposición á democracia representativa -entendida como indirecta-, o certo é que esta dicotomía estaba nas orixes da teoría do goberno representativo: hoxe asimílase goberno representativo co concepto da democracia, pero certo é que a primeira nace enfrontada coa concepción clásica desta, transitando da figura da cidadanía activa "participando directamente" nos asuntos públicos á figura do representante que substituiría a aquel, "tanto en la integración de los órganos de gobierno como al momento de optar en torno a los asuntos de interés general" (Casas, E. 2009, p. 61)

De feito, tal é o nivel de estandarización da representación política como sistema na actualidade, que hai autores que entenden a existencia de cargos públicos electos como institución necesaria nunha democracia a gran escala (Dahl, R.A. 2012, p. 99), elevando estes a categoría de institución, de xeito que se produce unha asimilación de facto dos termos democracia con sistema representativo: "los gobiernos democráticos modernos a gran escala son, así, representativos" (Dahl, R.A. 2012, p. 100).

5.1.1. Do mandato imperativo ao mandato representativo

A asimilación dos termos democracia e parlamentarismo -ou sistema representativo- non foi sempre compartida, nin o alcanza a ser agora, polos teóricos da ciencia política. Por exemplo, Schmitt e Kelsen advirten desta diferencia entre ambos sistemas, toda vez que sempre poderá existir un modelo parlamentario carente dos máis básicos principios democráticos. Precisamente a propia institucionalización liberal e o sufraxio censitario veñen a confirmar esta tese: existía un parlamento, pero non como goberno do conxunto da sociedade, nin como resultado dunha elección a través do sufraxio universal e igual (Sanz Moreno, J.A. 2013, p. 115).

Remitámonos brevemente ás orixes da democracia, que segundo sinala Robert A. Dahl data dos gobernos populares, fundamentados na idea da democracia directa e non representativa, das Grecia e Roma clásicas arredor do ano 500 a.C. (2012, pp. 13-21). De feito o mesmo termo *democracia* parte, segundo o consenso académico, dos atenienses, froito da converxencia das palabras *demos* e *kratos*: pobo e goberno.

---

alemán, Kelsen defende a fórmula do parlamentarismo como a única eficaz de permitir a representación política.

O goberno popular comezou a reaparecer moito tempo despois en moitas cidades do norte de Italia, arredor do 1.100 d.C., e nace nos albores da Idade Moderna para limitar -ou condicionar- o poder absoluto do soberano (Rodríguez Díaz, Á. 1987, p. 140), pero limitar o poder político e exercer a soberanía popular son dúas cousas distintas que nos remiten á distinción entre *representación* e *goberno*.

Esta distinción que presenta a doutrina da soberanía popular, era descoñecida para os gregos, onde a titularidade e o exercicio do poder eran a mesma cousa. Agora, nun contexto de dominio despótico, emerxe a soberanía popular cun dobre obxectivo: lexitimar o poder e limitalo (Sartori, G. 2005, p. 38)[5]. Deste xeito, na sociedade estamental da Idade Media, a representación nas asembleas, que aparecen baixo distintos nomes e atribucións entre o século XII e XIV, como órganos representativos da sociedade *fronte* o poder, busca influír positivamente nas decisións políticas en forma de institucións consultivas onde o monarca era quen realmente tiña o poder de decisión (Galvâo de Sousa, J.P. 1971, p.61).

É neste contexto onde emerxe, polo tanto, a representación, mais faino nunha fórmula propia do dereito privado, fundada nun contrato de mandato vinculante e limitado do representante e o representado: en forma de mandato imperativo, que non representativo, e que se fundamentaba na estrutura estamental da sociedade da época.

Así, nesta fórmula primoxénita de parlamentarismo 'consultivo', o parlamentario actúa unicamente "en nombre de los electores que le eligen y dentro del ámbito temporal y material que el mandato confería" (Ruiz-Navarro, J.L. 2018, p. 435). Isto implicaba incluso que o propio representante podería verse na obriga de reparar os prexuízos causados por algún exceso na súa facultade representativa a través dos seus propios bens e mediante a revogación do seu mandato.

Hai autores que entenden que a posibilidade de revogación da condición de representante que permitía o mandato imperativo remite a unha idea de "timocracia" en tanto que o sistema estaba construído a partir de "estratificaciones determinadas por la propiedad material, donde la riqueza de una persona determinaba el alcance político de su influencia" (Casas, E. 2009, p. 61). A crítica á existencia dunhas elites gobernantes como réplica institucionalizada dunha

[5] A este respecto, engade Elena García Guitián que estas primeiras asembleas non tiñan o mesmo "carácter" e habería que distinguir entre os concilios e cortes parlamentarias, co único propósito de aclamar decisións xa adoptadas polo poder ou "dar solemnidad a ciertos actos"; e os parlamentos, nos que si se permitiría unha certa deliberación entre os representantes electos e suxeitos a mandato imperativo (2003, p. 388)

sociedade dividida en estamentos, remite a unha idea dunha oligarquía dominante que copaba os órganos de representación *fronte* o poder[6], de xeito que non se podería falar neste momento de participación popular na súa constitución.

Polo tanto, partimos dunha estrutura dos Parlamentos Medievais caracterizada polo seu carácter estamental e asentada nunha representación propia do dereito privado onde o representante operaba só en nome de quen o designaba, sendo limitado o seu mandato polos denominados *cahier d'instructions* en Francia[7], que delimitaban as marxes dentro das que o representante podía exercer o seu mandato (Fernández Segado, F. 1994, p. 37). É dicir, tratábase dun verdadeiro representante, un mandatario, que debía a súa actuación ás instrucións recibidas polos seus comitentes e que figuraban por escrito nun caderno de mandato (Punset, R. 1992: 122).

No contexto das Revolucións Liberais comeza a desdebuxarse ese caderno de mandato para dar paso a unha nova forma de representación política: dáse unha transición entre a representación orgánica -ligada á organización estamental da sociedade- típica do Antigo Réxime; a unha representación moderna, na que os representantes políticos xa non representan a un sector ou estamento, senón á sociedade no seu conxunto (Lifante Vidal, I. 2020, p. 62). Esta transición entre modelos vai acontecer en primeiro termo en Inglaterra e Francia: no primeiro caso, lembra Francisco Fernández Segado que a idea de que todo inglés está representado no Parlamento xa fora expresada por Sir Thomas Smith no reinado de Isabel I en *De República Anglorum* (1994, p. 38) e xorde como "consecuencia lógica del desarrollo de la democracia representativa y como resultado de las disfuncionalidades que para la misma tenía el mandato imperativo" (1994, p. 39).

Dáse así unha transición entre o que Galvâo de Sousa veu a denominar o sistema representativo tradicional ao goberno representativo moderno (1971:137). Isto é, pártese dun sistema onde o representante é un mandatario dunha categoría social establecéndose un mandato imperativo e cunha función predominantemente consultiva; cara un modelo de representación no que cada deputado -estamos ante o modelo do parlamentarismo, que ben

[6] En Roma o dereito a participar no goberno da república estaba restrinxido nos seus inicios aos patricios e aristócratas, aínda que posteriormente, froito da loita da *pleb*, estes conseguiron a súa integración no sistema (Dahl, R.A. 2012, p. 16)

[7] Esta forma de mandato tivo tamén vixencia en España durante as Cortes estamentais, previas á revolución liberal, aínda que, como sinalan Óscar Alzaga e Ignacio Álvarez Rodríguez, tería a súa volta a través do Estatuto Real de 1834, no que os procuradores do Reino debían obrar "con sujeción a los poderes que se les hayan expedido al tiempo de su nombramiento" (2021, pp. 396-397)

podería ter a súa equiparación a unha Corporación Municipal como máis adiante veremos-, é representante de toda a Nación[8], á que representa suxeito ao seu xuízo e conciencia e, polo tanto, ostentando un mandato representativo amplo e libre.

No caso de Francia, o establecemento da democracia representativa involúcrase nas loitas e tensións co Antigo Réxime, e atopará en Emmanuel-Joseph Sieyès un dos seus maiores defensores. A súa extensa aportación teórica ao debate da representación política foi obxecto de estudo por parte do profesor Ramón Maiz que cualifica o mandato representativo de Sieyès "tan peculiar como insólito" (1991, p. 80). Na súa concepción do mandato representativo Sieyès avoga evidentemente pola exclusión do mandato imperativo, entendendo que a súa persistencia "imposibilitaría a decisión común e os acordos" pero, asemade, exclúe tamén a posibilidade dunha independencia absoluta do representante, incorporando a posibilidade de revogación.

A posición de Sieyès, segundo explica o profesor Maiz, dista do que se rematou por instaurar na Constitución de 1791, de onde pasaría ao dereito constitucional occidental, e que recoñece a autonomía absoluta do representante fronte os representados. No modelo do académico francés, a posibilidade de revogación atopa fundamento na súa idea de edificio administrativo[9], de xeito que se limita ao máximo o período de mandato parlamentario, a súa revogación por terzos anual e a posibilidade permanente de facerse efectiva a perda de confianza polas Asembleas primarias, no caso de quebrarse a confianza -*trust*- da cidadanía, a través dunha maioría reforzada dos tres cuartos da Asemblea electiva correspondente (Maiz, R. 1991: 80).

[8] A extensión da base electoral do Parlamento, coa ampliación das capacidades de sufraxio no proceso de elección, foi un dos argumentos que os teóricos partidarios do mandato representativo empregaron ao entender que isto daría lugar a un corpo máis "auténticamente representativo" que debía servir, polo feito de selo, a uns fins democráticos (Dahl, R.A. 2012, p. 122).

[9] A idea do edificio representativo de Sieyès remítenos a un entramado estrutural do poder político por niveis ou capas, sendo a primeira a Nación, que se organiza en Asembleas Primarias -grupos de cidadáns organizados-, que elixen aos Electores e que, estes, ao mesmo tempo, serán os que deleguen nos Representantes.

5.1.2. Antecedentes do mandato representativo: Reino Unido e Francia

Se Sieyès foi un dos grandes referentes na defensa do mandato representativo en Francia, o mesmo o foi Edmund Burke no contexto inglés. No seu celebérrimo discurso aos electores de Bristol, pronunciado en 1774, rexeitaba de xeito taxativo a existencia de instrucións imperativas sobre os deputados, criticando que estas eran "cosas totalmente desconocidas en las leyes del país y surgen de una interpretación fundamentalmente equivocada de todo el orden y temor de nuestra constitución".

Burke, que se ten erixido como un dos pensadores clásicos do réxime representativo moderno, apelaba ao xuízo e conciencia dos propios deputados como única vía de acerto por parte dos representantes do pobo. Agora ben, isto debía estar supeditado, segundo o pensador, a unha estreita relación e comunicación "sen reservas" entre o representante e os seus electores.

Desde esta óptica aséntase a teoría inglesa do 'trust', fundamentada principalmente en que os cadernos de instrucións non podían prever todos os xiros das negociacións dos representantes da cidadanía, ao tempo que non semellaba operativo que estes últimos tiveran que reunirse constantemente cos seus representados para que lles fixeran chegar as súas instrucións (Torres del Moral, A. 1982, p. 9). Polo tanto, son as disfuncionalidades que, para a vida parlamentaria, carrexaban os cadernos de instrucións -que, co desenvolvemento do propio sistema, fóronse redactando en termos cada vez máis amplos-, as que impulsan a transición entre o mandato imperativo e mandato representativo (Algaza Vilaamil, Ó. e Álvarez Rodríguez, I. 2021, p. 397).

Emerxe así confianza suprema como vía operativa para resolver as deficiencias do mandato imperativo, de forma que as eleccións deixan de ser concibidas como un trámite impositivo, no que o pobo reflexaba a súa vontade, para converterse nunha fórmula que permitira limitar ou frear aos *trustees*, isto é, os depositarios do poder.

A teoría inglesa da confianza, aséntase así na substitución do principio de soberanía do monarca pola soberanía de parlamento que comeza a ser un órgano de dirección política que se orientará ao interese xeral, seguindo as teses de J. Locke.

Polo tanto, é aquí, a partir do século XVII cando Comúns e a Cámara dos Lores asentan os alicerces dos sistemas constitucionais (Sartori, G. 2005, p. 216). De feito, o mesmo Sartori

indica que ata este momento, ata a Gloriosa Revolución inglesa, a declaración de independencia dos Estados Unidos[10] e a Revolución francesa, a institución da representación non estaba asociada co poder político, entendido este como acción de goberno: ata entón só eran canles intermediarias sen carácter vinculante.

Ábrese así a "segunda fase" do goberno representativo (Galvâo de Sousa, J.P. 1971), de xeito que xa non se trata só dunha participación do pobo no poder, senón, e cada vez máis, dun goberno do pobo polos seus representantes. Se isto o seguimos analizando no contexto inglés, o punto crucial deste proceso está marcado polo principio do *king in Parliament*, o Rei no Parlamento: o poder executivo, a pesar de seguir en mans do soberano, atópase estreitamente limitado por determinados supostos que requiren da votación nas cámaras de representantes como impostos ou leis. Deste xeito, o Estado é, 'o Rei no Parlamento', "lo que equivale a decir que el Parlamento ya es parte del Estado" (Sartori, G. 2005, p. 216).

Retomando agora o estudo da concepción do mandato representativo na Francia revolucionaria, non son tanto as disfuncionalidades do sistema imperativo como a idea da soberanía nacional o que impulsa a nova noción da representación política (Algaza Vilaamil Ó. e Álvarez Rodríguez, I. 2021, p. 397). Precisamente, se volvemos sobre a figura de Sieyès, é na súa obra *Qu'est-ce le Tiers état?* publicada en 1970 onde se formula este concepto do mandato representativo, onde a soberanía non reside nos electores individuais que compoñen unha colectividade que debería ser representada, senón sobre a Nación no seu conxunto (Ruiz-Navarro, J.L. 2018, p. 436).

Os elementos centrais que integran o concepto do *gouvernement représentatif* para os clásicos da Teoría do Estado Francesa son tres: que a Asemblea dos Deputados expresa a vontade da Nación no seu conxunto; que nesa Asemblea, cada deputado representa á mesma Nación enteira e non a unha sección ou parte que o elixiu mediante sufraxio como representante; e que, precisamente por representar ao conxunto do pobo e non a unha parte, o representante actúa con independencia (Maiz, R. 1991, p.76).

Este é o modelo de representación contemporáneo, que opera na actualidade cunha coherencia bastante estrica -aínda coas alteracións introducidas polos partidos políticos no modelo de democracia de masas que despois se detallarán-, e que viu a subscribir

[10] Ao non ser obxecto deste traballo o estudo das diferentes fórmulas de goberno representativo, non se afondará máis no caso dos Estados Unidos, non sen engadir que, neste caso, a representación política transitou a través do sistema presidencialista, dependendo no contexto americano tanto o Lexislativo como o Executivo da elección popular (Galvâo de Sousa, J.P. 1971, p. 45)

inicialmente a Constitución francesa de 1791[11], converténdose nunha referencia para o constitucionalismo liberal europeo do século XIX. Un constituínte que atribúe a soberanía á Nación que, "como ente impersonal, carece de existencia y de voluntad propia, por lo que sólo puede actuar a través de representantes" (Ortega Santiago, C. 2005, p. 33).

En Francia é certo que xa *Enciclopedia*, publicada entre 1751 e 1765, recollía unha idea semellante de representantes, referíndose aos "representantes de una Nación" que son escollidos pola sociedade para falar no seu nome (Fernández Segado, F. 1994, p. 40). Porén, non é absolutamente coincidente a concepción de representación que recolle o constituínte de 1791 coa dos teóricos da representación política coetáneos e, particularmente, coa de Sieyès. Isto débese a que a soberanía nacional, nos termos de Sieyès, implica que na elección dos seus representantes, os cidadáns non renuncian aos seus dereitos, senón que delegan de xeito temporal o seu exercicio aos representantes. É dicir, a representación non implica, en ningún caso, a renuncia ou a perda de soberanía por parte do pobo, senón a delegación para o seu exercicio, de aí que defendera a posibilidade de revocar aos representantes, como xa se ten explicado, por parte dos electores, se os primeiros faltaban á confianza dos segundos, como xa se ten explicado[12].

A idea da soberanía inalienable de Rousseau, pola contra, lévao a ser un absoluto detractor do goberno representativo, toda vez que o soberano -a Nación-, por ser colectivo "no puede ser representado más que por sí mismo", porque o poder "puede ser transferido pero no la voluntad" (2012, p. 31). As teses do pensador francés, expresadas na súa obra *El Contrato Social*, lévano a concluír que a soberanía non pode ser representada pola mesma razón que non pode ser alleada, de xeito que os deputados non poderían ser representantes, senón só os comisarios do pobo.

Rousseau emprega como exemplo o parlamentarismo británico á hora de cuestionar o modelo de representación parlamentaria. Di textualmente que o pobo inglés "cree ser libre, pero se equivoca; sólo lo es durante la elección de los miembros del Parlamento; una vez elegidos,

[11] A primeira oposición á subordinación dos representantes aos *cahiers d'instructions* en Francia é previa, a través da Ordenanza de 24 de xaneiro de 1789, na que se anulaban as limitacións que pesaban sobre os representantes, e que culminaría na Lei de 22 de decembro de 1789, na que se rexeitan definitivamente as instrucións (Fernández Segado, F. 1994, p.42).

[12] Sieyès tamén era contrario ao recoñecemento do Rei como colexislador que propuña o Comité de Constitución, próximo ao modelo inglés do 'Rei no Parlamento'. Así, opúñase á institucionalización do veto, absoluto e suspensivo, que recolleu finalmente a Constitución de 1791 (Maiz, R. 1991, p.75)

se convierte en esclavo, no es nada" (2012, p.113). Deste xeito, para Rousseau, no instante no que o pobo elixe representantes "ya no es libre; ya no existe" (212, p. 115).

Rousseau e Sieyès representan así as dúas vertentes do debate arredor da representación que se deron na Francia revolucionaria: o primeiro defendendo a idea do *contrato social* e avogando por un modelo de democracia directa no que o pobo é quen define as leis a través da participación activa, toda vez que a soberanía é inalienable e indivisible; e o segundo, defendendo o goberno representativo, como a realización da "auténtica" liberdade dos modernos (Maiz, R. 1991, pp. 71-72) , amosándose abertamente en contra da participación directa da cidadanía -por tratarse dunha forma 'bruta' de goberno sen elaborar.

5.1.3. A relación representativa: concepto, teoría e dimensións

Como xa se ten explicado, a formulación doutrinal e constitucional do mandato representativo, contraposto co mandato imperativo, é obra da Revolución francesa e nace vencellado á teoría da soberanía nacional (Punset, R. 1992). É dicir, a soberanía non corresponde a unha concepción individualizada desta, senón á Nación mesma, e nese contexto a vontade nacional non é unha expresión doutra preexistente, senón que a vontade do Estado é vontade do pobo porque "elaborada democráticamente por el Estado, se atribuye al pueblo" (González Encinar, J.J. 1992, pp. 21-22).

Así a prohibición do mandato imperativo é unha conclusión inevitable de esta concepción, xa que o representante non pode recibir instrucións directas do seu electorado, porque non os representa: "el elector se limita a ejercer una función pública de designación. El diputado representa a la Nación en su conjunto, no a sus electores" (Punset, R. 1992, p. 124). E, desta lóxica conclúese tamén que a relación representativa normalmente non se estable individualmente, isto é, entre un membro do Parlamento e os seus votantes, senón entre o Parlamento como un todo e os representados (Lifante Vidal, I. 2020, p. 80)[13].

[13] Montesquieu (2024), outro dos grandes expoñentes da teoría francesa da representación, xustificaba a prohibición do mandato imperativo -e, en consecuencia, a vixencia do mandato representativo- fundamentándose na capacidade que teñen os representantes -e non os representados- para discutir os asuntos públicos. Deste xeito, afirma que, como a maioría da cidadanía, que reúne características bastantes para elixir pero non para ser elixidos, "el pueblo está capacitado para tomar cuentas de la gestión de otros pero no para administrar por si mismo" (p. 96)

Esta idea da vontade nacional levada as súas últimas consecuencias, podería ser a base sobre a que se asenta a Teoría alemá do órgano. Fundada por Otto Von Gierque e representada polo xurista Jellinek, desenvólvese a finais do século XIX, e parte da premisa de que as persoas colectivas non teñen a posibilidade de expresar a súa vontade, polo que é necesario que unha ou dúas persoas naturais o fagan por elas. Esta teoría nega a existencia dunha dualidade entre representante e representado, xa que interpreta a existencia dunha única vontade, na que os deputados representan á nación entendida na súa totalidade: "el diputado es representante del Estado, órgano suyo", polo que o Estado representativo non sería tanto un sistema de representación en sentido literal, senón un "sistema de organización" da vontade nacional (Torres del Moral, A. 1982, pp. 10-11).

Moi relacionada con esta concepción da vontade nacional única atópase a teoría da unidade política ideal do pobo, xa exposta sucintamente nos postulados de Rousseau: o pobo aquí non podería ser representado na súa unidade natural pero, e así o expón tamén Carl Schmitt, si na súa unidade política, como "existencia espiritual superior" (Torres del Moral, A. 1982, p. 11). Iso sería precisamente o Estado, polo que os representantes pasarían selo propiamente deste.

Sobre esta cuestión, Carlos Ortega Santiago entende a representación política como unha "situación necesaria" para que o pobo poida ser concibido como un suxeito idóneo da soberanía pero, engade, "la representación democrática precisa también de una dimensión relacional" (2005, pp. 35-36) e, deste xeito, entende que o proceso de representación ten por finalidade reducir a complexidade presente na sociedade para convertela nesa unidade de acción a través das institucións.

Neste caldo de cultivo, o da dimensión relacional da representación, emerxen as teorías contemporáneas de representación de Hannah Pitkin. Considera a representación como un fenómeno de carácter multidimensional que inclúe, como mínimo, catro dimensións (Alonso García, M.N. 2018, p. 6):

- A representación como acto de autorización e responsabilidade, que se refire á dimensión formal da representación, e que supón tamén a obriga, por parte do representante, de render contas fronte aos representados.
- A representación como correspondencia, descrición ou reflexo, entendida como a procura do maior reflexo dos representados a través dos representantes.
- A representación como identificación simbólica, referida á existencia dunha relación emocional entre representante e representado.

- A representación como relación substantiva de actuar “por outros” (Pitkin, 1985, p. 235).

Ante esta conceptualización da representación, Hannah Pitkin precisa, en *El concepto de la representación*, que o representante moderno actúa dentro dunha “red de presiones, demandas y obligaciones”, que se enfronta á dificultade de interpretar os intereses do electorado -que non é un principal, senón un conxunto de individuos-; e ao tempo, por ser un político profesional, é membro tamén dun partido político “que quiere conseguir ser reelegido” e membro dun lexislativo xunto a outros representantes, algo que redefine a representación como relación substantiva, toda vez que o representante “debe ser sensible a su partido político y ante diversos grupos e intereses públicos y privados” (1985, pp. 243-246).

Nesta última consideración de Pitkin, atopamos un dilema que determina, en boa medida, a análise que se propón neste traballo, que é o equilibrio necesario entre as forzas que condicionan a acción representativa: partido e cidadanía. Unha tensión que podería interpretarse como unha tríada, se consideramos tamén as aportacións teóricas de Martin Morlok -expostas anteriormente-, quen sinalaba a existencia dunhas marxes de actuación que pertencen ao propio sistema político. Así, a acción representativa estaría condicionada polo partido, que reclama protagonismo como axente intermediario da relación representativa da cidadanía, e con especial determinación no proceso electoral[14]; a cidadanía, que establece un control lóxico sobre a relación representativa, toda vez que nela reside a soberanía; e a propia administración, que pode ser entendida desde o punto de vista legal, atendendo ás regras electorais que condicionan o resultado, así como desde o punto de vista burocrático, que condicionará a acción do representante no poder.

Isto vén a afondar nos deberes vinculados ao desempeño do rol do representante, algo de interese para aqueles teóricos que consideran a representación política como unha

[14] Non só iso, Giovanni Sartori (2005), cando aborda o rol actual dos parlamentarios e dos mesmos parlamentos, no contexto da democracia representativa coa presenza de partidos, identifica tres posibles: os hai que desexarían gobernar, os que compiten co goberno, os que gobernan “a medias” ou os que desgobernan (p. 217).

Identificándose claramente o segundo e o cuarto rol aos parlamentarios ‘da oposición’, aqueles que comparten as siglas do goberno quedaríanlle os dous restantes: aqueles que gobernan a medias -extensible a todos os demais membros tamén, porque a actividade lexislativa desenvólvese nas Asembleas- e os que desexarían gobernar, toda vez que sería *naif* pensar que non existen parlamentarios das mesmas filas que desexarían ocupar os postos de responsabilidade e proxección pública que ostentan os seus compañeiros ou compañeiras de partido.

representación fundamentalmente en sentido práctico (Lifante Vidal, I. 2020, p. 80) que implica para o representante a obriga de actuar en interese do representado.

Outra das respostas á teoría da representación é a formulada por Ana Mansbridge (2003, citada en Alonso García, M.N. 2018) que diferencia catro formas de representación nas democracias modernas:

- Promisoria, que sería a representación máis clásica na que se avalían aos representantes en función das súas promesas[15].
- Anticipatoria, na que os representantes centran a súa acción política nas prioridades definidas polos electores e non tanto nas promesas iniciais de campaña.
- Xiroscópica, que conectaría coa idea de acción libre e suxeita á propia conciencia dos representantes.
- Subrogada, na que o representante asume a voz política de colectivos ou grupos que, inicialmente, non pertencerían ao seu *target* electoral.

En xeral, as formas de representación que debuxa Mansbridge parten dunha lóxica representativa estruturada polo voto e centradas na estratexia de actuación política do propio representante.

Porén, cómpre concluír este epígrafe describindo novamente o proceso de representación empregando a definición proposta por Nadia Urbinati (2017) nunha sorte de síntese do que aquí se procurou tratar, entendéndoo como un "proceso completo de filtrado, redefinición y mediación para la formación y expresión de la voluntad popular" que "ayuda a despersonalizar las demandas y opiniones, lo que permite que los ciudadanos las relacionen y las asocien, sin borrar el espíritu partisano, esencial para la competencia libre, y sin oscurecer la división mayoría/minoría" (p. 23). Se a isto, engadimos unha aproximación aos máis esenciais principios da súa conversión en mandato representativo, seguindo as ideas xurdidas nas Revolucións Gloriosas, identificamos catro (Casas, E. 2009): os representantes son nomeados por mandatos dun período de tempo regular, o proceso de toma de decisións destes implica certo grao de independencia respecto do electorado, ese mesmo electorado ten igualmente liberdade para expresar as súas opinións, e as decisións públicas sométense a un proceso de debate (2012, p. 62).

[15] Conecta coa idea do control retroactivo do voto sobre o que pon o foco M. Laura Eberhardt (2020) cando se refire á dobre función do mesmo: á idea de fiscalización da acción política do mesmo, unha vez rematado o seu mandato; e a inicial, de elección dos representantes mesmos (p. 65)

5.1.4. Transición da democracia parlamentaria á democracia representativa de partidos: da democracia liberal á de masas

As teorías arredor do mandato representativo que deron lugar ao Parlamentarismo no modelo da democracia liberal, fundamentáronse na idea duns representantes neutrais, libres e independentes que, "a través del discurrir racional del debate, llegaban a descubrir o revelar la voluntad soberana de la Nación, nacida adialécticamente por medio de un proceso público de convicción argumental" (Caamaño, F. 1992, p. 122-129). Un paradigma polo que, como teorizaba Burke ante os electores de Bristol (1774), o Parlamento non funcionaría como un congreso "de embajadores que defienden intereses distintos y hostiles" onde os representantes operan como axentes e avogados -fronte outros con intereses contrapostos-, senón que se trataría dunha asemblea "deliberante" de toda a Nación soberana, e cun único interese compartido por parte de todos os membros: o xeral, o da totalidade.

Esta concepción, cualificada como "mito" por algúns autores, (Cano Bueso, J. 2001) e "irreal" por outros (Caamaño, F. 1992), albergaba segundo estes mesmos, un Parlamento máis aristocrático que democrático, "iluminista en las formas pero sustancialmente clientelar en su esencia" (Caamaño, F. 1992, 130). Neste contexto, a irrupción das masas obreiras organizadas e a extensión do sufraxio a capas sociais que ata ese momento non tiñan dereito a voto, alterou o funcionamento do Parlamento, toda vez que esta técnica de representación, operativa para unha capa social homoxénea -aristocrática- que ocupaba os espazos de decisión política, viuse "distorsionada" ao integrarse neses espazos intereses contrapostos: unha disfuncionalidade que se resolveu ao postularse os partidos como "elementos sustantivos de la acción social y política" (Cano Bueso, J. 2001, p. 384).

Prodúcese neste contexto, coa irrupción das masas organizadas no escenario político, a transición da democracia liberal á democracia de masas (Galvâo de Sousa, J.P. 1971, p. 73), motivada, entre outros, pola implantación dos sistemas electorais proporcionais de listas que, progresivamente, foron substituíndo a vontade individual do parlamentario pola do grupo político ou partido co que concorreu ao proceso electoral, isto é, a substitución da vontade individual pola da fracción (Fernández Segado, F. 1994, p. 47) dando paso á democracia parlamentaria de partidos (Ruiz-Navarro, J.L. 2018, p. 437).

A transición, polo tanto, da democracia parlamentaria á representativa de partidos, é interpretada tamén como o paso dun sistema no que os parlamentarios defendían os intereses dos seus contribuíntes, aos actuais que son o Estado mesmo (Sartori, G. 2005, p. 217).

Neste sentido, Richard Katz e Peter Mair (2015) propoñen unha sorte de teoría da evolución dos partidos sustentada na relación entre partido, Estado e sociedade civil ao longo do século XIX e XX, que se divide en catro etapas que, asemade, se corresponden con catro modelos de partido (2015, pp. 27-42). A primeira identifícase co *partido de elite*, característico do século XIX, nun contexto de sufraxio censitario e onde os partidos se situaban na intersección entre a sociedade civil e o Estado, toda vez que estes non eran máis que comités dunha clase burguesa que procuraba a defensa dos seus privilexios. A segunda etapa dáse entre 1880 e 1960 coa aparición dos *partidos de masas*, onde a incorporación do sufraxio universal crea unha representación máis extensa en grupos homoxéneos que se identifican cos *cleavages* sociais. Isto é, os partidos reclaman a representación dos intereses dun único sector, de xeito que os administradores de intereses propios da etapa anterior tornan en delegados que inciden na separación entre sociedade e Estado, funcionando estes como ponte entre unha e outro. Ata aquí a transición da democracia liberal á de masas.

Agora ben, partir de mediados do século XX emerxe unha nova fórmula, o *partido catch-all*, no mesmo contexto da democracia de masas, pero onde as 'grandes batallas' ideolóxicas que constituíron o xerme das fracturas sociais da etapa anterior déronse por superadas, toda vez que a consecución dos dereitos sociais e políticos permitiu unificar aos electorados, de xeito que os partidos buscan ampliar horizontes de apoio -en termos de electorado- a través da supresión gradual de elementos distintivos en termos ideolóxicos froito do consenso alcanzado en determinadas causas. Neste senso, e volvendo ás relacións na tricotomía Estado, partidos e sociedade; os partidos inician un proceso de desapego ou distanciamento da sociedade civil, polo que "son menos agentes de la sociedad civil que actúan sobre el Estado y lo penetran, y más intermediarios entre la sociedad civil y el Estado" (2015, pp. 33-34).

Finalmente, nesta sorte de teoría da evolución partidista, Mair e Katz identifican ao *partido cartel* que, a partir da década dos setenta, agudiza ese distanciamento entre sociedade e partidos ao tempo que propicia unha maior simbiose entre partidos e Estado: pásase a unha concepción da política como profesión e a un estilo representativo onde o representante exerce de axente do Estado.

Deste xeito, e contemplando esta evolución histórica dos partidos na que se afondará en posteriores epígrafes, os partidos preséntanse como un subsistema "inédito" diría Sartori, que responde a dúas casuísticas coincidentes: a necesidade de controlar a un electorado en aumento e á mesma necesidade de control do propio Parlamento, onde a partitocracia, en termos de control disciplinario, convértese nun substituto da división de poderes (2005, pp. 217-218). E, por suposto, nese proceso de transición inicial, emerxen certas voces que cuestionan a partitocracia.

Seguindo a liña argumental de Burke, Gerhard Leibholz en *Problemas fundamentales de la democracia moderna* (1971), centra o seu discurso no novo rol que desempeñan os parlamentarios coa irrupción da disciplina de partido, onde as asembleas convértense en "centros en los que los diputados, bajo la coacción del partido -posible en las más variadas formas, incluso algunas violentas-, llegan a sentirse en un laberinto de compromisos" e onde o seu papel efectivo "se reduce al de unos delegados de partido, asistentes a Plenos parlamentarios para obtener en ellos la sanción de acuerdos adoptados fuera de allí" (pp. 27-28).

Previamente á aparición da democracia de masas, pero onde xa emerxían os partidos de notables ou partidos de cadros[16], Triepel (1927, citado en Fernández Segado, F. 1994) aseguraba que os partidos e o Estado atopábanse nunha "contraposición esencial", toda vez que os primeiros se fundamentaban nun "egoísmo" incompatible cos principios clásicos do parlamentarismo: representación de toda a Nación por cada deputado, que tan só responde ao seu xuízo e conciencia, imposibilitando o mandato imperativo (p. 46).

5.1.5. A crise do mandato representativo

A crise do mandato representativo, vincúlase no debate politolóxico á crise do parlamentarismo. En Europa, trala primeira guerra mundial, coa chegada da xa citada sociedade democrática de masas -amparada, en boa medida, na extensión do sufraxio universal-, producíronse cambios que alteraron de forma significativa o funcionamento do Parlamento ata ese momento, coa introdución no sistema de partidos de clase. Neste sentido,

[16] Esta fórmula de partidos xurdía aos albores do inicial constitucionalismo liberal como agrupación de deputados ou senadores das Asembleas en función de ideoloxías ou intereses semellantes, dando lugar a un partido que operaba como unha "coordinadora de personalidades políticas" (Carreras Serra, 2004, p. 94).

autores como Schmitt alertaban de que os representantes xa non eran -nin podían ser- independentes, en termos dunha negación de intereses particulares en aras do interese xeral, toda vez que as decisións políticas xa non eran tomadas no Parlamento, senón desde os partidos políticos, en "sesiones privadas y ocultas" por motivos "meramente partidistas y no por la búsqueda del interés público": "el parlamento podrá subsistir pero, al perder su razón de ser, se convierte en una formalidad vacía de contenido" (Sanz Moreno, J.A. 2013, p. 119).

O profesor José A. Sanz Moreno realizou precisamente unha disertación sobre os modelos contrapostos de Schmitt e Kelsen ante esta crise do sistema. Schmitt, fervente defensor do que viu a denominar democracia 'de identidad', rexeita o modelo de representación tradicional e, ao tempo, a división entre a Nación -a cidadanía, o pobo- e o poder: non a través da democracia directa ou participativa, senón nunha fórmula de democracia plebiscitaria ou autoritaria onde se conseguira unha "personificación soberana" (2013, p. 125) en algo semellante a unha democracia de adhesión simbólica: o que propón é que o pobo se exprese como unidade, usualmente canalizado a través dun líder soberano.

Fronte este modelo, que Sanz Moreno define como un engano dunha "salida dictatorial a la relación de la identidad con la representación", Kelsen avoga polo parlamentarismo nunha fórmula de democracia procedimental que permite "desvincular parlamento y voluntad popular y, sin embargo, unir la salvaguarda de la democracia al sistema parlamentario" (2013, p. 134).

Asume na súa teoría que non existe máis vontade que a parlamentaria, toda vez que nas democracias representativas é a asemblea quen manifesta e, ao tempo, define, a vontade da nación. E é aquí onde se canaliza o pluralismo, non en forma de debate racional como ocorría a través do mandato representativo individual, senón nunha relación de "estricta dependencia" dos representantes, non aos seus electores, senón ao propio partido ao que pertencen.

Polo tanto, a universalización do sufraxio, trae consigo a incorporación á vida política dos partidos como verdadeiros actores protagonistas (Fernández Segado, F. 1994, p. 45) froito dun electorado máis amplo, dificilmente xestionable, que os converte en intermediarios entre representantes e representados. Deste xeito, increméntase a distancia entre elector e representante, e iso é o que irremediablemente nos leva a falar da crise do mandato representativo interpretado nos termos xa definidos no marco da democracia liberal.

Estamos ante a "defunción" do parlamentarismo clásico provocada polos partidos de masas (Manin, B. 2025, p. 300) que, sen embargo, en ningún casos supón a destitución do goberno representativo, como tamén apunta Bernard Manin. E o síntoma evidente é que, co xurdir

dunha nova forma de representación, créase tamén unha etiqueta para esta: o goberno de partidos.

Así, os protagonistas da actividade parlamentaria xa non serían os representantes electos individualmente, senón os grupos parlamentarios, o que provocaría que o individual non teña liberdade de actuación nin condición de representante dos que o votaron e, menos aínda, de toda a Nación (de Carreras Serra, F. 2004), coa consecuente emerxencia da disciplina de grupo.

Se ben é certo que, entre os detractores iniciais do mandato imperativo estendíase o pensamento xeneralizado de que, coa instauración do sufraxio universal, os intereses da maioría serían "naturalmente protegidos por aquellos que ésta eligiese" (Rodríguez Díaz, Á. 1987: 164) e que, polo tanto, non era precisa unha labor de tutela da labor do representante; pronto xurdiría unha nova corrente que buscará recuperar esa conexión entre representantes e representados, concretamente no contexto occidental dos anos sesenta. Unha tendencia, que ten vixencia na actualidade como se ten apuntado, con un auxe das novas tecnoloxías que buscan reforzar a fórmula da democracia participativa e avanzar no modelo do goberno aberto.

Tamén Sartori sinala ese rexurdimento da fórmula da democracia participativa (2005:30), aínda que o fai cuestionando a súa viabilidade: lembra que os atenienses podían deliberar nunha praza pública porque se trataba dunha poboación limitada. Porén, esta fórmula semella pouco eficaz, cando non imposible, ante a sociedade de masas. Por iso si, pódense engadir algunhas institucións de democracia directa, como o referéndum, pero isto non é ápice para que as nosas sexan democracias indirectas gobernadas por representantes.

Deste xeito, a mediados dos anos setenta, produciuse un declive do modelo de representación de masas, sustentada en diferentes condicionantes. Laura Eberhardt (2020) refírese fundamentalmente a unha crecente diferenciación interna das sociedades postindustriais, que reconfigura as fracturas sociais que deron lugar á aparición inicial dos partidos de clase, ao debilitamento das entidades colectivas e a preponderancia dos intereses individuais, así como o impacto dos medios de comunicación de masas e o auxe de novos mecanismos de opinión permanente ligados á participación directa (2020, pp. 40-41). Todo isto deu lugar á aparición dos xa nomeados partidos *catch all*, baixo o cuño do que Bernard Manin (1977) denominou "democracia de audiencia".

Nesta mesma liña oriéntase un traballo de 2002, que asina Kenneth Roberts, no que aborda as transformacións da representación política na era neoliberal e no contexto latinoamericano. Un traballo que, alén da distancia -non só espacial- dos modelos de representación e organización partidista existente entre os países europeos e latinoamericanos, debuxa con unha aura de susceptible xeneralización a existencia de tres tendencias que están a modificar a competencia partidaria logo da crise do mandato representativo e o debilitamento da democracia de masas sustentada na partitocracia (2002, pp. 74-76): a desinstitucionalización da representación política, cuns potenciais electores que toman distancia das organizacións partidarias -algo visible na tendencia á baixa da afiliación partidaria ou, en menor medida, nas dificultades para fidelizar o voto nun contexto de incremento da competencia partidista-; a desmasificación da representación, que reverte nunha nova forma individualizada de comunicación entre partidos e electores; e a verticalización dos lazos entre partido e sociedade, que supoñen o paso de "modos de incorporación corporativistas a los clientelistas" (2002, p. 75).

5.2. OS PARTIDOS POLÍTICOS

Os partidos políticos amencen logo dunha longa traxectoria na que os teóricos clásicos da democracia representativa liberal denostaron a posible agrupación dos parlamentarios en base a sensibilidades ou visións coincidentes, e o exemplo paradigmático témolo en Edmund Burke. Unha visión, a de Burke, que non por ser paradigmática a súa crítica aos partidos políticos, convértese na única. Max Weber (1992) referíase aos partidos norteamericanos como organizacións "de cazadores de cargos" co único obxectivo de conseguir votos, para o que se servirían de programas electorais redactados *ad hoc* para alcanzalos.

Esta provocadora cita de Weber, aínda cun profundo arrecendo dogmático, encerra en realidade unha das cuestións que explican o valor imprescindible dos partidos no contexto da democracia de masas: a necesidade de reducir as cifras electorais a un formato manexable logo da universalización do voto (Sartori, G. 2005, p. 274), e funcionando como "intermediarios" e aglutinadores dos intereses sociais (Morlok, M. 2019, p. 376). Un papel, o de intermediarios, que para autoras máis actuais como a Nieves Lagares (1999), xa estaría superado, toda vez que no desempeño das súas funcións políticas, na fase inmediatamente posterior á articulación dos intereses e preferencias da sociedade, os partidos "acaban desarrollando una compleja trama de interacciones con el entorno que viene a determinar y

condicional el proceso interno de articulación de las preferencias organizativas" (p. 59). É dicir, os partidos non funcionarían como unha sorte de ponte allea que conecta a sociedade co poder político senón que, ademais de traducir as preferencias da sociedade, adoptan un rol a activo na dinámica institucional que afecta a como se entenden e reorganizan os propios intereses da mesma formación.

Efectivamente, a progresiva ampliación do dereito a voto provocou que os partidos se erixiran, nun inicio, como intermediarios da representación e, polo tanto, elementos constitutivos do goberno representativo, convertendo o seu programa de acción no "instrumento principal" da loita electoral (García Guitián, E. 2003, p. 393) chegando a estar, como sinalan Richard Gunther e J. Ramón Montero, "entre el puñado de instituciones cuyas actividades son absolutamente esenciales para el funcionamiento apropiado de la democracia representativa" (2002, p. 11).

Fonte o modelo do parlamentarismo liberal, fundamentado na representación individual, libre e non suxeita a mandato imperativo dos representantes electos; no *Estado de partidos*, o Parlamento pasa a funcionar en base á representación colectiva a través dos partidos políticos, actuando os novos parlamentarios como voceiros da súa formación baixo a disciplina de partido (Pauner Chulvi, C. 2010, p. 2020), asumindo o protagonismo os grupos mesmos e esvaecéndose, en boa medida, a figura do parlamentario individual; e converténdose, para o pensamento máis progresista, na expresión "máis rotunda e dinámica" do pluralismo e a liberdade[17] (Portero Molina, J.A. 1992, p. 136).

Os partidos políticos convértense en elementos motores da democracia moderna (Santaolalla, F. 1992, pp. 95-96) proxectando cara a sociedade de masas un perfil que os fai identificables ante a opinión pública ao longo do tempo, evitando, engade Fernando Santaolalla, o que doutra forma sería un "penoso esfuerzo para la misma, que quedaría forzada, por ejemplo, a averiguar la orientación básica de cada candidatura en unas elecciones". Polo tanto, convértense en figuras que -presuntamente- garanten a coherencia política en diferentes niveis e momentos, e que atopan ademais nos grupos parlamentarios, figuras xuridicamente independentes dos partidos políticos, como se verá, no brazo do partido (1992, p. 96) dentro das institucións.

[17] José A. Portero Molina (1992) refírese á transición de dous modelos contrapostos de Parlamento, pasando da súa concepción liberal, onde de maneira unitaria xurdía a vontade nacional, ao pluralismo de vontades e racionalidades -reflexadas nos partidos políticos- que opera no novo Parlamento da democracia de masas (p. 136).

Máis aló do que poida parecer, os partidos políticos son un fenómeno recente. Sinala Maurice Duverger (2002) que os verdadeiros partidos datan de hai apenas un século, podendo existir antes a finais do XIX algunha corrente de opinión ou asociacións de pensamento, pero non podendo considerarse como partidos propiamente ditos. De feito, o 'modelo' europeo de partido político moderno, sinala Roberto L. Blanco Valdés (1992) xorde do Partido Socialdemócrata Alemán[18] (p. 46).

É así, no constitucionalismo da segunda posguerra, cando se recoñece, por parte dos códigos fundamentais, a existencia dos partidos políticos (Fernánez Segado, F. 1994, p. 61), en contraste coa marxinación do recoñecemento legal á que estiveron sometidos estes no constitucionalismo de entreguerras. Coinciden en sinalar esta situación outros autores (Alzaga Vilaamil Ó. e Álvarez Rodríguez, I. 2021) que ven, nesta invidencia legal, a xustificación dos constitucionalistas da época para non afrontar a "evidencia" de que o mandato representativo do parlamentario estaba "cada vez más encorsetado por las instrucciones, absolutamente imperativas, que las direcciones de sus respectivos partidos les cursaban sobre casi todos los ámbitos de su quehacer en el seno de las Cámaras" (p. 398).

5.2.1. A representación colectiva e o partido *cartel*

A aparición dos partidos políticos, e o seu operativo asentamento como elementos centrais dos sistemas democráticos contemporáneos, aséntase na sofisticación mesma do sistema, froito da complexidade por amplitude que vai adoptando nunha dobre dirección que sinala Maurice Duverger (2002): a medida que medran as funcións e a independencia das asembleas políticas, consecuencia lóxica da súa integración no Estado -transición da representación *ante* o poder á representación *no* poder- máis necesidade senten os seus membros de agruparse por afinidades; e a medida que se estende e multiplica o dereito a sufraxio, máis preciso é organizar aos electores a través de comités que canalicen a relación entre elector e elixido (pp. 15-16).

O réxime de partidos non persegue máis que dar unha resposta á representación das variadas correntes de opinión (Galvâo de Sousa, J.P. 1971, p. 41), de xeito que a cidadanía non vota

[18] Blanco Valdés (1992) identifica o nacemento do partido político moderno co xurdimento dos primeiros partidos socialistas, desvencellando esta lóxica aparición da orixe parlamentaria dos partidos -como o *Parlamentary Party* en Inglaterra.

xa por un individuo a quen coñece persoalmente, senón a alguén que leva as cores dun partido (Manin, B. 2025, p. 317), simplificando o proceso de elección e, dando a oportunidade aos electores de elixir, pola vía dos programas electorais, a dirección do goberno. Isto, xunto á existencia dun control continuo por parte da formación política aos representantes institucionais, era interpretado como que, este modelo de democracia de partido, incrementaba o papel da vontade popular na evolución dos asuntos públicos (Manin, B. 2024, p.301).

Aquí xorde a idea da representación colectiva[19], sendo os partidos os que "articulan" o interese xeral desde puntos de vista periféricos, como sostén Nadia Urbinati (2017): "son asociaciones parciales, comunales y puntos de referencia esenciales -os partidos- que les permiten a los ciudadanos y a los representantes reconocerse unos a otros, formar alianzas y además situar ideológicamente los compromisos que está dispuesto a hacer" (p. 62). Baixa esta acepción, os partido agrupan aos militantes atendendo a afinidades políticas (Cano Bueso, J. 2001, p. 388) sendo, a través deles, como se realiza a construción da comunidade como suxeito "politicamente actuante" (Blanco Valdés, R.L. 1992, p. 44), superando a atomización presente de xeito natural na sociedade.

Esta idea dos partidos como representantes dunha sociedade agrupada en colectivos ideoloxizados, teñen consecuencias na operatividade do Parlamento, que remata sendo un Comité de fraccións, onde o deputado pasa a ser unha peza técnico-organizativa articuladora do partido, á quen debe obediencia (Figueruelo, 1991, como se citou en Ramírez Cleves, G. 2000, p. 160). Esta é unha das dúas partes nas que se subdivide agora a relación elector/elixido clásica, que é substituída por outra en dous tempos: a relación entre o candidato e o partido político que, como se ten explicitado, está baseada nun vínculo de fidelidade e subordinación[20]; e unha relación entre elector e partido, canalizada a través da identificación partidista soportada, entre outros aspectos no programa electoral (Ruiz-Navarro, J.L. 2018, p. 437; Sartori, G. 2005, p. 275).

Aínda que nun primeiro momento, houbo voces na teoría política que consideraron -e seguen a facelo- que os partidos políticos supuñan unha nova forma de vencellar aos representantes co electorado, supoñendo un "paso adelante hacia un verdadero gobierno popular e igualitario

[19] Peter Mair e Petr Kopecky (2015), entenden o *padroado político* como a consecuencia de que o partido político, antes que un líder político individual, é quen opera "como patrón colectivo en la relación de intercambio" (p. 109)

[20] José I. Navarro Méndez (1999) refírese aos partidos políticos como verdadeiros "soberanos" actuais, en detrimento da soberanía popular que, cuestiona, é 'roubada' ao pobo por parte destes.

que sólo se habría alcanzado de forma muy imperfecta bajo el parlamentarismo liberal" (García Guitián, E. 2003, p. 393), o certo é que outros autores como Michels (2017) teñen advertido das tendencias oligárquicas e burocráticas que existen nas estruturas orgánicas do partido e que poñen en entredito a súa obriga -constitucional- de funcionaren democraticamente.

Juan Jesús González (2014) interpreta a actual crise da democracia como consecuencia dunha conversión por parte dos partidos políticos en organizacións pechadas, "cada vez más desconectadas de la sociedad civil y, por ende, con problemas crecientes para representarla, debido a su arraigada tendencia a la endogamia y la cooptación" (pp. 123-124): é aquí, neste caldo de cultivo, onde emerxe o concepto do *partido cartel* (Katz, R.S. e Mair, P. 2015).

Este concepto, xa adiantado en epígrafes anteriores, xurde da evolución dos partidos políticos que porpoñer Richard Katz e Peter Mair (2015), pola que, a partir dos setenta, agudízase a simbiose entre partido e Estado, onde os cargos electos compórtanse en maior grao como axente do Estado que como representante cidadán, aumenta a fenda entre elector e deputado e enfócase a política como unha profesión, servíndose precisamente das estruturas autárquicas que permite o desenvolvemento partidista. Os partidos pasan de exercer un rol de administradores, delegados e emprendedores -nas diferentes fases dos partidos, de elite, de masas, *catch-all*- a comportarse como axencias semiestatais (p. 37), onde a prioridade non é a representación, senón manterse na posición de poder a través da que obteñen os recursos para financiarse aínda que isto traia aparellada unha nova crise da representación froito da perda de confianza nos partidos tradicionais.

5.2.2. O funcionamento dos partidos: disciplina orgánica, estatutos e autocracia

Giovanni Sartori (2005) realiza unha diferenciación das tres posibles interpretacións da partitocracia, entendida como unha sorte de evolución gradual do ámbito de implantación da xerarquía partidista: electoral, disciplinaria e literal (pp. 207-209). Así, a partitocracia electoral, refírese ao poder do partido á hora de impoñer un candidato ao electorado; a disciplinaria, á disciplina de partido[21], entendida como a capacidade do aparato para dirixir o comportamento

[21] "La disciplina de voto cabe enmarcarla en la disciplina de partido, que es un concepto más amplio que abarca situaciones heterogéneas" (Català i Bas, A.H. 2014, p. 50).

do grupo parlamentario; e a partitocracia literal ou integral refírese á substitución da representación "en primera instancia de la vida civil" é substituída por unha representación de extracción "estrictamente partidista-sindical, burocrática o de aparato" (p. 207).

Proponse centrar o estudo na partitocracia disciplinaria, a fin de perfilar algúns dos trazos tipo do comportamento dos partidos políticos, e particularmente dos socialistas, que virá despois a contribuír á explicación do caso de estudo proposto. Así, a disciplina orgánica será entendida como a subordinación á que está sometida o representante institucional -deputado ou concelleiro, no caso que nos ocupa- ás directrices do partido: os criterios individuais ao criterio xeral da formación que, no contexto legal que se analizará no seguinte punto, presenta un claro contraste (Pauner Chulvi, C. 2010, p. 253) coa atribución persoal do escano ao parlamentario e a prohibición do mandato imperativo consagradas constitucionalmente -a segunda non aplica nas Corporacións Locais, pero o recoñecemento do dereito á participación dos asuntos públicos, vén a substituír na práctica esta ausencia como se exporá-.

O que apunta parte da teoría é que, dentro do funcionamento normal dun partido político, no contexto da partitocracia, cabe diferenciar entre quen se ocupa *da cousa* e quen o fai do *como*, de xeito que, os verdadeiros *decision-makers*, quen toma as decisións, serían os membros do goberno ou os líderes dun partido, relegando aos parlamentarios co *como* (Sartori, G. 2005, p. 204). Deste xeito, hai quen considera esta lóxica da disciplina de partido como lexítima e constitucional, xa que con ela "se protege el funcionamiento del partido y el cumplimiento de su programa político y sus concretos intereses" (Martín Sánchez, M. 2010, p. 224). Algo no que non coincide toda a literatura, como despois se verá.

Porén, queda claro que os partidos políticos, alén de constituírse como asociacións privadas, polas funcións específicas que desempeñan nos Estados democráticos, teñen unha cualificación especial ante a que, o Estado, semella lóxico que estea lexitimado para intervir en aras de garantir o principio democrático como base do seu funcionamento, como o argumenta José I. Navarro Méndez (1999, pp. 39-40).

Na súa obra *Partidos políticos y "democracia interna"*, Navarro apela á creación de mecanismos de control por parte do Estado que cumpran a función de esixencias para garantir o correcto funcionamento dos Partidos[22], xa que, do contrario "el sistema democrático se

[22] Así o establece o artigo 6 da Constitución Española, asegurando que a estrutura interna e funcionamento dos partidos "deberán ser democráticos", e reafirmándose este mandato o art. 7.1 CE, sendo de aplicación tamén para sindicatos e asociacións empresariais.

resentiría, pues los sujetos que deben poner en marcha los engranajes del proceso democrático estarían viciados por déficits de democracia" (p. 39).

Neste principio do funcionamento democrático afonda precisamente a Ley Orgánica 6/2002, de 27 de xuño, de Partidos Políticos no seu Artigo 7. Faino ademais a través de seis esixencias básicas de organización e funcionamento:

- Require a existencia de fórmulas de participación directa dos afiliados e afiliadas.
- Os partidos políticos deberán ter unha asemblea xeral co conxunto dos seus membros que funcionará como órganos superior de goberno.
- Os órganos do partido serán elixidos mediante sufraxio da militancia, libre e secreto.
- Todos os membros do partido terán dereito a estar informados sobre actividades e procesos orgánicos.
- Deberán preverse nos estatutos procedementos de control democrático aos dirixentes electos.
- Os partidos están obrigados a contar cun plan de igualdade interno e un protocolo de actuación ante casos de violencia machista.

Máis aló destes preceptos mínimos de funcionamento interno democrático esixibles a tódolos partidos políticos, os estatutos e regulamentos dos partidos impoñen aos seus representantes institucionais unha serie de obrigas, como explica Gema Sánchez Medero (2012)[23], encamiñadas á defensa dos principios, o programa e as resolucións dos órganos superiores do partido, garantindo que os deputados e deputadas expresen a vontade do partido, transformándose os grupos parlamentarios -e por asimilación, os municipais-, en entidades que permiten aos partidos facerse presentes nas institucións (p. 294).

Neste contexto, continúa Sánchez Medero, a pesar de que a Constitución Española e o ordenamento español, a través dunha serie de prerrogativas -non só a prohibición do mandato imperativo-, outorga total liberdade aos grupos parlamentarios para a súa organización interna á marxe do partido político co que concorreron ás eleccións; o certo é que os partidos políticos téñense servido das medidas estatutarias para garantir o sometemento dos primeiros á disciplina orgánica (p. 308).

[23] No seu estudo *La interacción entre los partidos políticos y los grupos parlamentarios: el caso español del PP y PSOE*, Sánchez Medero analiza o grao de autonomía que posúe o grupo parlamentario respecto do partido que o sustenta á hora de constituír o grupo, definir a súa composición e organización interna, fixar a súa actividade e xestionar os recursos económicos.

Sobre a estrutura mesma do partido político, Maurice Duverger (2002) propón unha clasificación de, a lo menos, catro tipos sociolóxicos de partidos[24] en función dos seus elementos de base e os lazos de dependencia entre ápice estratéxico da organización e o resto da estrutura, na que tamén caracteriza aos partidos socialistas da Europa occidental, de especial pertinencia para este estudo.

Sobre os socialistas, explica Duverger que a súa estrutura descansa nunha gran masa popular, caracterizándose por un proceso de afiliación preciso. Os comités pequenos e independentes dos partidos burgueses do século XIX, abren paso a seccións ou grupos de traballo máis amplos e abertos. O número de integrantes de base e a percepción de cuotas obriga a establecer unha administración dentro do partido, que da lugar a aparición de funcionarios -máis ou menos numerosos, e máis ou menos permanentes- que tenden a formar un xerme de burocracia (p. 31).

Ademais, aínda que en teoría se atenúa o carácter persoal dos dirixentes, cun sistema multinivel de institucións complexas onde rexe o principio de separación de poderes e o de elección por parte das bases, o certo é que, na práctica, se manifestan "tendencias oligárquicas poderosas" (p. 32). Sobre isto último, Duverger teoriza desde un enfoque netamente realista a existencia dunha dobre carácter na dirección de todos os partidos: cunha aparencia democrática e unha realidade oligárquica" (p. 163), de xeito que a autocracia recoñecida sería unha excepción e a autocracia disfrazada a regra (p. 165).

Deste xeito, entenderemos máis adiante se se deron algunha das casuísticas que Duverger identifica como autocracia disfrazada (2002, pp. 168-175), á hora de analizar o funcionamento e estrutura do Partido Socialista de Santiago de Compostela. Mais, cómpre concluír este epígrafe engadindo a oportuna reflexión que realizou Juan Antonio Molina Cruz (2024) sobre os comportamentos oligárquicos e "cesaristas" das organizacións políticas, que dan lugar a unha loita desigual entre individuos, enfrontando cargos públicos e cargos orgánicos que ordenan e mandan, e que adoitan rematar pola saída do primeiro deles do partido político. Unha situación ante a que, critica, "rara vez disponemos de elementos de convicción suficientes para aseverar que la voluntad de los votantes, o incluso de los propios afiliados, sea realmente la que emana de la decisión unilateral del jefe del partido o, incluso, de su

[24] M. Duverger (2002) diferencia a estrutura dos iniciais partidos burgueses do século XIX, que sobrevive nos partidos conservadores e liberais; a propia dos socialistas; o tipo sociolóxico específico que teñen creado o comunismo e o fascismo, cunha centralización das decisións máis agudizada e outro tipo de partidos, que quedan fóra deste esquema, como os católicos e demócrata-cristiáns, os laboristas ou os partidos agrarios (pp. 31-33)

escueto gabinete de dirección"[25]. Unha afirmación que supón un cuestionamento bastante directo da teoría da representación colectiva ou, cando menos, de onde reside e onde se deben tomar as decisións políticas que a ela apelan -á representación colectiva- como base de lexitimación.

5.3. A PROHIBICIÓN DO MANDATO IMPERATIVO, DISCIPLINA DE PARTIDO E A LEI DE FERRO DA OLIGARQUÍA

Os pensadores clásicos do réxime representativo moderno, fundamentado no parlamentarismo, amosáronse especialmente críticos coa existencia dun mandato imperativo nos termos medievais e, incluso, coa extrapolación de vínculos partidistas nas asembleas, como é o caso de Edmund Burke (1774).

Cando, fronte aos electores de Bristol, Burke se refería á "petulancia trivial que la rabia partidista provoca en mentes pequeñas [...] no me liaría la más ligera impresión", amosa total desprezo á posibilidade dunha, aínda que seguramente sen identificar en termos contemporáneos, disciplina de partido; e cando rexeitaba que o Parlamento pasara a ser "un congreso de embajadores de intereses diferentes y hostiles", avogando por uns parlamentarios con xuízo propio, nega a existencia de calquera fórmula de mandato imperativo.

Así, os motivos detrás de esta independencia perseguida por parte dos teóricos das revolucións liberais, pero tamén de moitos xuristas ligados á teoría constitucional, asentábanse principalmente na preocupación por dar un "cuño público" á representación da sociedade -nos primeiros pasos do parlamentarismo, *fronte* o poder- e facer dos deputados verdadeiros representantes do pobo e non meros mandatarios (Galvâo de Sousa, J.P. 1971, p. 42). Esta lóxica é a que levou a incorporar no constitucionalismo occidental, a partir da Constitución francesa de 1791, a prohibición do mandato imperativo.

A lóxica detrás desta decisión era a de instaurar un goberno representativo que, ao mesmo tempo, e segundo explica Carlos Ortega Santiago (2005), non se vira arrastrado polos "excesos democráticos" (p. 106). O que se procuraba, argumenta, era evitar que os

[25] Comunicación realizada no XXI Congreso da Asociación de Constitucionalistas de España

representantes electos deixaran de ser *mandatarios*, que actuaban como delegados en defensa dos intereses dos seus representados ou das circunscricións polas que foron elixidos, para pasar a ser representantes independentes, titulares do poder político e con independencia para definir o interese xeral da colectividade (p. 107).

Fronte esta base teórica, e a prohibición constitucional, vixente na actualidade, do mandato imperativo sobre Deputados e Senadores; o debate que confronta mandato representativo e imperativo segue na actualidade vixente -artigo 67.2 CE-, máis aínda nun contexto de redefinición da representación política, como xa se ten sinalado.

Por suposto, desde comezos do século XXI, hai autores que defenderon o deber de lealdade e sometemento á disciplina de partido no exercicio das funcións de calquera Cargo Público, a pesar das previsións formais que se poidan opoñer a este principio (Navarro Méndez, J.I. 1999, pp. 507-508). De feito, Cristina Pauner (2010), apunta a unha tendencia que puxa por fortalecer os nexos entre partidos e grupos parlamentarios, formalizando, máis se cabe, a presenza dos partidos políticos nas institucións en detrimento da figura do representante individual (Caamaño Rodríguez, 1991, citado en Pauner, C. 2010, p. 229).

Sen embargo, a realidade é que a configuración dos partidos como auténticos soberanos non provocou, aínda, o derribo do modelo liberal de representación política que pivota sobre a relación directa entre representante e corpo electoral (Navarro Méndez, J.I. 1999, p.523). E nese contexto de supervivencia do modelo liberal, aínda que por momentos sexa só a nivel formal, por suposto que tamén emerxen voces contemporáneas que claman por un Parlamento do século XXI no que se fortaleza o papel do parlamentario individual (Ruiz-Navarro, J.L. 2018, p. 441).

Proponse no seguinte punto unha divagación polas teses contrapostas arredor do debate sobre a prohibición do mandato imperativo[26] pero, en boa medida, moitas das argumentacións susténtanse nos riscos autocráticos dos partidos políticos xa expostos, nas teses da lei de ferro da oligarquía (Michels, R. 2017) ou, os perigos de dexeneración dos partidos dos que advirte Sartori (2005): “los partidos degeneran facilmente en centros de exceso de poder,

[26] Estase aquí puxando o debate entre o mandato libre e o mandato imperativo en termos de partido, pero convén lembrar que a prohibición do segundo, concibiuse inicialmente para distanciar aos deputados dos seus electores, nun contexto de ausencia de institucións intermedias na relación representativa, e como ruptura co antigo modelo de sufraxio censatario con representantes que actuaban como delegados do seu estrato social ou circunscrición e suxeitos a revogación do mandato.

colonización, de acomodo parasitario y de corrupción" algo que, engade, "no obsta para que la teoría de la democracia deba incluír a los partidos (p. 46). Precisamente, resposta a isto, son as esixencias normativas de funcionamento democrático e as mínimas garantías estatutarias e de organización interna que se marcan legalmente para tódolos partidos.

A realidade é que, a pesar destes formalismos, non é posible unha orde social moi avanzada sen unha "clase política". Esta é a lóxica que impera no estudo de Robert Michels (2017) sobre as tendencias oligárquicas na democracia moderna, no que identifica que por sistema se establece unha clase politicamente dominante e outra dunha minoría (p. 396). A teoría da lei de ferro da oligarquía de Michels, sinala que a formación de oligarquías dentro das diferentes formas de democracia é unha necesidade "orgánica" que afecta a tódalas organizacións como resultado do desenvolvemento dos líderes profesionais que, co paso do tempo, vólvense "estables e inamovibles" (p. 422-423).

O comportamento oligárquico dos partidos políticos tamén foi obxecto de estudo de Maurice Duverger (2002) que, baixo a premisa de que unha democracia esixe que os parlamentarios teñan precedencia sobre os seus dirixentes, "los elegidos sobre los miembros" (p. 211), identifica tres fases de evolución dos partidos no relativo a súa relación cos grupos parlamentarios e, en xeral, cos seus representantes: dominio dos parlamentarios sobre o partido, rivalidade de parlamentarios e dirixentes e dominio do partido sobre os parlamentarios (pp. 213-227).

Formula aquí a súa teoría da oligarquía "externa" (p. 211), onde se establece un dominio do partido sobre os membros electos. Nesta clasificación, Duverger sitúa aos partidos socialistas nun punto intermedio, de rivalidade entre parlamentarios e dirixentes, onde os parlamentarios estarían subordinados aos dirixentes pero "conservando prerrogativas bastante grandes" (p. 218), algo que podería darse no caso de estudo deste traballo, toda vez que a ruptura da disciplina de voto e, incluso, a expulsión do PSDEG de catro concelleiras de Santiago de Compostela non implicou a súa perda de condición de membro da Corporación Municipal; pero que teríamos que poñer en dúbida nos chanzos previos, á hora de tomar a decisión que provocou a fractura do PSDEG de Santiago: se non existe un dominio do partido sobre os seus representantes, como é posible que a decisión do voto imposto pola dirección local do partido ao Grupo Municipal Socialista, non partira dun consenso de ambas partes?

Antes de procurar dar unha resposta, vexamos cal é o estado no que se atopa na actualidade a discusión entre mandato imperativo, mandato de partido e mandato representativo, e cal é o marco normativo aplicable ao ámbito local.

5.3.1. Marco normativo e xurisprudencia: a imposibilidade do mandato imperativo no ámbito local polo dereito á participación nos asuntos públicos

Nun contexto no que os partidos políticos foron gañando terreo no xogo da representación política, ata convertérense nos auténticos protagonistas da loita electoral, e inmiscirse nas institucións a través da súa réplica en forma de grupo parlamentario ou municipal; xuridicamente, a titularidade da representación e, polo tanto, do mandato electoral, segue atribuíndose *intuitu personae* ao representante (Caamaño, F. 1992, p. 129).

Partindo da análise da Constitución Española de 1978, cómpre dicir que esta, na liña xeneralizada do constitucionalismo da segunda posguerra xa comentada, inclúe algunhas disposicións arredor dos partidos políticos outrora ignorados pola doutrina, pero segue a inspirarse en moitos dos valores clásicos do parlamentarismo liberal. Neste sentido, o artigo 67.2 prohibe o mandato imperativo[27]: "Los miembros de las Cortes Generales no estarán ligados por mandato imperativo". Unha prohibición que, aínda que no contexto actual nos esforcemos en entendelo como a prohibición dun mandato coercitivo partidista, buscaba recoñecer a independencia dos Parlamentarios e Senadores respecto dos electores.

A concepción representativa liberal aparece tamén recollida no artigo 66.1 CE, cando se refire á unidade da representación da Nación, "Las Cortes Generales representan al pueblo español y están formadas por el Congreso de los Diputados y el Senado" e o artigo 79.3, recoñece o carácter "personal e indelegable" do voto de deputados e senadores.

Por outra banda, o artigo 6 CE constitucionaliza aos partidos políticos, como axentes que "expresan el pluralismo político, concurren a la formación y manifestación de la voluntad popular y son instrumento fundamental para la participación política", conferíndolles liberdade para a súa actividade "dentro del respecto a la Constitución y a la ley" e sentando o precepto dunha estrutura interna e funcionamento "democráticos".

Como contrapeso, e verase nas seguintes liñas que esta será a base legal que dote de verdadeira independencia aos cargos electos dos seus partidos políticos, o artigo 23 CE

[27] Tamén do artigo 1.2 CE se deduce ese principio da prohibición do mandato imperativo, ao recoñecer que a soberanía nacional "reside en el pueblo español, del que emanan los poderes del Estado", remitindo á idea clásica da vontade xeral que é creada democraticamente polos representantes do pobo.

recoñece como dereito fundamental da cidadanía o de participar nos asuntos públicos, establecendo no 23.1 CE "directamente o por medio de representantes, libremente elegidos en elecciones periódicas por sufragio universal". Neste artigo se asenta a doutrina do Tribunal Constitucional que conclúe que a elección da cidadanía recae sobre persoas determinadas entendidas como representantes individuais, e non sobre asociacións -os partidos políticos- que os propoñen ao electorado[28].

Fronte a doutrina constitucional, eríxese a realidade sociopolítica. Juan Cano (2001) sinala que, na actualidade, a "auténtica relación representativa" está circunscrita á relación partido-elector, de xeito que os deputados son cada vez menos representantes do pobo e máis mandatarios de partido, unha situación que supón unha "escandalosa contraposición entre realidad política y realidad jurídica" (p. 389).

É certo que outras autoras, como Cristina Pauner, xa sinalaron que os Estatutos de Autonomía e, sobre todo, os Regulamentos parlamentarios, teñen actualizado o marco normativo para dar carácter formal ao predominio dos partidos políticos na relación representativa e no funcionamento das Asembleas, co consecuente "efecto devastador sobre o clásico mandato representativo no parlamentario individual" (p. 221). Unha realidade que, engade Pauner, non atopa fundamento na doutrina do Tribunal Constitucional, que remarca que o grupo parlamentario non pode ser considerado un órgano do partido[29].

Pero vexamos a translación que estes preceptos constitucionais teñen no ámbito local. O certo é que a prohibición do mandato imperativo non rexe, nos termos previstos na Constitución Española, nas Corporacións Locais. Porén, a irrevogabilidade das concelleiras e concelleiros polos seus electores -lembremos que a prohibición do mandato imperativo nos termos constitucionais remítese á relación electores-representantes-, despréndese da fixación legal da duración do mandato[30] e da enumeración, que hai que entender exhaustiva, dos supostos de cese do mesmo (Punset, R. 1992, pp. 126-127).

---

[28] Así o recoñece a STC 167/1991, de 19 de xuño, FJ4 (Pauner Chulvi, C. 2010, pp. 221-222)

[29] Segundo a STC 36/1990, de 1 de marzo, o Tribunal Constitucional recoñece como "indudable la relativa disociación conceptual y de personalidad jurídica e independencia de voluntades presente entre ambos -grupo parlamentario e órgano de dirección do partido-, de forma que no tienen por qué coincidir sus voluntades" (Pauner Chulvi, C. 2010, p. 224).

[30] A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, no artigo 73.1, remite á lexislación electoral a duración do mandato dos representantes electos que, a Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral establece en catro anos, de xeito que nese período non sería posible a revogación do mandato representativo do concelleiro ou concelleira.

A lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local -en adiante, LRBRL-, expón no seu preámbulo que, para alcanzar a autonomía local, é preciso dunha institución capaz de actuala e que debera constituírse sobre a nota da representatividade directa e a personificación. De feito o artigo 2 da mesma lei refírese ao dereito da cidadanía a intervir en cantos asuntos afecten directamente ao seu círculo de intereses. Deste xeito, a LRBRL senta as bases do mandato representativo nas corporacións locais sobre o principio de autonomía local[31], e materializado a través do dereito fundamental, recoñecido constitucionalmente, de participación da cidadanía nos asuntos públicos.

Isto non sempre foi así no caso das corporacións locais. O artigo 11.7 da Lei 39/1978 de Eleccións Locais, xa derogada, establecía a perda de cargo público representativo de todo concelleiro ou concelleira que deixara de pertencer -ben por abandono voluntario ou por expulsión disciplinaria- ao partido co que concorrera as eleccións. Deste xeito, dábaselle carácter legal e formal ao mandato de partido[32], algo que, de forma moi temperá, resolveu como inconstitucional o Tribunal Constitucional, sentando a doutrina que permite na actualidade reafirmar a imposibilidade do mandato imperativo de partido, entendido como a irrevogabilidade dos representantes institucionais no ámbito local, por parte da formación política coa que concorreron ás eleccións.

María Martín Sánchez (2010), no seu artigo sobre *La prohibición del mandato imperativo en el sistema electoral español*, analiza a doutrina constitucional vencellada ás dúas sentencias dos coñecidos casos das Eleccións Locais: a STC 5/1983, de 4 de febreiro completada coa STC 10/1983, de 21 de febreiro, e cuxa xurisprudencia foi reiterada posteriormente. Nelas, definiuse o dereito á permanencia no cargo ao tempo que se lle deu un amplo adoutrinamento sobre a interpretación da protección do artigo 23 CE en relación co xogo dos partidos políticos nas Corporacións Locais (pp. 227-228).

Extráense a lo menos catro conclusións da interpretación que fai o Tribunal Constitucional sobre a representación política. En primeiro lugar, conclúe que a elección por sufraxio non

[31] O artigo 140 da CE garante a autonomía dos municipios, asegurando que estes gozarán de personalidade xurídica "plena" e fixando o modelo de democracia representativo para a elección dos e das concelleiras do municipio, sendo estes elixidos mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.

[32] No Estado español, a diferencia do ordenamento xurídico doutros países da europea, afástase dos preceptos que buscan converter os grupos parlamentarios en pseudo-instrumentos dos partidos políticos (Pauner Chulvi, C. 2010, p. 225), como é o caso da Constitución portuguesa, que contempla a perda do mandato de Deputados daqueles que se adscriban a un partido diferente do que concorreron ás eleccións (art. 163.1.c).

recae nun partido, senón en representantes individuais: “Es inequívoco [...] que la elección de los ciudadanos sólo puede recaer en personas determinadas y no sobre partidos y asociaciones que los proponen al electorado” (STC 10/1983, de 21 de febreiro, FJ3, citada en Catalá i Bas, A.H. 2014, p. 65).

En segundo lugar, segundo a mesma STC 10/1983, de 21 de febreiro (citada en Ramírez Cleves, G. 2000), e como consecuencia do primeiro, as listas de candidatos “son meras propuestas y la representación surge tan sólo con la elección, por lo que siempre la representación del conjunto del electorado y nunca del partido o coalición que ha formulado la propuesta”. De maneira que, vemos tamén aquí, como o Tribunal Constitucional bebe dos supostos clásicos da teoría liberal da representación.

Deste xeito, chegamos a unha terceira conclusión, que pasa por desposuír aos partidos políticos de calquera consideración como órgano do Estado, resultado inequívoco da negación de carácter representativo que se realiza con anterioridade. Así se apunta na STC 10/1983, de 21 de febreiro, FJ 3 (citada en Català i Bas, A.H. 2014, p. 65), afirmando que os partidos políticos “no son órganos del Estado, por lo que el poder que ejercen se legitima sólo en virtud de la libre aceptación de los estatutos y, en consecuencia, sólo puede ejercerse por quienes, en virtud de una opción personal libre, forman parte del partido”. É dicir, o poder imperativo dos partidos, en termos de disciplina orgánica, só podería ser comprendido nunha versión privativa do mesmo, partindo da liberdade de asociación de quen forma parte dos mesmos e, consecuentemente, da libre aceptación das regras internas dos seus integrantes.

Como resultado disto, a conclusión final do Tribunal Constitucional é que o dereito a participar correspóndelle á cidadanía e non aos partidos, polo que ese dereito é delegado nos representantes individuais xa que “los representantes elegidos lo son de los ciudadanos y no de los partidos, y que la permanencia en el cargo no puede depender de la voluntad de los partidos, sino de la expresada por los electores a través del sufragio expresado en elecciones periódicas” (STC 5/1983, de 4 de febreiro, FJ4, citada en Martín Sánchez, M. 2010, pp. 228-229). É dicir, aínda recoñecendo o papel importante que os partidos políticos teñen no sistema democrático actual, o Alto Tribunal argumenta que isto non é óbice para outórgalles un dereito que non lles corresponde: o dereito á participación política, que é un dereito da cidadanía, de xeito que os elixidos representan aos electores e non ás agrupacións políticas das que forman parte (Martín Sánchez, M. 2010, p. 229).

De feito, sentencias máis recentes teñen reiterado que a obediencia política ao partido non se pode converter nun mandato xurídico, como a STC 151/2017, de 21 de decembro (Fernández

Hernández, O.M. 2021, p. 116). Polo tanto, a concepción formulada polo Tribunal Constitucional en estas sentenzas, e o alcance garantista do dereito fundamental do artigo 23.3 fronte a perda do mandato, explica Carlos Ortega Santiago (2005), son similares aos que se derivan da prohibición do mandato imperativo[33] (p. 164).

É dicir, a doutrina constitucional arredor da representación nas Corporacións Municipais redunda no concepto do mandato representativo formulado pola teoría liberal da representación: baseada no concepto de mandato como encargo dos representados aos representantes, concelleiras e concelleiros, que non partidos políticos; estando suxeitos a un mandato libre e non imperativo, tampouco por parte dos partidos políticos; e garantido cun mandato que é irrevogable.

Á marxe do debate constitucional, o certo é que, como apunta Cristina Pauner (2010), a lóxica grupocrática foise facendo oco nos regulamentos parlamentarios, afondando na presenza do grupo como suxeito principal da actuación parlamentaria (p. 226). Deste xeito, funcións que correspondían no parlamento liberal aos individuos, foron asumidas progresivamente aos Grupos (Ortega Santiago, C. 2005, p. 198). Isto ocorre tamén no contexto municipal, onde o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais establece no seu artigo 23.1 que os membros das Corporacións Locais, "a efectos de su actuación corporativa, se constituirán en grupos". Deste xeito, na regulación de certos puntos sobre os debates plenarios, reserva determinados dereitos de actuación aos portavoces dos grupos, como por exemplo, a facultade de xustificar a urxencia dunha moción que non estivera comprendido na Orde do día -art. 91.4-.

Porén, a titularidade do dereito a voto segue correspondendo en exclusiva, e como regra xeral, aos representantes individuais. Ocorre nas Cortes Xerais, de acordo co artigo 79.3 da CE, que insire a consideración de que as Cámaras lexislativas son órganos colexiados integrados *prima facie* por representantes individuais (Ortega Santiago, C. 2005, p. 198). Así se recoñece tamén no caso das concelleiras e concelleiros segundo o artigo 99.5 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais: "el voto de los Concejales es personal e indelegable". Isto vén a afondar na independencia do mandato dos

[33] Carlos Ortega Santiago (2005), conclúe que a doutrina do Tribunal Constitucional resumiríase dicindo "que la vinculación de los representantes a la revocación por parte de su formación política, está prohibida para todos los cargos públicos por el derecho fundamental del art. 23.2", tamén para os das Corporacións Municipais; e que "la revocación por los representados, por el cuerpo electoral, está vedada constitucionalmente sólo para los Diputados y Senadores a través de la prohibición del mandato imperativo" (p. 165).

concelleiros e concelleiras, en contraposición coa lóxica innegable da partitocracia disciplinaria.

5.4. A REPRESENTACIÓN INDIVIDUAL NA ACTUALIDADE

A marxe dos dereitos individuais recoñecidos aos representantes institucionais no marco constitucional e xurisprudencial, o certo é que a evolución dos partidos políticos, e a súa consolidación como intermediarios da representación política en termos de manifestación do pluralismo político, ten erixido aos grupos parlamentarios -e municipais- como a expresión parlamentaria dos partidos políticos (García Morillo, J. 1991, p. 122), comportándose estes -e por extensión, os propios deputados e deputadas que o integran- como "brazos" dos partidos políticos de referencia (Sánchez Medero, G. 2012, p. 307).

Tendo isto en conta, cómpre preguntarse cal é o grao de independencia ou sometemento real ao que se ve supeditada a acción individual dos representantes electos. A este respecto, Heinz Eulau propuña en 1969 unha categorización en tres grandes roles de representantes[34]: o fidecomisario ou *trustee*, aquel representante que actúa con total independencia dos seus electores, guiándose pola súa conciencia ou polo coñecemento que ten sobre os asuntos da vida pública -dándose por sentado que será superior ao da sociedade xeral-; o delegado ou *delegate*, sometido a unha autoridade superior, que poden ser os seus electores ou o partido co que concorreu ás eleccións; e o rol político ou *politico*, que en función da situación ou tema a considerar, actuará como fidecomisario ou como delegado.

Trátase, polo tanto, dunha categorización que podería ter vixencia na actualidade aínda que, como veñen sinalando autores contemporáneos, a realidade política pasaría por unha extensión do rol de delegados, toda vez que a disciplina partidista remata impoñéndose as máis das veces sobre a vontade diverxente do parlamentario (Fernández Segado, F. 1994, p. 68).

[34] O traballo de Eulau xurde da idea previa debullada por Wahlke do 'rol do representante'. A partir disto, realiza unha enquisa en 1957 aos representantes das catro Cámaras estatais dos Estados Unidos, tal e como referencia Rodríguez Díaz (1987).

A disciplina partidista, sen embargo, non é vista como algo irredutiblemente negativo. Autores como Peter Mair e Richard Katz entenden que a unidade e a disciplina de partido “non son sólo ventajosas en términos prácticos, sino que son también legítimas en términos normativos” (p. 25). Unha consideración condicionada para Mair e Katz, a da lexitimidade, á implicación popular na formulación do programa partidario. É dicir, o partido ten que esta provisto de canles de comunicación coa sociedade de masas para poder articular as políticas de partido con lexitimidade suficiente que revertan na supremacía do partido extraparlamentario sobre os representantes institucionais.

Fernández Segado (1994), aínda recoñecendo esa utilidade da adscrición política, é absolutamente contrario a que as persoas electas, os representantes individuais, queden relegados á “absoluta irrelevancia”: “no han de quedar como meros elementos numéricos que nos ofrezcan la fuerza cuantitativa de un grupo parlamentario, carentes de toda capacidad de discernimiento y sometidos por entero a las pautas de comportamiento emanadas del partido " (p. 73). Unha idea que comparten Alzaga Vilaamil e Álvarez Rodíguez (2021), que cualifican de “incompatible” a volta do mandato imperativo, desta vez dos partidos sobre os parlamentarios, coas “elementales exigencias éticas en la vida pública y con la aspiración de que se incorporen a las Cámaras parlamentarias algunas personas de criterio y formación sólidos” (p. 400).

5.4.1. A personalización política e o seu impacto na relación representante-representado desde a perspectiva local

Aínda a risco de parecer antagónico, o certo é que o protagonismo, en termos formais, dos partidos políticos no modelo de democracia parlamentaria actual, veu acompañado nas últimas décadas do fenómeno da personalización da política. Bernard Manin (2025) analizaba hai case 30 anos como as estrataxemas de candidatos e partidos baseábanse, cada vez máis, na elaboración de imaxes imprecisas en termos programáticos para centrar a atención do potencial elector na personalidade dos dirixentes (p. 298).

Ata os anos sesenta, explica Manin, a maior parte de estudos sobre o comportamento electoral da cidadanía, identificaba características sociais, económicas e culturais como elementos fundacionais das súas preferencias políticas pero, a partir dese momento, os

resultados electorais comezan a presentar variacións significativas duns comicios a outros, cunha volatilidade do voto en aumento que non podía responder ao trasfondo socioeconómico e cultural dos votantes, que permanecía sen cambios (p. 335). O filósofo francés refírese entón á personalización da opción electoral (p. 336) como un dos elementos que estaba alterando a lóxica dos *cleavages* ou fracturas sociais preexistentes, que serviran de base outrora para o xurdimento dos partidos políticos, particularmente os partidos obreiros.

Desde esta perspectiva, Bernard Manin considera que esta desviación podería supor un retorno a un trazo do parlamentarismo liberal: a natureza persoal da relación representativa (p. 336). Isto é, o líder individual aparece como elemento vertebrador das decisións políticas que adopta o electorado, en detrimento doutros aspectos como a clase social ou a relixión (Rebolledo, M. 2017, p. 148).

Xa coincidía nesta tendencia Antonio Torres del Moral (1982), que advertía da progresiva personalización das eleccións nos líderes do partido[35] ou, cando menos, nos posibles equipos de goberno, "siendo los demás elegidos tan tólo el coro que arropa de vez en cuando a los solistas" (p. 19). Formúlase aquí a idea das eleccións como opcións entre equipos de líderes, máis que competencias entre grupos sociais pechados ou con ideoloxías establecidas (Mair, P. e Katz, R.S. 2015, pp. 34-35).

Esta tendencia, se retomamos as explicacións de Bernard Manin (2025), son consecuencia de varias casuísticas, nomeadamente dúas: a explosión dos medios de comunicación no marco da *democracia de audiencia*, que permiten unha comunicación directa dos candidatos coas súas circunscricións, "sin mediación de la red del partido" e, en segundo lugar, o protagonismo puxante das personalidades a costa dos programas electorais (pp. 337-338). E, efectivamente, isto ten a súa traducción na aera local.

O feito de que a personalización sexa consecuencia das novas canles de comunicación que facilitan a conexión directa entre representante e representado, supón case recoñecer que a personalización política na esfera municipal é inevitable, toda vez que esa conexión directa é permanente. Do mesmo xeito, ocorre coa confianza.

Se, segundo Manin, a confianza que inspiran os candidatos -a súa personalidade- puxa sobre os programas, toda vez que, ante os sucesos imprevisibles que poden condicionar a xestión

[35] José Luis Ruiz-Navarro (2018) sinala que esta evolución do sistema supón a concentración da imaxe do partido na figura mesma do líder, convertendo as eleccións nunha sorte de preferencia do líder que aspira a presidir o goberno representativo (p. 437)

política no contexto actual, é a confianza persoal un "criterio más adecuado para la selección que la evaluación de planes de acción futuros (2025, p. 339); no terreo local, a proximidade irremediable da xestión da cousa pública, fai da confianza un elemento fundamental[36].

Nesta consideración redunda María Martín Sánchez (2010), que destaca as especificidades das eleccións locais onde, a relación de proximidade entre electorado e elixidos, conduce a que os votantes apoien a persoas que na maioría dos casos coñecen e "a quienes confían sus intereses más que a grupos políticos" (p. 234).

É certo que estudos recentes sobre o comportamento electoral nas eleccións municipais, constata que, tamén nestes comicios, "siempre ha intervenido la dimensión nacional" (Delgado Sotillos, I. 2023, p. 18), froito do arraigo territorial que os grandes partidos estatais teñen alcanzado. Pero isto, non é óbice para admitir que o prestixio persoal dos candidatos, "es capaz de romper das fidelidades partidistas de los votantes, según criterios distintos en cada ámbito municipal" (Capó Giol, J. 1991, p. 144).

5.4.2. É sostible manter representantes individuais na partitocracia?

O dominio do proceso representativo e, incluso, do proceso lexislativo dentro das institucións representativas ten chegado a ser, segundo Gerhard Leibholz (1971), "absoluto por incontrolable (p. 30). Leibholz, cando aborda a disfuncións do parlamento actual, sinala os perigos que supoñen para os dereitos de control do poder, os cambios estruturais da democracia parlamentaria (p. 72). Segundo explica, o feito de que o Xefe do Goberno adoite coincidir, na democracia representativa de partidos, co xefe do partido maioritario, supón na práctica unha unión de poderes entre Goberno e Parlamento, suprimindo a lóxica de control do segundo ao primeiro, toda vez que o partido do que procede o Executivo "considera desleal

[36] A cuestión da confianza, precisamente, foi reiteradamente utilizada no caso de estudio, o PSOE de Santiago de Compostela en sucesivos procesos electorais e, máis aínda, co seu candidato Xosé A. Sánchez Bugallo en varios dos comicios. Xa no 2011, a 'Mirada da confianza', foi o *slogan* escollido polo partido para a venda de logros do mandato previa ás eleccións municipais dese ano.

Tamén nas últimas eleccións, a confianza volveu ocupar un lugar protagonista durante a precampaña, de novo con Sánchez Bugallo como candidato, capitalizando a venda de logros do mandato a través da marca 'Santiago, en boas mans'.

Dous exemplos que permiten colocar a confianza como un elemento central das estratexias electorais do PSOE de Santiago, obxecto de estudo nos seguintes epígrafes.

y poco elegante censurar publicamente a un Gobierno reclutado de sus propias filas" (pp. 61-63). É dicir, prodúcese, o que José I. Navarro veu a denominar "dulcificación" da separación entre Parlamento e Goberno (1999, p. 36).

Isto é só unha das consecuencias que, para o funcionamento normal das institucións democráticas, ten provocado a concepción do representante como axente de partido que, en consecuencia, perde a obriga de atender directamente os intereses dos seus electores (Casas, E. 2009, p. 27), xa que a substitución do Parlamento conformado por representantes individuais ao Parlamento de grupos, implica que os deputados carezan de visibilidade social e política (Pauner Chulvi, C. 2010, p. 235). Seguindo esta lóxica, son agora os partidos os que toman as decisións de maior importancia para o Estado, no seno dos seus órganos internos -non no Parlamento-, "de forma que la voluntad de éstos pasa a convertirse en la voluntad del Estado" (Navarro Méndez, J.I. 1999, p. 36).

Polo tanto, non se trata só de que o representante adopte unha posición de voceiro do partido político polo que concorreu ás eleccións, máis que calquera outra instancia; senón que as súas vinculacións partidistas, argumenta Torres del Moral (1982), pasan a ser máis fortes que calquera outra, incluíndo as da súa clase social (p. 14). Algo que, unha parte da teoría política, considera aceptable, toda vez que os concelleiros, ao resultaren elixidos por incluírse nunha lista dun partido político, pechada e bloqueada, os cargos deben ter a conciencia de que todo llo deben ao partido (Nieto, 2008, p. 93, citado en Fernández Hernández, O.M. 2021, p. 142).

Joaquín García Morillo, que fora letrado do Tribunal Constitucional, é partidario tamén da disciplina de partido, entendendo que no caso español, o representante electo adoita alcanzar esa condición polo feito de concorrer como parte dunha proposta partidaria, de xeito que a lóxica do sistema obriga á fidelidade do electo "a la propuesta programática y al encuadre organizativo en el que fue elegido": "supone asumir como funcional, legítimo y deseable que los parlamentarios actúen de conformidad con unas reglas de disciplina política de raíz claramente democrática" (1991, pp. 140-141).

Evidentemente, é innegable a tensión dialéctica, así a cualifica Carlos Ortega Santiago (2005), existente entre os presupostos da representación liberal e os da democracia de masas. Porén, é debatible cal debe ser a resposta a esta tensión, que para Ortega pasa por unha síntese que harmonice ambas cuestións, facendo compatibles a función mediadora dos partidos políticos e a función representativa autónoma recoñecida aos individuos electos (p. 38).

Ese camiño intermedio é sobre o que teoriza Fernando Santaolalla (1992), quen entende que a submisión do representante ao grupo e partido, non debera esaxerarse, defendendo que os grupos parlamentarios deben posuír unha vida propia, capacidade resolutiva para moitas cuestións, como a decisión sobre as iniciativas a presentar na asemblea correspondente ou a actitude respecto das iniciativas dos grupos rivais (pp. 97-98).

No papel dos grupos políticos é onde tamén pon o foco Martin Morlok (2019)[37], que teoriza sobre a *dialéctica de liberdade e de compromiso* (pp. 381-382). Con esta proposta, Morlok entende que a inclusión dun deputado nun grupo parlamentario supón un compromiso que provoca a diminución de liberdade do mesmo, pero esa diminución de liberdade debe atoparse sometida a límites fácticos, como é a prohibición do mandato imperativo. Xorde con isto a lóxica dos contrapesos de poder.

A irrevogabilidade do escano e a idelegabilidade do voto -centrémonos nestes dous aspectos, toda vez que a prohibición do mandato imperativo non rexe, como se comentou, no ámbito das Corporacións Locais-, reduce a capacidade disciplinaria dos partidos e grupos, provocando unha sorte de división de poderes necesaria para asegurar "cierto ámbito para la libertad y la democracia internas, que son exigencias para el mantenimiento a la larga de estas organizaciones partidistas y del propio Estado al que dan vida" (Santaolalla, F. 1992, p. 76).

Fernando Santaolalla (1992), entende baixo esta lóxica do contrapoder, que a titularidade do escano procura o mantemento mesmo do Estado constitucional, aínda que, recoñece, transitoriamente pode resultar gravoso para os valores que encarna. Unha situación que xustifica mediante a comparación: "de la misma manera que a nadie se le ocurre suprimir la libertad de prensa porque a su amparo pueda cometerse un delito de opinión, tampoco debiera defenderse la supresión de la titularidad individual del escaño para evitar el peligro de ciertos abusos" (p. 122).

Efectivamente, de non existir estes contrapesos, non se podería impedir que un partido político -que, como se ten comentado, adoita presentar algún tic autárquico-, puidera cesar aos seus deputados a discreción, "con la excusa de su indisciplina o sencillamente sin excusa" argumenta Torres del Moral (1982, p. 20) que, conclúe dicindo que, nestes supostos, sobraría a figura do deputado. Idéntico postulado adopta Carlos Ortega (2005), quen afirma que de ser

[37] Martin Morlok (2019) destaca a función "unificadora" fundamental dos grupos parlamentarios en termos operativos, toda vez que a atomización dun Parlamento conformado por individualismos correría o risco de non alcanzar maiorías estables que imposibilitaran unha toma de decisión eficiente.

unha esixencia xurídica o mandato de partido, “bastaría con atribuir un número de votos en el Parlamento a cada formación política, junto con la capacidad de designar a los mandatarios que la representarían vinculadamente en los procedimientos parlamentarios” (p. 57).

Así, a conversión do mandato de partido nunha obriga legal suporía conceder a titularidade dos cargos públicos representativos a unha cúpula directiva dun partido político, isto é, unha elite semellante a un novo soberano (García Roca, citado en Pauner, C. 2010, p. 229). É máis, Algaza Vilaamil O. e Álvarez Rodríguez I. (2021) coinciden en sinalar, se o que se persegue é un cargo electo que opera como un “mero eco” da dirección partidaria, “su única cualidad humana útil es la de la lealtad incondicional” polo que, de forma satírica conclúen que “el parlamentario ideal podría acabar por ser un perro de buena raza” (p. 399).

Polo tanto, á pregunta de se é sostible manter representantes individuais na partitocracia, é, para este conxunto de autores, que debe selo. A prohibición do mandato imperativo, en termos de partido, funciona na actualidade como unha sorte de separación de poderes dentro da lóxica dos partidos políticos que dominan o sistema de representación política, pero que o fan nun campo limitado de actuación xa que, como escribiu Montesquieu (2024), “hasta la virtud necesita límites” e para que non se poida abusar do poder, é preciso que “el poder frene al poder” (pp. 244-245).

A mellora do desempeño da representación política, non implica, segundo apuntan algunhas voces autorizadas, acudir á esixencia da obediencia partidaria, senón asumir o reto de mellorar a deliberación das decisións colectivas (Lifante Vidal, I. 2020, pp. 81-82). Isto debera ser así xa que, o perigo da partitocracia disciplinaria, como sinala Piedad García-Escudero, é que a cidadanía chegue a percibir como “superflua” a existencia de parlamentarios, o que arrastraría cara a non necesidade do propio Parlamento (p. 197). Por iso, a fórmula que propoñen autoras como García-Escudero é precisamente a contraria, a de reforzar a idea do parlamentario como representante do pobo e, de forma didáctica, explicar e divulgar as funcións deste. Unha casuística aplicable á figura do concelleiro en todos os termos expostos: se non se percibe que a Corporación Municipal é quen toma as decisións ou, cando menos, desenvolve un traballo efectivo para condicionar o rumbo político do municipio, podería acrecentarse a desafección política, xa que os concelleiros e concelleiras poderían deixar de ser vistos como axentes útiles ou, incluso, como interlocutores válidos, por parte da opinión pública.

6. CONTEXTO POLÍTICO: PANORAMA DO PSdeG EN GALICIA E SANTIAGO

Para poder determinar se o contexto político do PSdeG a nivel local en Santiago de Compostela, pero tamén a nivel galego, puido funcionar como un factor político que condicionara dalgún xeito o xurdimento e ampliación do conflito, convén explicar cal é a situación na que se atopaba o partido en xuño de 2024.

O PSdeG recuperara a alcaldía de Santiago de Compostela nas eleccións de 2019, obtendo unha maioría simple con 10 edís e 18.150 votos, o que supón o 34,69% do total, situando ao PSDEG como a primeira opción electora, por enriba tamén do Partido Popular, permitindo un goberno monocor con acordos puntuais.

Porén, despois dun mandato cun acusado desgaste de goberno, cun escándalo de corrupción a meses da cita coas urnas e a dimisión dun concelleiro entre críticas ao Alcalde, tamén a piques de comezar a precampaña, o *PSdeG* sofre unha derrota electoral que o sitúa como terceira forza política no Concello de Santiago de Compostela, producíndose por primeira vez o *sorpasso* do *BNG*. Deste xeito os socialistas perden catro dos seus dez edís, quedando tan só con 6 representantes na Corporación Municipal, 10.513 votos e un 21,66% do total. É dicir, en catro anos perden case oito mil votos e reducen en trece puntos o seu apoio electoral.

O resultado das eleccións provocou a dimisión do cabeza de lista, e Alcalde ata ese momento, como Secretario Xeral da Agrupación do *PSdeG* en Santiago de Compostela na mesma noite electoral. Anunciando tamén que non recollería a acta de concelleiro electo. Deste xeito, o *PSdeG* comezaba en Compostela un período de transición no que o Partido estaba destinado a reconfigurar proxecto de cara aos próximos comicios a catro anos vista.

De feito, non foi a de Sánchez Bugallo a única renuncia que tivo lugar logo do resultado electoral. Tamén o número 3 da candidatura, o histórico socialista Xaquín Fernández Leiceaga anunciaba a súa dimisión unhas semanas despois, precisamente facendo un chamamento á

renovación do PSDEG local[38] e abrindo a porta a novas dimisións[39] que, por outra banda, non se produciron.

A este contexto de reconfiguración e, polo tanto, renovación, pero tamén de inestabilidade no seo dos socialistas de Compostela, súmase a situación do partido a nivel galego. O PSdeG xa quedara relegado xa no 2020 a terceira forza no Parlamento de Galicia, logo de que o *BNG* conseguira absorber o voto da desaparecida *En Marea*. As eleccións autonómicas do 2024 afondaron máis nese mal resultado, perdendo cinco novos deputados, convertendo este no peor resultado histórico do PSdeG nunhas eleccións galegas: 9 escanos no Pazo do Hórreo, 211.361 votos e un 14,07%.

Unha derrota electoral que deixa tamén en Compostela unha perda significativa de votantes, pasando das 7.114 persoas que apoiaron a candidatura socialista na capital de Galicia no 2020 ás 6.373 que o fixeron nas autonómicas do 2023.

Polo tanto, o que latexa de fondo é un PSdeG debilitado tralos comicio electorais, nun momento de reconfiguración das súas filas a nivel local e autonómico, tamén cun recorte considerable dos seus recursos económicos -froito desa perda de representación institucional no Pazo do Hórreo- e, todo isto, podería ter implicacións no proceso expeditivo aos concelleiros de Santiago de Compostela.

[38] Reboyras, A. (2023, 7 de xuño). *Leiceaga renuncia al acta de concejal, vuelve a la USC e invita al PSOE local a una renovación*. El Correo Gallego. https://www.elcorreogallego.es/santiago/2023/06/07/leiceaga-renuncia-acta-concejal-vuelve-88385964.html

[39] Salgado, L. & Caínzos, I. (2023, 6 de xuño). *Leiceaga deja el PSOE de Santiago reclamando más dimisiones*. Cadena SER. https://cadenaser.com/galicia/2023/06/06/leiceaga-deja-el-psoe-de-santiago-reclamando-mas-dimisiones-radio-galicia/

7. ANÁLISE DE CASO: O PSdeG DE SANTIAGO E AS VIVENDAS TURÍSTICAS

Este apartado aborda a análise da crise política vivida no seo do Partido Socialista de Santiago de Compostela, a raíz da quebra da disciplina de voto do seu Grupo Municipal, nunha votación transcendental para a regulación das vivendas de uso turístico -en adiante, VUTs- no municipio.

Esa votación tivo lugar o 24 de xuño de 2024, nun pleno extraordinario no que se sometía a consideración da Corporación Municipal a ordenanza para a implantación dos usos asimilados. Isto é, unha das catro ordenanzas previstas na modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal[40] -en adiante, PXOM- impulsada durante o anterior mandato (2019-2023), baixo unha alcaldía socialista, para a regulación do fenómeno das vivendas de uso turístico.

Esta ordenanza tiña por obxecto concretar as condicións da implantación dos usos asimilados permitidos nese novo planeamento, é dicir, o que posteriormente se deu a coñecer como o uso asimilado de hospedaxe durante un máximo de 60 días: a modificación do PXOM deixaba a porta aberta a que, durante dous meses ao ano, calquera vivenda que, de xeito regular, se destinara ao alugueiro convencional, puidera durante dous meses operar no alugueiro turístico.

Isto fora xustificado desde o goberno local do socialista, Xosé A. Sánchez Bugallo, como unha medida que facilitaría a incorporación de vivenda ao alugueiro convencional dirixido a estudantes universitarios durante o curso escolar, de xeito que, os dous meses do verán, esas mesmas vivendas puideran ser rentabilizadas polos seus propietarios para o alugueiro turístico. Algo que, sostiñan, permitiría incorporar novas vivendas ao alugueiro convencional, ao mesmo tempo que mellorarían as condicións de habitabilidade desas residencias, toda vez que para ser competitivas no mercado turístico, as vivendas requiriría dun investimento para a súa posta a punto, que revertería en melloras habitacionais para quen alugara esa vivenda o resto do ano.

[40] Artigo 120 do Capítulo I do Título III do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Dispoñible en: https://xeoportal.santiagodecompostela.gal/contidos/Pxom2008/PlanosPDFsueltos/OrdReguladoras/Capitulo_1.pdf

Porén, esa modificación do PXOM deixaba tamén a porta aberta a que se elaborase outra ordenanza para a regulación dos usos e actividades preexistentes, isto é, aquelas vivendas que operaban con carácter previo á modificación do PXOM, incompatibles co novo plenaeamento, aínda facéndoo de maneira irregular. É dicir, presentábase unha sorte de 'amnistía' que podería significar a regularización de VUTs que operaban sen a perceptiva licencia municipal, por exemplo.

Esta segunda ordenanza, a inexistencia dela, foi precisamente o desencadéante do conflito entre Grupo Municipal Socialista e Partido Socialista ou, cando menos, o motivo principal que empregou o segundo para sustentar a abstención que impuxeron como disciplina de partido a esa ordenanza, o que significaría, en termos reais, o bloqueo da mesma. Isto é así porque nunha Corporación Municipal de 25 concelleiras e concelleiros, o Partido Popular conta con 11, e o goberno bipartito -BNG e Compostela Aberta-, tan só suman 8 votos, de xeito que só o voto positivo, e non a abstención, dos restantes concelleiros, os do PSDEG -6 votos- permitiría que a proposta saíse aprobada.

Por iso, a análise descritiva que se vai facer do caso empregar, para dar sustento empírico, a revisión das informacións publicadas sobre a crise política do PSDEG, pero tamén as relativas á propia ordenanza dos usos asimilados ás vivendas de uso turístico con carácter previo ao pleno do 24 de xuño de 2024, no que o Grupo Municipal Socialista rompeu a disciplina de partido e votou a favor da ordenanza en cuestión. Farase esta análise sustentada, como xa se expuxo, nas informacións publicadas entre o 3 de xuño de 2024, día no que o goberno local de Santiago de Compostela anuncia a decisión de non regular os usos preexistentes e desenvolver só a regulación dos usos asimilados; e o día 24 de xuño de 2025, un ano despois da votación en cuestión, aínda sendo perceptivo botar man nalgún caso doutras informacións previas para entender o contexto político no que tivo lugar a crise.

7.1. ANTECEDENTES: HISTORIA DUN SOCIALISMO DIRIXIDO DESDE O PAZO DE RAXOI

O PSdeG gobernou Santiago de Compostela desde a Alcaldía durante 30 anos desde a chegada da democracia a España. Durante eses 30 anos foron dous os alcaldes que dirixiron o Partido e o Concello: Xerardo Estévez e Xosé A. Sánchez Bugallo. Esta situación condicionou en boa medida as lóxicas de poder entre o GMS e a CEM, entre representantes

institucionais e cargos orgánicos. Por asimilación, na práctica totalidade das Executivas que se deron durante este período de tempo, deuse unha simbiose entre CEM e GMS, toda vez que no órgano de dirección partidista adoitaba haber un peso importante os representantes electos e, en calquera caso, o cargo da secretaría de Política Municipal, sempre estivo reservado para un concelleiro ou concelleira, segundo sinalan as dúas fontes entrevistadas: o exalcalde e exsecretario xeral do PSdeG Santiago, Xosé A. Sánchez Bugallo, e a exsecretaria de Organización, Carmen Fernández Morante.

A situación de dominio dos cargos electos sobre o partido (Duverger, M. 2002) non se manifesta, ou non só, no peso que puideran ter nominalmente dentro da dirección local, que tamén, senón na capacidade decisoria dos primeiros. Sinálase que o GMS sempre operou con certa autonomía no Concello de Santiago de Compostela, e que as decisións sobre os posicionamentos políticos, se discutían na CEM "pero a decisión se tomaba sempre desde o Grupo Municipal" (*Anexo 17.1*). Sánchez Bugallo engade a isto que desde a CEM nunca se impuxera, antes do 2023, ningún posicionamento ao Grupo: "nin formando eu parte do Grupo Municipal, nin formando parte do Comité Local e, nin sequera, cando eu non formaba parte de ningún dos dous órganos. Anteriormente a 2023 non teño coñecemento de que houbera eses posicionamentos".

Polo tanto, os cargos electos reservaron unha influencia dominante sobre o partido, en parte polo aspecto numérico, pero sobre todo no eido moral, polo prestixio que foron adquirindo. Máis aínda, os dous alcaldes que resultaron elixidos consecutivamente nas urnas. Apunta Carmen Fernández Morante a unha ríxida división de funcións, pola que a CEM "nunca adoptó decisiones o condicionó el posicionamiento del grupo municipal al entender que no era su competencia y que las decisiones institucionales eran competencia de los representantes institucionales, si bien previamente se realizaban deliberaciones y análisis conjuntos" (*Anexo 17.2*). Porén, tamén sinala a existencia de mecanismos de coordinación entre a parte institucional e a partidaria, a través de tres mecanismos: i) na propia CEM, que ao contar cunha representación considerable do GMS, incluía un primeiro punto na orde do día das súas convocatorias para informar da acción de goberno ou de representación institucional; ii) en reunións específicas informativas coa militancia; iii) en Asambleas extraordinarias, ante asuntos de maior calado.

En todo caso, hai factores regulamentarios que tamén facilitaron esa posición de dominio, toda vez que a normativa socialista conferiu relativa primacía aos cargos electos, cando estes conseguían a responsabilidade de gobernar. Isto mantense na actualidade, por exemplo, no

artigo 177, e) do Regulamento Federal de Desenvolvemento dos Estatutos Federais do PSDEG aprobados polo Comité Federal do 7 de xaneiro de 2022. Nel establécese que só se celebrarán primarias para a elección dos candidatos aos municipios, no caso de ser socialista a Alcaldía dese Concello, cando máis do 50% da militancia dese ámbito o solicite. É dicir, blíndase a posibilidade da reelección do Alcalde ou Alcaldesa sen necesidade de primarias, polo tanto, isto é un elemento que reforza esta lóxica de dominio do Alcalde e dos concelleiros, sempre e cando, sexan os que gobernan o municipio.

Porén, esta constante que se replicou ao longo das sucesivas Comisións Executivas Municipais do PSdeG de Santiago de Compostela, mudou desde outubro do 2023, cunha nova CEM que reducía a presencia do GMS a, tan só, a regulamentariamente imprescindible[41], sendo o portavoz municipal o único integrante en calidade de membro nato.

Polo tanto, nese momento, semella producirse o primeiro paso para iniciar unha renovación do partido, que supuxo tamén un cambio nas dinámicas de traballo. Así o identifican tamén as dúas persoas entrevistadas. Fernández Morante afirma que se produciu, desde o 2023, unha transición cara unha "lógica de funcionamiento contraria a los principios de colaboración positiva, respeto mutuo y convivencia constructiva, que con mucho esfuerzo y generosidad, se construyeron para recuperar el gobierno de la ciudad".

Asúmese así un maior protagonismo no debate político por parte da CEM e, particularmente, por parte do novo Secretario Xeral Local, Aitor Bouza Manso, ata o punto de que é a CEM, e non o GMS, quen asina o acordo de orzamentos municipais para 2024 nas dependencias do Concello de Santiago de Compostela co goberno bipartito[42]. Resulta conveniente apuntar neste punto que o goberno conformado por BNG e CA está en minoría, con 8 concelleiros e concelleiras (6 máis 2) dos 25 que conforman a Corporación e fronte os 11 do Partido Popular, de xeito que o PSdeG configurouse como socio preferente de goberno durante todo o mandato.

Este feito provocou algunha reacción por parte dos medios de comunicación, comprendendo que deberan ser aquelas persoas que ostentan o mandato representativo, pero que tamén,

[41] Reboyras, A. (2023, 21 de outubro*). Aitor Bouza ya es líder del PSOE compostelano: "Ao carón da xente, teremos de novo a Alcaldía"*. El Correo Gallego. https://www.elcorreogallego.es/santiago/2023/10/21/aitor-bouza-lider-psoe-compostelano-93629849.html

[42] Araújo, E. (2024, 4 de xaneiro). *BNG, CA y PSOE consensúan en Santiago un presupuesto "social e igualitario"*. La Voz de Galicia. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2023/12/30/bng-ca-psoe-consensuan-presupuesto-social-igualitario/0003_202312S30C1991.htm

polo feito de militaren nunha formación política e, dalgún xeito, representala tamén no Pazo de Raxoi; as que asinaran o acordo. Un exemplo atópase na columna de opinión que asina o delegado de *La Voz de Galicia* en Santiago, Ignacio Carballo, o 31 de decembro do 2023, referíndose a este feito como unha "anomalía democrática"[43], cuestionando a "ética y la estética política" de que sexa un cargo orgánico e non un representante institucional quen asine o acordo de orzamentos.

Este é un exemplo co que se pretende ilustrar un cambio na dinámica de funcionamento do partido na cidade, cun protagonismo en auxe do Secretario Xeral Local, en detrimento do GMS, xurdindo titulares nos medios de comunicación que advertían da exclusión do grupo municipal do debate político no Concello[44]. Isto tivo tamén as súas implicacións nas declaracións públicas de algúns dos membros da CEM, que abertamente, a través dos medios de comunicación, mostrábanse favorables a que algún dos concelleiros ou concelleiras electas presentara a súa dimisión para que o novo Secretario Xeral puidera acceder á Corporación, como a Vicesecretaria Xeral, Marta Álvarez-Santullano[45], toda vez que ía na candidatura das eleccións municipais e, a dimisión de algún dos cargos electos, provocaría que continuase a lista e que este accedera a un posto no Pazo de Raxoi. Tampouco o propio Secretario Xeral ocultou a súa vontade de acceder á Corporación Municipal[46].

Sobre esta última cuestión, as dúas persoas entrevistadas coinciden en sinalar que, tamén na proxección pública do PSdeG, debe haber un "certo equilibrio". Sánchez Bugallo faino insistindo en que "a representación elixida polos cidadáns debe prevalecer, pero é evidente que o partido como tal, tamén pode ter unha voz propia e específica".

---

[43] Carballo, I. (2023, 21 de decembro). *Otra anomalía*. La Voz de Galicia. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2023/12/31/anomalia/0003_202312S31C4992.htm

[44] Araújo, E. (2023, 5 de xaneiro). *El PSOE excluye a su grupo municipal del debate político en Raxoi*. La Voz de Galicia. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2024/01/05/psoe-excluye-grupo-municipal-debate-politico-concello/0003_202401S5C3991.htm

[45] Apestegui, A. & Caínzos, I. (2023, 13 de outubro). *Santullano: "Sería bueno que Aitor Bouza pudiera formar parte del grupo municipal".* Cadena SER. https://cadenaser.com/galicia/2023/10/13/santullano-seria-bueno-que-aitor-bouza-pueda-formar-parte-del-grupo-municipal-radio-galicia/

[46] Salgado, L. (2023, 23 de outubro). *Aitor Bouza sobre su posible entrada en el Pazo de Raxoi: "a medio prazo veremos".* Cadena SER. https://cadenaser.com/galicia/2023/10/23/aitor-bouza-sobre-su-posible-entrada-en-el-pazo-de-raxoi-a-medio-prazo-veremos-radio-galicia/

7.2. A VOTACIÓN: UNHA ORDENANZA PARA CULMINAR A REGULACIÓN SOCIALISTA DAS VIVENDAS DE USO TURÍSTICO EN COMPOSTELA

Neste contexto no que, a pesar de non facerse pública ningunha discrepancia directa entre os cargos do partido e os cargos electos, pero no que si que se dilucidan certas tensións entre ambos, dáse o obxecto que se propón de estudo no que o GMS rompe a disciplina de voto pautada polo PSdeG. Sen deternos nos antecedentes a esta ordenanza, xa expostos no epígrafe 7, é preciso remarcar que partimos dunha medida xa prevista no Plan Xeral modificado polo goberno socialista do que formaban parte cinco, dos seis concelleiros e concelleiras que compuñan no momento da votación o GMS -24 de xuño do 2024-, e sendo concelleira de Urbanismo, precisamente, unha das mesmas.

O comezo da polémica que vai suscitar este debate é o anuncio, por parte do goberno local, de que non se vai tramitar a ordenanza para a regulación dos usos e actividades preexistentes (*Anexos 1.1, 1.2, 2.1 e 2.2*), é dicir, aquelas vivendas que operaban ilegalmente pero que estaban, na meirande parte dos casos, anotadas no Rexistro de Actividades Turísticas -REAT- da Xunta de Galicia[47]. Esta decisión, supuña de facto pechar a porta á legalización de arredor de 600 pisos turísticos que operaban sen licenza municipal (*Anexo 3.1*).

A decisión foi inicialmente criticada polo GMS. A concelleira socialista, Mercedes Rosón, que fora a anterior responsable de Urbanismo -e, polo tanto, responsable política directa da modificación do PXOM que significou a regulación das VUT-, acusou ao goberno de incumprir as súas promesas electorais (*Anexos 1.2, 2.2 e 2.3*) nuns termos moi semellantes aos que, nos días seguintes, se manifestaba o Secretario Xeral, Aitor Bouza (*Anexos 1.3 e 2.4*) cunha diferencia notable no discurso: este último afirmaba non poder "asegurar nin confirmar o noso apoio favorable a esta ordenanza".

A seguinte nova relativa ao posiconamento socialista sobre esta ordenanza atópase o 15 de xuño de 2024 (*Anexo 1.4*), onde a concelleira Mercedes Rosón e, polo tanto, o GMS, logo de reunirse coas dúas asociacións implicadas no proceso, aseguraba que traballarían para

[47] Un rexistro autonómico no que si, podían darse de alta as vivendas turísticas que operaran no municipio pero que debían contar coa perceptiva autorización municipal para poder facelo. A pesar de que moitas das que estaban no rexistro non contaban con esa habilitación do Concello de Santiago de Compostela, foron incluídas igualmente, en contra do que marca a normativa.

buscar unha vía que permitise regular as VUT preexistentes, pero dando por sentado o voto favorable á ordenanza que se sometía a votación a semana seguinte, aínda que sen referirse a ela.

Porén, o venres 21 de xuño de 2024, a nova é diferente, e o PSDEG, por voz do seu secretario xeral local, Aitor Bouza, anuncia o "bloqueo" á ordenanza en cuestión (*Anexos 1.5 e 2.5*), unha cuestión que é interpretada como un "cambio de postura" que implicaba "tumbar a ordenanza para ilegalizar 600 pisos turísticos" (*Anexo 3.2*).

Esta decisión, anunciada pola dirección local do PSdeG, viu acompañada dun argumentario que remitiron á militancia e que finalmente se fixo público (*Anexo 4*). Nel, sustentábase a abstención -que, como se ten explicado, implicaba a non aprobación da iniciativa nun pleno cunha maioría do Partido Popular- fundamentalmente en dous elementos: "porque non se regula as VUT preexistentes e polas formas nas que se está a tramitar por parte do goberno municipal".

Ante isto, aínda que o PSDEG contou desde o comezo co respaldo da Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia -AVITURGA-, que fixo un comunicado pouco despois de facerse pública a nova (*Anexo 5*) amosando o seu apoio; houbo un amplo sector social e económico que se manifestou abertamente en contra desta decisión. O mesmo 21 de xuño, a Plataforma para a Regulación Turística de Galicia -PREVITURGA-, que representa a 14 entidades entre asociacións veciñais de Compostela, asociación de hostalaría, Unión de Consumidores de Galicia e sector hoteleiro; emitiu outro comunicado cualificando esta directriz do PSdeG como un intento de "pucherazo" (*Anexo 6*) e unha "traizón sen paliativos a toda a cidade e, por suposto aos seus votantes, alterando un traballo de anos que se atopa a punto de rematarse".

Tamén desde o Ateneo de Santiago de Compostela (*Anexo 1.6*) amosáronse a favor da ordenanza, que non só permitía regular a comunicación previa para os usos asimilados, senón que, segundo explicaban desde o goberno local, supuña *de facto* a ilegalización dos preexistentes, é dicir, as VUT que operaban irregularmente, por un criterio legal. A xustificación que, desde o goberno local, deron a esta decisión, era a imposibilidade legal de atopar unha vía para esa regularización, sustentándose en informes técnico-xurídicos da asesoría xurídica do Concello.

Porén, a 24 horas da celebración do pleno no que se sometería a votación esta cuestión, e despois de que os concelleiros e concelleiras do GMS recibiran instrucións do seu voto o venres 21 de xuño de 2024 baixo advertencia de apertura dun expediente disciplinario en caso

de desobediencia; súmase unha nova decisión, aparentemente unilateral, da CEM: a de renovar o personal eventual adscrito ao GMS (*Anexo 1.7*). Isto, provoca que xa se fale dunha "guerra interna con la legalización de 600 viviendas turísticas como excusa" (*Anexo 2.3*), en novas que, como esta de *eldiario.es*, subliñan que o PSDEG no Concello "siempre se posicionó a favor de apoyar esta iniciativa" ata que a dirección local do Partido "puso pie en pared este viernes y ordenó el cambio de criterio".

7.3. O INCUMPRIMENTO: ABSTENCIÓN E BLOQUEO OU VOTO A FAVOR E DESOBEDIENCIA

O luns 24 de xuño de 2024 prodúcese a votación. Unha votación que, en calquera caso, chegaba nun momento de tensión, toda vez que durante o fin de semana, logo de que o venres 21 de xuño de 2024 a dirección local do PSDEG anunciara a abstención na ordenanza; os membros do GMS optaron polo silencio como estratexia comunicativa. Nunha nova de *La Voz de Galicia* do 23 de xuño (*Anexo 2.6*), o día antes, dise que, nun acto público, "la concejala socialista, Mercedes Rosón, responsable de Urbanismo durante el anterior mandato, optó por el silencio -se despidió con «*bye bye*»- ante el interés de los medios por concer qué postura adoptará en el pleno de este lunes".

Finalmente, prodúcese a quebra da disciplina de voto. Na súa intervención no Pleno Municipal, a concelleira socialista Mercedes Rosón, invocou o mandato representativo e, na súa explicación do sentido do voto, argumentou que o voto a favor era o resultado da coherencia co discurso propio do partido na cidade, pero tamén no resto do Estado. Cómpre, polo tanto, reproducir a continuación algúns fragmentos da súa intervención[48]:

> "Modificamos -o goberno socialista durante o Mandato 2019-2023- o Plan Xeral, seguindo única e exclusivamente criterios urbanísticos. E, como resultado, fora da cidade histórica e de todo o ámbito do plan especial, só se admite a actividade dos pisos turísticos en determinadas zonas e sempre limitados ás plantas baixas. Esa é a regulación de vivendas turísticas que se fixo nesta cidade. E fíxoa o goberno socialista do Alcalde Bugallo. Fixémola nós".

[48] Fragmento transcrito da sesión plenaria do 24/06/2024 do Concello de Santiago de Compostela. https://www.youtube.com/watch?v=RoqaTj984aA

> "O noso compromiso coa regulación evidénciase na propia modificación do Plan. Ninguén pode dubidar da nosa posición en este tema. Nós tampouco".
>
> "Dende o pasado venres os meus compañeiros do Grupo e eu, fixemos unha profunda reflexión sobre como debemos actuar hoxe. Non negamos que sexa unha situación difícil. O é. Pero temos claro, que a responsabilidade de gobernar é infinitamente superior ás sinxelas promesas para contentar a todo o mundo. Hoxe absternos porque non nos gustan as formas, ten exactamente o mesmo valor e o mesmo resultado que votar en conta. Por tanto, como é posible non aprobar un texto que, aínda sendo un trámite administrativo, é en esencia unha medida socialista?"
>
> "Esta é a política que queremos facer? Cal é o sentido de todo isto? Este Grupo Socialista cre que ningún. Por iso, e sendo plenamente conscientes das consecuencias, hoxe decidimos ser leais e consecuentes. Leais coa cidade, leais cos veciños. Leais co que defende o partido socialista en España e en Galicia. E co que defendemos sempre estes concelleiros que estamos para Compostela".

Tamén o portavoz socialista, Gonzalo Muíños, interveu no debate para subscribir o posicionamento do GMS ao respecto da ordenanza. De igual forma, transcríbense algúns fragmentos de interese da súa intervención:

> "O que hoxe votamos é unha medida socialista. Un trámite administrativo que completa unha medida socialista".
>
> "As seis concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do que teño a honra de ser portavoz, sempre poremos o interese xeral da nosa cidade por diante. Así o fixemos ata agora, e así seguirá sendo. Por enriba de intereses partidistas. Por enriba de intereses particulares. E con coherencia co que defendemos e co que lle dixemos á veciñanza que íamos facer".
>
> "Nós estamos aquí para velar polos intereses das nosas veciñas e veciños, aos que representamos como concelleiras e concelleiros de Santiago de Compostela. Por iso hoxe votamos si".

Polo tanto, invocando o mandato representativo, o Grupo Municipal Socialista rompe, en bloque, a disciplina de partido. Minutos despois, a dirección local do PSDEG emite un comunicado (*Anexo 7*), anunciando a adopción de medidas disciplinarias, engadindo agora un novo elemento, non incluído no argumentario previo do partido (*Anexo 4*), asegurando que

o obxectivo do PSDEG era alcanzar un "acordo máis amplo e de calado" que contemplara a declaración da cidade como zona de mercado residencial tensionado, ao amparo da Lei 12/2023, de 24 de maio, polo dereito á vivenda.

Isto é recollido pola prensa (*Anexo 1.8, 3.4 e 3.5*), valorado por algúns medios como un "ejercicio mayúsculo de dignidad y coherencia frente a las órdenes de la ejecutiva local" -Anexo 2.7-, e ante o que, a posición inicial do PSdeG a nivel galego, é o de relegar esta cuestión a un conflito estritamente local (*Anexo 3.6*).

Logo da ruptura da disciplina de partido, houbo varios cargos institucionais e orgánicos do PSDEG de Santiago, pero tamén de fóra do municipio que manifestaron o seu apoio ao GMS e avalaron a súa desobediencia ás directrices do partido, destacando esta decisión como un exercicio de "coherencia e dignidade", é o caso de Blas García, Alcalde do municipio veciño, Ames, o tamén Alcalde socialista de Padrón e a Agrupación Socialista de Ordes (A Coruña), o exalcalde, Xosé A. Sánchez Bugallo, entroutros. Paralelamente, a repercusión mediática vai en aumento, facéndose incluso viral en redes a intervención da concelleira Mercedes Rosón no pleno municipal -acumula 120.800 visualizacións o vídeo da intervención na rede social *X*- , e saltando esta cuestión aos medios nacionais. .

Despois disto, o GMS amosou unidade fronte a CEM. A evidencia foi cando, en días posteriores, se negou a acatar o cambio do persoal eventual do Concello de Santiago de Compostela adscrito ao Grupo Municipal Socialista (*Anexos 1.10, 2.8 e 3.7*), toda vez que os dous nomes propostos pola CEM -a propia secretaria de Organización da dirección local e unha exconcelleira de Vilalba-, eran da máxima confianza do secretario xeral local pero alleas aos concelleiros. De feito, algúns medios interpretaron esta decisión da CEM como un intento de "controlar" ao GMS (*Anexo 2.9*) desde dentro.

As críticas que se sucederan durante o fin de semana, desde o anuncio da abstención por parte da dirección local do PSDEG, continuaron en días posteriores, planeando incluso a idea da dimisión do secretario xeral local en algún momento, algo descartado por el mesmo como titula *El Correo Gallego*: "Bouza no piensa dimitir tras el cisma en el PSOE: «Me siento apoyado por la dirección del partido[49]»" (*Anexo 1.9*). Deste xeito, durante o cruce de acusacións que se sucedeu en días posteriores, o GMS chegou a sinala que fora o PSdeG

[49] O apoio explícito da dirección do partido evidenciouse semanas despois, coa publicación dunhas imaxes do secretario local coa responsable de Vivenda do PSOE e ministra de Vivenda, Isabel Rodríguez (*Anexos 1.16 e 2.16*).

local quen vulnerara as directrices do Partido Socialista sobre as VUT (*Anexo 2.13*), preguntándose se os 'díscolos' eran eles ou a dirección local do PSdeG, toda vez que a liña do partido a nivel estatal era a da regulación das vivendas turísticas. Tanto é así que, no mesmo 21 de xuño de 2024, cando o secretario xeral local anunciaba a abstención á ordenanza que completaba a regulación das VUTs en Santiago, argumentando a ausencia dunha alternativa para os usos preexistentes; en Barcelona, ao mesmo tempo, o seu alcalde -socialista- anunciaba a intención de eliminar esta actividade na cidade a medio prazo[50].

A división entre a parte orgánica e a representación institucional do PSDEG vai en aumento, de xeito que incluso chega a evidenciarse a través da creación de diferentes perfís en redes sociais (*Anexo 2.11*), que despois foi xustificada por parte do GMS como unha "reacción" despois de que a dirección local mudara os contrasinais das redes que viñan empregando de xeito compartido, restrinxindo a súa posibilidade de acceder a estas.

Neste contexto, e ante un conflito que vai en aumento, os medios de comunicación sinalan que se están a producir realiñamentos dentro das familias ou seccións nas que tradicionalmente se dividía o partido (*Anexo 1.12*). Sen afondar nesta cuestión, posto que requiriría dunha análise profusa que excede ao propósito deste traballo, o que veñen a sinalar é que a crise interna do PSDEG estaba a provocar unha reconfiguración das relacións coa militancia. E mentres, máis aló da agrupación municipal, aínda que publicamente a dirección galega do partido aseguraba estar á marxe (*Anexo 1.14*), o certo é que nunha nova do 2 de xullo de 2024 recoñécese que o propio secretario xeral dos socialistas galegos, José R. Gómez Besteiro, interviñera directamente para reconducir a crise (*Anexo 2.12*). Unha consideración importante que aporta esta nova é a confirmación de que os desencontros entre dirección local e grupo municipal foran previos xa á votación da ordenanza[51]: "Desde la dirección local califican de insostenible la situación derivada de la negativa del grupo municipal a coordinarse con el partido y acatar las directrices marcadas por este ya desde el inicio del mandato, en octubre pasado, del equipo liderado por Aitor Bouza. Esta situación llegó a provocar la intervención directa del secretario general del PSdeG".

[50] Melgar, G. (2024, 21 de xuño). *El Ayuntamiento de Barcelona planea eliminar todos los pisos turísticos en noviembre de 2028*. El Mundo. https://www.elmundo.es/economia/2024/06/21/66756118fdddff6e4a8b45a3.html

[51] Isto tamén se deixa entrever nunha entrevista da vicesecretaria xeral do PSdeG en Santiago, Marta Álvarez-Santullano, do 7 de decembro do 2024 (*Anexo 1.24*). Nela, preguntada sobre a posibilidade de resolver o conflito sen recorrer a expedientes ou expulsións, di non ser optimista porque "se intentaron muchas cosas antes de llegar aquí, pero estas cuestiones dependen de la voluntad de las partes".

Porén, as posturas aparentaban estar moi distanciadas e, neste contexto, xurde a filtración dunhas declaracións do secretario provincial do PSdeG na provincia de A Coruña, Bernardo Fernández, nas que di preferir que o PSDEG queden sen representación no Concello de Santiago a ter edís díscolos (*Anexo 2.15*). De feito, as declaracións literais, que recolle *eldiario.es*, foron: "me importa un huevo quedarme sin grupo municipal en Santiago" (*Anexo 3.9*). Unhas declaracións que viñeron a reforzar o clima de confrontación no seo do partido en Compostela.

7.4. OS EXPEDIENTES: SEIS QUE REMATAN EN CATRO

Neste punto, as seis concelleiras e concelleiros do GMS parecían destinados a un final idéntico, toda vez que os seis desobedeceron as instrucións do partido no sentido de voto ante a ordenanza que completaba a regulación das vivendas de uso turístico en Compostela. Porén, o desenlace desta situación, foi a expulsión, non de seis, senón de só catro concelleiras: o seu portavoz, Gonzalo Muíños, e outras tres edís do GMS, Mercedes Rosón, Mila Castro e Marta Álvarez. Os dous restantes, Gumersindo Guinarte e Marta Abal, permanecen, no momento de elaboración deste traballo, como únicos representantes do PSDEG na Corporación Municipal de Santiago sendo, as catro expulsadas, concelleiras non adscritas.

Coa designación do instrutor do expediente disciplinario aberto ás seis concelleiras e concelleiros do GMS o 18 de xullo de 2024 (*Anexo 1.17 e 2.17*), semella conducirse o procedemento que, desde o Partido, adiantaban que sería "garantista" e se abordaría "sen dramatismos e sen présa" (*Anexo 1.11*). De feito, non é ata setembro que se atopa unha nova información sobre os expedientes en curso, na que se aseguraba por parte da dirección do partido que o expediente seguía "aberto e en prazo" (*Anexo 1.19*).

Sen embargo, o proceso comeza a velocidades diferentes. O primeiro en recibir a notificación oficial da apertura do expediente disciplinario foi o portavoz municipal, Gonzalo Muíños; e aínda que non se recolle en ningún dos medios cando se recibiu esta notificación, en setembro apuntábase a que fóra xa durante o verán (*Anexo 1.20*). Posteriormente, serán os demais membros do GMS os que recibirán a comunicación do mesmo, comezando polas concelleiras Mercedes Rosón e Marta Álvarez (*Anexo 1.23*). Isto, cando uns días antes, o 12 de setembro,

nun encontro coa prensa no que participou todo o GMS, ademais de confirmar que non existía relación coa executiva local, dúas das concelleiras socialistas dicían asumir o aberto inicialmente ao portavoz do grupo, Gonzalo Muíños, como un expediente "a todo o grupo municipal" (*Anexo 2.19*).

Esta imaxe de unidade se mantén, polo tanto, mentres o único expediente que avanza na súa tramitación é precisamente o do portavoz, Gonzalo Muíños. Este é o único que chega a declarar ante o instrutor do expediente disciplinario (*Anexo 2.21*) e, desde decembro do 2024, comeza a cuestionar o procedemento, cuestionando que sexa unha tramitación "garantista", a que se está a levar a cabo. De feito, prognostica a súa expulsión para a vindeira semana despois da realización da entrevista o 13 de decembro do 2024. E, aínda que non se chega a producir esa expulsión, o certo é que a reacción evidente por parte da dirección local foi, no mesmo día no que se facían públicas estas declaracións do portavoz municipal, proporcionar información contido do expediente disciplinario que se está a cursar sobre el (*Anexo 2.23*) aos medios de comunicación, de xeito que o titular o día seguinte sería que "El PSOE arma el expediente a Muíños sobre una docena de «indisciplinas»", procurando desvincular a súa expulsión da votación da ordenanza das VUT.

A fractura dentro do propio Grupo Municipal Socialista, e que parece condición necesaria -aínda que non suficiente- para explicar a expulsión de só catro dos seis integrantes do grupo, comeza a evidenciarse coa negociación dos orzamentos do 2025. Máis aínda, na sinatura do acordo dos orzamentos que realiza o portavoz municipal, Gonzalo Muíños -a diferencia dos correspondentes ao 2023, nos que fora o secretario local, Aitor Bouza, quen os asinara-. A este acto, asisten tamén os integrantes das comisións negociadoras de ambas partes (*Anexos 1.27, 1.28, 2.25 e 2.26),* salvo no caso do GMS: asisten as concelleiras Mila Castro e Mercedes Rosón, pero non Marta Abal, que formara parte da comisión negociadora -a diferencia de Castro-, e que foi unha das dúas persoas que non tiveron consecuencia disciplinaria algunha. De feito, a realidade é que ningún dous outros cinco expedientes disciplinarios que se iniciaran en xuño do 2024 continuou a súa tramitación, xa que a expulsión das catro concelleiras que finalmente tiveron que abandonar o GMS foi resultado dun novo expediente, como se verá a continuación.

A partir da sinatura deste acordo de orzamentos, o proceso se acelera logo de máis de medio ano sen avances significativos coñecidos, salvo a práctica do interrogatorio a só un dos concelleiros expedientados, ao portavoz, Gonzalo Muíños. Porén, tres días despois da sinatura de orzamentos, o 17 de xaneiro de 2025, o PSDEG resolve o expediente de Muíños

cunha suspensión de militancia de 18 meses e inhabilitación para exercicio de cargo público nese tempo (*Anexos 1.29, 2.27 e 3.11*). Un golpe que tivo tres réplicas inmediatas:

- A CEM acorda, na mesma tarde dese 17 de xaneiro, trala suspensión de militancia do actual portavoz municipal, Gonzalo Muíños, o nomeamento dun novo concelleiro para o cargo, Gumersindo Guinarte; así como a proposta de Marta Abal como secretaria.

  Nesta resolución, aínda que a dirección local reclama para si a competencia deste nomeamento -en cumprimento estrito do que, efectivamente, marcan os estatutos do PSOE-, o certo é que as esixencias legais[52] marcan que debe ser o grupo, por maioría dos seus membros, os que deben tomar esta decisión. Por iso, a resolución da CEM o que fai na práctica é propoñelo e reclamar a celebración dunha reunión, previa convocatoria do portavoz municipal, na que os concelleiros, por mandato de partido, deberán nomear a Guinarte novo portavoz.

- O concelleiro suspendido con esta resolución, horas despois de recibir a notificación, emite un comunicado (*Anexo 8*), con tres ideas forza:
  - Cuestionar o procedemento do expediente, ao asegurar que a resolución foi coñecida polos medios de comunicación antes que por el mesmo.
  - Reivindicar o mandato representativo, asegurando que o seu traballo como portavoz procurou primar "o interese xeral por enriba do particular e do partidista".
  - Asegurar que, ao ser unha suspensión de militancia e non unha expulsión, e ao non tratarse dunha resolución firme -ao permitírselle un recurso á Comisión Federal de Ética e Garantías, como órgano que debía revisar o expediente antes de selo-, os seus dereitos fundamentais "seguen intactos", dando por sentado que seguía sendo concelleiro do GMS de pleno dereito. Algo que sustentaría despois un informe do Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago[53].

[52] Así se interpreta do artigo 24 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, no que establece que a constitución dos grupos políticos se realizará mediante escrito dirixido ao Presidente do Pleno Municipal e subscrito por tódolos seus integrantes, e nel se fará constar a designación de Portavoz. Así, un cambio no mesmo, precisará dese mesmo escrito subscrito, cando menos, pola maioría do Grupo.

[53] Este informe técnico-xurídico foi reproducido, en parte, nun comunicado posterior do GMS (*Anexo 10*). Nese fragmento, diría o secretario xeral do pleno do Concello de Santiago de Compostela, que "admitir a posibilidade de que a decisión disciplinaria non firme ou temporal dunha formación política afectase á organización dunha Administración territorial como son os concellos suporía deixar á

- O Grupo Municipal Socialista, ou así aparece asinado, emite un comunicado logo de coñecerse a designación de Gumersindo Guinarte, compoñente desde mesmo GMS, como portavoz municipal por parte da CEM; no que:
    - Ratifica que a situación e composición do GMS non varía, por non ser firme a resolución.
    - Reafirma a confianza -da maioría- do GMS en Gonzalo Muíños para a súa continuidade no cargo de portavoz municipal.
    - Manifesta o seu "rotundo apoio" a Muíños, ante uns "feitos inxustos, que pretenden alterar a representatividade no Concello de Santiago de Compostela, menoscabando os seus dereitos fundamentais, e cuxo obxectivo último era, desde o principio, a suplantación do GMS e a nosa exclusión no debate público na nosa cidade chegando a esixir dimisións arbitrarias".

  O comunicado, aínda asinado polo GMS, é interpretado como unha mensaxe de parte do Grupo, ao situarse os concelleiros Gumersindo Guinarte e Marta Abal, como afíns á dirección local (*Anexos 1.29 e 2.28*). Pero nel, e resulta relevante, xa se apunta a unha idea que se repetirá no sucesivo no argumentario das catro concelleiras que finalmente foron expulsadas das filas socialistas: a existencia de "presións" para botalos do partido (*Anexo 2.30*).

A pesar deste último comunicado, a dirección local do PSdeG seguiu adiante coa súa intención de materializar o nomeamento de Guinarte como portavoz municipal, baixo a advertencia de que non toleraría "máis faltas de disciplina" dos concelleiros díscolos (*Anexo 1.31*) polo que, de non apoiar o nomeamento do novo voceiro, se activaría o proceso de expulsión (*Anexo 3.12*).

Para facer efectiva a resolución, Gumersindo Guinarte convocara unha reunión de Grupo para o luns 20 de xaneiro do 2025. Unha reunión á que non asiste Muíños, por non estar convocado e non recibir tampouco a resolución de nomeamento de Guinarte -toda vez que o PSdeG entendía que este xa non formaba parte do Grupo Municipal-; pero á que tampouco asisten outras tres concelleiras: Mercedes Rosón, Mila Castro e Marta Álvarez, aducindo que a

vontade dos partidos políticos a afectación ao funcionamento desa Administración, obviando a súa configuración institucional e legal".

reunión era “nula de pleno dereito”, toda vez que non a convocara o “lexítimo portavoz” e porque se excluía da mesma a un membro do grupo, ao propio Muíños (*Anexos 1.34 e 2.32*).

Ao tempo que se tería que producir esta reunión, as catro concelleiras que resultarían expulsadas do GMS ofrecían unha rolda de prensa na que contraargumentaron os motivos cos que o PSdeG sustentaba a suspensión de militancia de Gonzalo Muíños -Anexos 1.32 e 2.3-, afondando na idea das presións para forzar dimisións por parte da CEM, e cuestionando cada unha das infraccións que se lle imputaban ao portavoz municipal. Fixérono apelando a que unhas eran decisións colectivas de todo o Grupo, que non se lle podían imputar individualmente, como a negativa a relevar ao persoal de confianza; e que, outras, eran falsas, como a negativa a coordinarse coa dirección local do partido: explicaron que se lle proporcionaba información detallada da actividade municipal, con “máis de 600 expedientes enviados” e se facilitaba a presentación de iniciativas da CEM ao pleno municipal, tendo presentado todas as propostas remitidas polos cargos orgánicos do partido como iniciativas plenarias, salvo “unha só” -dous dos cargos que sustentaban a suspensión e Muíños eran precisamente a negativa a coordinarse a non presentación de iniciativas políticas para o pleno da Corporación elaboradas pola dirección local-.

Ante a non asistencia de Muíños, Castro, Rosón e Álvarez á reunión chamada a modificar a portavocía do GMS, o PSdeG activou o mecanismo da expulsión provisional (*Anexos 1.33 e 3.21*) que foi ditada directamente desde Ferraz[54], logo dun informe da Executiva provincial, e baixo decisión última do secretario de Organización federal, Santos Cerdán. Esta expulsión é notificada ás catro concelleiras, tamén a Muíños -a pesar de telo suspendido de militancia días antes- no mesmo día no que o secretario xeral do pleno emite un informe (*Anexos 1.35 e 2.35*) no que precisa que será necesaria unha resolución firme e definitiva para poder actuar e efectuar o paso das concelleiras críticas a non adscritas. E isto, implica que a resolución non admita alegacións nin recurso algún.

Esta situación fai que, a expulsión provisional ditada desde a dirección federal do PSOE, retrase a súa efectividade ata o 16 de maio do 2025. Un período de case tres meses no que ocorren algúns feitos que convén sintetizar para unha correcta análise dos factores que potencialmente puideron contribuír á ampliación do conflito interno pero, e sobre todo, das

[54] En determinados medios refírense a esta situación en termos de purga neste momento. É o caso de *eldiario.es* que titula “Ferraz culmina la purga en el Ayuntamiento de Santiago y expulsa de militancia a sus cuatro concejales críticos” (*Anexo 3.15*).

consecuencias que esta crise tivo sobre a percepción da lexitimidade do PSdeG en Santiago de Compostela.

- Logo da expulsión provisional ditada pola dirección federal do PSOE das catro concelleiras (*Anexo 1.46*), estas emiten un comunicado (*Anexo 10*), no que cuestionan a vía expeditiva disciplinaria escollida polo partido, a da expulsión provisional inmediata, ao entender que podería supor un "abuso da normativa e un fraude conceptual para alcanzar unha expulsión que xa se procurou forzar por outros medios".

- Paralelamente, diferentes cargos con responsabilidade orgánica procuran establecer un relato alternativo ao das expulsadas, reducindo á discrepancia a unha cuestión de acatamento do regulamento interno do partido, baixo a premisa de que "temos unha normativa que cumprir" (*Anexo 1.42*).

- Acrecéntanse, dentro do partido, e aínda de xeito embrionario, voces críticas contra a decisión de expulsión do PSdeG das catro concelleiras expedientadas. Para exemplo, a nova publicada por *El Correo Gallego* o 9 de febreiro de 2025 (*Anexo 1.44*) na que se recolle unha síntese das voces disidentes dentro das propias filas socialistas que se manifestaron publicamente en contra da decisión.

- Elévase a definitiva a expulsión provisional o 18 de febreiro do 2025, aínda que isto tampouco implicou a expulsión das catro concelleiras 'díscolas' do GMS -Anexos 1.45, 1.46, 1.47, 2.47, 2.48-, toda vez que seguían tendo a posibilidade de presentar un recurso á Comisión Federal de Ética e Garantías -Anexo 2.43-. Esta nova resolución, foi empregada polas concelleiras para reiterar un argumento que xa empregaran noutras ocasións: "os feitos e a súa cronoloxía, parecen acreditar que a polémica suscitada pola votación da ordenanza dos usos asimilados das VUTs era só unha cortina de fume e, o que se escondía detrás desa cuestión era a vontade pouco democrática de modificar arbitrariamente aos representes institucionais no Concello de Santiago de Compostela" -Anexo 11-.

- O 1 de marzo de 2025 faise pública unha 'carta da cidadanía' en apoio ás concelleiras expulsadas -Anexo 1.52, 2.52 e 3.18-. Unha misiva que asina medio centenar de persoas relevantes da sociedade compostelá, entre as que destaca unha voz autorizada no socialismo galego: o expresidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño. Ademais del, asinan a carta outras personalidades como os catedráticos da USC,

Ramón Maiz e Manuel López Rivadulla; o ex-decano da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC, Xosé Ramón Pousa ou xornalistas como Xosé Perozo e Luis Rivero de Aguilar.

A carta -Anexo 13- pivota sobre cinco ideas base: i) destaca o carácter representativo dos catro concelleiros que se deben á cidade "por riba da súa pertenza ao partido que os presentou" ás eleccións; ii) refírese a un "proceso continuado de deslexitimación" desde as instancias locais do PSdeG contra os representantes elixidos; iii) rexeita que as discrepancias políticas se diriman a través de medidas disciplinarias que impliquen a expulsión de concelleiras e concelleiros; iv) recoñece o "bo traballo" dos catro edís expedientados; e v) fía a este tipo de accións o "proceso de desafección cidadá e desconfianza cos partidos políticos".

A carta, que supuxo un revulsivo mediático, abriuse posteriormente á cidadanía, superando as 500 sinaturas o 6 de marzo do 2025 -Anexos 1.53, 2.543 e 3.19-, ás que se lle sumaron diferentes cargos do PSdeG, tamén de Santiago, e políticos de tódolos demais partidos -PP, BNG, Compostela Aberta e SUMAR-. Este movemento cidadán rematou concentrando a máis de 850 persoas asinantes -Anexos 1.59 e 2.59-.

- A resolución da Comisión Federal de Ética e Garantías, ratificando a decisión do mesmo partido de expulsar ás catro concelleiras, o 14 de marzo de 2025, veu acompañada do anuncio das expedientadas de recorrer a resolución na xustiza "pola vía civil ou incluso penal" (*Anexo 12*) pero, de novo, isto tampouco implicou a súa saída inmediata do Grupo Municipal, toda vez que se abría nese momento un procedemento administrativo, xa de corte interna no Concello de Santiago, polo que as catro concelleiras terían un prazo de audiencia por parte do secretario xeral do pleno para alegar cuestións de forma na tramitación do expediente (*Anexos 2.58 e 2.60*).

- As catro concelleiras expulsadas, xa co proceso xudicial en marcha, remiten unha carta ao secretario xeral do PSOE e presidente do Goberno, Pedro Sánchez, no que apelan a súa mediación (*Anexo 1.60*) e na que denuncian que a Executiva Local procurou "dende a súa constitución, facer desaparecer ao grupo municipal" influenciada por "ambicións persoais".

- Despois de varias semanas nas que se publican diferentes titulares reiterativos sobre a posible saída ou non do Grupo Municipal das catro expulsadas (*Anexos 1.61, 1.62,*

1.64), incluso con presións públicas por parte do PSdeG para acelerar o cambio[55], reclamando un proceso garantista pero "de dobre dirección" (*Anexo 1.64*), finalmente a expulsión das catro concelleiras chega o 16 de maio do 2025 nun pleno extraordinario (*Anexo 1.73, 2.73*).

Así, trátase dun longo proceso, que se dilatou polos prazos de alegacións previstos no procedemento administrativo último. Isto, posibilitou incluso que, antes de que se executara a expulsión das catro concelleiras do GMS, xa tivera lugar a vista para a resolución das medidas cautelares solicitadas, destinadas a impedir a execución da resolución do partido (*Anexo 1.69*) e nas que asistiu o exalcalde Xosé A. Sánchez Bugallo a declarar en calidade de testemuña, algo que, en boa medida, puido propiciar a súa dimisión como Senador (*Anexo 2.68*). Unhas medidas cautelares que, en todo caso, lles foron denegadas (*Anexos 1.74 e 2.75*) nun auto, non firme, no que a xuíza considera que o paso das concelleiras á condición de non adscritas "non afecta ao núcleo da función representativa"[56].

Isto non supuxo o fin da crise socialista, xa que o proceso xudicial segue en marcha -coa posibilidade de que as, agora concelleiras non adscritas, recorran o auto das medidas cautelares -asunto sobre o que non transcendeu información pública, ata o momento de entrega deste traballo-, coa demanda principal pendente tamén de xuízo, e logo de que as catro concelleiras pediran que se revise a tramitación do seu expediente, trala dimisión e entrada en prisión do secretario de Organización federal do PSOE, Santos Cerdán, quen firmara en última instancia a súa expulsión (*Anexos 1.75, 2.78 e 3.23*), aducindo diferentes irregularidades durante o proceso (*Anexo 15*).

[55] Os dous concelleiros afíns á dirección local do PSOE chegaron a ausentarse dunha sesión plenaria en protesta polas dilacións no proceso (*Anexos 1.63 e 2.62*).

[56] As medidas cautelares non entran no fondo da cuestión, que será obxecto do xuízo que se produza con motivo da demanda principal.

8. ANÁLISE E DISCUSIÓN

Para que este traballo académico non se limite a unha descrición dos feitos, que efectivamente se vén de realizar, e buscando conferirlle un *status* de explicación analítica, non basta con observar os fenómenos e describir o comportamento dos diferentes actores na crise política, vivida no seo do PSdeG de Santiago de Compostela, a raíz da ruptura da disciplina de voto do Grupo Municipal Socialista; senón que tamén é preciso estudar as causas que condicionan estes fenómenos. E iso é o que agora cómpre realizar, con apoio nas preguntas de investigación que se formularon ao comezo deste traballo académico.

A tensión entre o mandato representativo e a disciplina de partido, tivo a súa orixe aparente na discrepancia sobre o sentido de voto na ordenanza vencellada á regulación das vivendas de uso turístico en Santiago de Compostela: mentres a dirección local do PSdeG pautou a abstención como o sentido de voto obrigado polos seus representantes institucionais, o GMS optou por viabilizar a ordenanza, apelando ao mandato representativo que ostentaban, e defendendo que esta era a postura "coherente" coa liña defendida ata ese momento polo partido na cidade -e coa que defende o mesmo en todo o Estado-, e a "leal" coa cidadanía a que representan.

Porén, froito das posteriores declaracións de ambas partes e logo dunha revisión sucinta dos cargos que se lle imputaban ao portavoz socialista ata ese momento, Gonzalo Muíños, nunha acusación de "incumprimentos reiterados"; parece evidente que as tensións entre os cargos electos e os de partido producírase con antelación a esta votación. Unhas tensión que, tras ser descritas, podemos identificar en catro direccións:

- Coordinación á hora de compartir información municipal. A dirección local do partido acusaba ao portavoz municipal e, polo tanto, ao GMS, de non compartir a documentación que lles era requirida, dificultando a súa labor de seguimento dos asuntos municipais. Fronte isto, o GMS argumentaba que si había fluxo de información, e cifraba en máis de 600 os expedientes remitidos á CEM.

- Uso compartido dos recursos públicos do Grupo Municipal Socialista. Baixo a bandeira da "colaboración", a CEM parecía esixir que os traballadores municipais adscritos ao GMS prestaran tamén servizo -ou colaboración, se se prefire-, ao partido; argumentando que estes eran tamén traballadores do mesmo. Unha reivindicación destes postos de traballo como propios, que se fai manifesta cando a dirección local

se erixe como órgano capacitado para cesar e nomear ao persoal “de confianza”, esixindo o relevo dos que prestaban servizos ata ese momento e substituíndoos por outros afíns.

O mesmo cos recursos económicos. Aínda que nesta cuestión non houbo un especial interese por ningunha das partes en afondar, o certo é que se solicitaba por parte da CEM a sinatura dalgo semellante a un convenio económico de colaboración ao GMS, para que os recursos públicos que recibe como asignación por constituírse como Grupo Municipal, en función tamén do número de concelleiros que o conformaban, foran transferidos ás contas do partido. Algo que, despois se lle imputou ao portavoz municipal, como un incumprimento.

- Respecto ás directrices do partido. A disciplina de voto é só unha das formas que toma a disciplina de partido. Isto implica tamén que os cargos electos asuman as instrucións do partido noutros ámbitos. Neste sentido, sinalouse por parte da CEM a negativa do GMS de presentar algunhas iniciativas propostas polo partido ao pleno municipal. Algo que negou o GMS, sinalando que “das catorce ou quince que propuxeron” só unha non a presentaran.

- Foco mediático e renovación. O contexto político no que se da esta crise, logo dunha derrota electoral na que o PSdeG pasou a ostentar a Alcaldía da cidade a ser terceira forza, supuxo o inicio dun proceso de renovación. Algo que viu marcado pola elección dunha nova Comisión Executiva Municipal, a dimisión do Alcalde e cabeza de lista ou do número tres da candidatura. Porén, a renovación implicou tamén un desprazamento do GMS no ámbito do debate público en Raxoi: a nova CEM e o secretario xeral asumiron o protagonismo maioritario da acción política dos socialistas, en detrimento da imaxe pública do GMS, cuxo máximo exemplo atopouse na sinatura de orzamentos do 2023. Nese momento, foi o secretario local quen asinou os orzamentos nas dependencias municipais xunto a Alcaldesa -BNG- e a segunda tenente de Alcaldesa -Compostela Aberta-.

Sen entrar a valorar a legalidade de algúns dos asuntos que se veñen de expor e, incluso, sen facelo inicialmente tampouco coa lexitimidade do partido á hora de requirir determinadas cuestións; o certo é que estes catro elementos que se veñen de expor supuxeron unha ruptura total co funcionamento normal do PSdeG de Compostela ata ese momento.

Cunha tradición do partido na que os representantes institucionais -concelleiros pero, sobre todo, Alcalde- ocupaba unha posición de dominio sobre o partido; pásase a unha lóxica inversa, sen opción dunha situación intermedia, a da rivalidade entre cargos electos e cargos de partido é a categoría, no marco da teoría da oligarquía "externa", na que M. Duverger (2002) sitúa aos partidos socialistas, e onde os representantes institucionais estarían subordinados aos dirixentes pero conservando relativa autonomía no seu marco de actuación.

Efectivamente, á hora de inferir os factores políticos e institucionais que poden explicar xurdimento e ampliación do conflito interno, o contexto xeral do partido en Santiago, pero tamén en Galicia, condiciona ese cambio nas lóxicas de funcionamento e suxestiona algunhas das liñas nas que se intensificou a disciplina de partido. Véxase, por exemplo, a vontade de control dos recursos económicos e humanos do Grupo Municipal Socialista: a redución da representación institucional do PSdeG, tamén no Parlamento de Galicia, tivo implicacións seguras na asignación de recursos económicos ao partido político, tamén nivel galego. E isto tradúcese nunha necesidade de reestruturación dos factor humano nas filas socialistas, recolocación de persoal[57] e recortes. Polo tanto, podería haber certas necesidades de financiamento do partido que precisarían ser cubertas, algo que non se pode concluír neste traballo con rotundidade, pero que podería dar pé a un novo estudo sobre as implicacións económicas que tivo para o Partido Socialista de Galicia o resultado electoral das autonómicas galegas de 2024: o peor da súa historia.

Non se nega a lexitimidade dun partido para iniciar un proceso de renovación do seu proxecto político, máis aínda cando o resultado electoral convida a facelo para recuperar a confianza da cidadanía, evidentemente perdida, logo das eleccións locais do 2023. Pero o que non semella lexítimo en termos democráticos é que un partido político poida promover a expulsión dun grupo de representantes institucionais, en última instancia, compañeiros de partido, empregando a carta da renovación como xustificación.

É certo que os conflitos no seo dos partidos políticos non son fenómenos novos nin alleos a calquera campo de asociacionismo ou relación social. Porén, neste caso, o transcurso do conflito deixa entrever máis motivacións que as da coordinación. Iníciase, esta crise, cun expediente disciplinario aberto a todo un grupo municipal que ía abordarse "sen dramatismos

[57] Algo que remite á idea do patronato partidario (Mair e Kopecky, 2015) do intercambio particularista entre o partido e determinados individuos, que sitúa dentro do mesmo 'oficinas organizativas' que recomendan designacións e promoven a designación de cargos afíns nos postos de libre designación das institucións públicas nas que contan con presenza.

e sen présa" (*Anexo 1.11*) segundo a dirección do PSdeG; e pásase a un segundo expediente, aberto a catro dos seis, no que, tamén segundo a dirección do PSdeG, non se van tolerar "máis faltas de disciplina" (*Anexo 1.31*) e que emprega a fórmula dun expediente -sumarísimo- de expulsión provisional[58]. Semella aquí que, as diferenzas iniciais, programáticas ou de "orde intelectual" foran trocando en diferenzas persoais que, como escribía Robert Michels (2017), adoita ser a evolución normal nas loitas dentro dos partidos, que case sempre rematan espertando unha "hostilidade profunda entre os representantes das diversas teorías" (p. 205).

Pero deteñámonos un momento nesa diferenza programática, ou de orde intelectual, que provocou que o conflito latente no seo do PSdeG de Santiago, adquirise o cariz de crise política. E proponse facelo partindo da base de que os Partidos, como intermediarios fundamentais da relación representativa e aglutinadores dos intereses sociais, pode e debe poder participar na toma de decisións. Pero tendo en conta tamén que nun modelo de partido de masas, os votantes están dotados dun control prospectivo sobre as políticas (Katz R.S. e Mair, P. 2015), toda vez que apoian un programa electoral e, na ausencia deste -ou como prolongación do mesmo- o ideario que se da a coñecer en forma de expectativas por parte dun partido político en forma de promesas electorais.

Partindo desta base, o posicionamento do PSdeG na cidade de Santiago de Compostela estaba claro e marcado, non xa no seu programa electoral[59], senón na modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal que aprobou no mandato 2019-2023, pola que regulaba as vivendas de uso turístico fóra do ámbito do Plan Especial -a zona histórica, onde xa estaba prohibida esta actividade por unha norma previa-. Polo tanto, desde a perspectiva da representación da vontade expresada polos electores, aquí a pregunta sería, que esperaban eses votantes que apoiaron ao PSdeG nas eleccións do 2023 que fixera o partido ante esta ordenanza? Estando prevista no PXOM que aprobaron os socialistas no anterior mandato, seguramente aprobala. Do mesmo xeito que os electores esperarían, ou parte deles, que o PSdeG traballara activamente para que se buscara algunha vía de regulación para os usos

[58] José Ignacio Navarro Méndez (1999) amosábase moi crítico con este tipo de medidas cautelares de expulsión provisional, "en las cuales se ve comprometido el principio de presunción de inocencia (p. 521)

[59] O punto 45 do programa electoral do PSdeG-PSOE de Santiago de Compostela di, textualmente: "limitaremos a presión turística nos ámbitos urbanos máis afectados, aprobando a Ordenanza que desenvolva a modificación do PXOM no relativo aos pisos turísticos, e daremos prioridade ao uso residencial mediante políticas activas que favorezan un asentamento diversificado (Anexo 16).

preexistentes, isto é, as vivendas turísticas que operaban con carácter previo á marxe da legalidade.

Polo tanto, se unha ordenanza é viable e se somete a votación do pleno, e a outra, tamén prevista, revélase como xuridicamente imposible, que debería facer o PSdeG? Seguramente isto exceda o debate teórico-político, entrando nun xuízo de valor. Así que, para evitalo, proponse a aplicación dun enfoque de análise estratéxica.

Aplicando a lóxica xuízo-prexuízo para abordar esta decisión, debemos ter claro que actores se van ver beneficiados e cales prexudicados. Pero máis aínda, que actores van ser competidores e cales van ser aliados, á hora de tomar unha decisión sobre votar a favor ou absterse ante a ordenanza que completa a regulación das vivendas turísticas.

Táboa 1: Análise DAFO do ecosistema na decisión do GMS de apoiar a ordenanza

DEBILIDADES	AMEAZAS
• Pouca capacidade de mobilización. • Ningún poder orgánico dentro do partido.	• Medidas disciplinarias ou expulsión do partido. • Oposición de AVITURGA. • Mobilizacións dos propietarios das vivendas turísticas. • Xudicialización da ordenanza.
FORTALEZAS	**OPORTUNIDADES**
• Proxección pública e imaxe dos concelleiros e concelleiras. • Experiencia no diálogo cos axentes implicados. • Recursos humanos. • Irrevogabilidade do cargo de concelleiros.	• Respaldo do sector hoteleiro e hostaleiro. • Respaldo de asociacións veciñais. • Respaldo do sector das inmobiliarias. • Apoio do Ateneo de Santiago. • Preocupación da opinión pública polo auxe do alugueiro turístico. • Complicidade das dúas forzas do goberno local. • Apoio dos medios de comunicación de corte progresista. • O momento: con Barcelona e A Coruña anunciando a regulación das VUTs.

Fonte: elaboración propia

Descrito o caso, os concelleiros 'rebeldes' atoparon en PREVITURGA, non un, senón 14 aliados entre asociacións veciñais, hoteleiras, inmobiliarias e sector hostaleiro. É dicir, ao carón da súa decisión, a desobediencia á directriz do partido, contaron cun importante volume de aliados. Precisamente, moitos deles con grandes capacidades de actuación de cara a opinión pública a través dos medios de comunicación locais. Tamén os consumidores, os usuarios, representados a través da Asociación de Consumidores de Galicia, resultaban beneficiarios desta medida. Todos estes atopábanse na marxe dereita dunha hipotética análise DAFO (*Táboa 1*), isto é, fortalezas e oportunidades.

Pero hai máis, outra fortaleza dos concelleiros non adscritos era o beneplácito das dúas forzas que compoñen o goberno bipartito -BNG e Compostela Aberta-, de xeito que os opositores á súa desobediencia tornaban en residuais: o propio partido e AVITURGA, a asociación en defensa dos propietarios de vivendas turísticas.

Así, desde o punto de vista da análise estratéxica, a abstención (*Táboa 2*) -que implicaba o bloqueo da ordenanza-, semellaba pouco prudente, xa que os aliados do GMS serían os competidores da CEM, de xeito que, gañar un debate racional sinalando os compromisos incumpridos do goberno do BNG coas vivendas turísticas preexistentes, argumentando unha mala praxe nas "formas" do goberno local ou, incluso, defendendo a necesidade de alcanzar un acordo máis amplo en materia de vivenda; queda invalidado pola vía do apoio á decisión do GMS.

Tamén o momento político no que se presenta este debate supón unha ameaza para a decisión da CEM de absterse e, ao tempo, unha oportunidade para o GMS rachar a disciplina de voto. Esta polémica suscítase nun momento no que a vivenda ocupa un lugar preeminente no debate político, e no que a regulación das vivendas turísticas estaba sendo abandeirada por parte do PSOE nas cidades galegas onde goberna: A Coruña, facendo público nese momento a súa intención de iniciar o procedemento para regular este fenómeno[60], ou Vigo[61], que se sumou unhas semanas despois á regulación.

[60] La Voz de Galicia (2024, 25 de xuño). *Las viviendas turísticas de A Coruña deberán darse de alta en Hacienda para regularizarse*. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/coruna/2024/06/25/coruna-comienza-regularizar-viviendas-uso-turistico/00031719314733500944825.htm

[61] Borrazás, M. (2024, 10 de xullo). *Vigo regulará los pisos turísticos con una nueva ordenanza*. Atlántico. https://www.atlantico.net/vigo/vigo-tramita-ordenanza-regular-pisos_1_20250710-3914067.html

Táboa 2: Análise DAFO do ecosistema na decisión da CEM de absterse na ordenanza

DEBILIDADES	AMEAZAS
• Pouco coñecemento do secretario xeral. • Falta de liderado claro no partido. • Mensaxe confuso e cambiante.	• Oposición do sector hoteleiro e hostaleiro. • Oposición de asociacións veciñais. • Oposición do sector das inmobiliarias. • Crítica do Ateneo de Santiago. • Preocupación da opinión pública polo auxe do alugueiro turístico. • O momento: con Barcelona e A Coruña anunciando a regulación das VUTs.
FORTALEZAS	**OPORTUNIDADES**
• Apoio da dirección provincial e galega do PSdeG. • Capacidade sancionadora aos concelleiros díscolos.	• Apoio de AVITURGA. • Respaldo dos pequenos propietarios de vivendas turísticas.

Fonte: elaboración propia

Volvendo á análise do funcionamento interno do partido, o que se evidencia da descrición do caso é que a decisión do voto, a decisión trasladada por parte da CEM ao GMS sobre a abstención acordada pola mesma sobre a ordenanza de vivendas de uso turístico, alén de ser ou non lexítima, ou ser ou non racional en termos estratéxicos, está viciada de orixe por un *déficit* democrático: a decisión chega, como mínimo, sen terse habilitado aparentemente mecanismo algún de equilibrio disciplina e autonomía. O feito de que a orde de abstención chegara ao GMS en forma de resolución con advertencia dun expediente disciplinario, máis aló da decisión mesma, xa é síntoma dun déficit de democracia interna que retoma a idea do dominio do partido sobre os representantes institucionais.

"Nadie está por encima del partido" foi o argumento esgrimido polo secretario local, Aitor Bouza, para xustificar a adopción de medidas disciplinarias. Porén, e retomando a idea da personalización política propia do eido local, Nieves Lagares, experta en partidos políticos, publicaba eses días un artigo de opinión no que cualificaba esta como unha "muy desafortunada apreciación" porque, explica "si algo debe saber un líder municipal es que por encima del partido están los ciudadanos, que nadie tiene legitimidad democrática para

imponer decisiones a los representantes elegidos por la ciudadanía, y mucho menos en el ámbito municipal[62]".

Referíndose a esta situación como un "secuestro" da representación cidadá, Lagares introduce no debate deste caso a cuestión da personalización política no eido local. A campaña electoral do PSdeG en Santiago de Compostela do 2023, ao igual que outras precedentes, pivotou sobre os seus primeiros nomes da candidatura, e fundamentalmente o do propio alcalde, Xosé A. Sánchez Bugallo. E o fixo tamén empregando como *late motiv* recorrente, a confianza, directamente interpelada no *slogan* de precampaña: *Santiago, En boas mans*. Unhas boas mans que, no ámbito local, se identifican con nomes e apelidos dos veciños aos que, de forma directa, coñecen os electores que os colocan -vía votación- nos cargos de responsabilidade e representación institucional. E, esta idea, é a que sustentou a especificidade do mandato representativo ao que invocaron os concelleiros e concelleiras do GMS no momento da votación da ordenanza.

Ata aquí o motivo do inicio da crise, pero falta explicar a ruptura interna do GMS e que a expulsión rematara por afectar a só catro dos seis concelleiros que compuñan orixinalmente o Grupo. Se nos cinguimos á observación dos acontecementos, algo ocorreu previamente á sinatura do acordo dos orzamentos que fixo que dous concelleiros, Marta Abal e Gumersindo Guinarte, abandonaran o barco da unidade compacta que amosaran ata ese momento desde o Grupo Municipal, para volver á senda da disciplina partidaria. Resulta tamén indicativo que a concelleira Marta Abal, quen concorrera ás eleccións do 2023 como independente, se afiliara ao partido durante este procedemento disciplinario (*Anexo 3.13*). E tamén contribúe a explicar este achegamento o feito de que só un dos seis expedientes iniciais, o orixinado pola ruptura da disciplina de partido na votación da ordenanza relativa ás VUTs, seguise a súa tramitación: o de Gonzalo Muíños. Do mesmo xeito que o é que, o motivo inicial polo que se abrira ese expediente, a indisciplina no voto das VUTs, o único cargo compartido polos seis concelleiros e concelleiras, rematara un apercibimento e non supuxera ningunha medida privativa de militancia.

Os motivos que levaron ao PSdeG a, en certa medida, amnistiar a estes dous concelleiros semellan descoñecidos. O feito de telo propiciado, como se ten exposto, non. Sexa un regreso á disciplina partidista, sexa un acordo descoñecido ou, simplemente, sexa un acordo de paz

[62] Lagares, N. (2024, 27 de xuño). *PSdeG, elegir a unos para que decidan otros*. La Voz de Galicia. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/opinion/2024/06/27/psdeg-elegir-decidan/0003_202406G27P14995.htm

e convivencia. O que está claro é que os dous concelleiros, recuperaron a confianza do partido -ou, á inversa, o partido recuperou a destes-, e iso permitiu o cambio de criterio antes explicitado: o pasar dun expediente sen présa a unha expulsión provisional como medida cautelar. Isto, toda vez que a desaparición total da representación do PSdeG no Concello de Santiago, xa non estaba en risco.

Por outra banda, é certo que os freos legais que se estableceron a partir da interpretación garantista do secretario xeral do pleno do Concello de Santiago para a tramitación final desta expulsión, retrasaron a efectiva saída das catro expedientadas do GMS. Isto puido contribuír, efectivamente, a ampliar o conflito interno.

Porén, isto tivo lugar na tramitación final do expediente, cando xa se arrastraba unha longa traxectoria de meses nos que: a repercusión mediática, reforzada polo momento político no que se abordou este asunto, con Barcelona anunciando a prohibición das vivendas turísticas o mesmo día que se comunica abstención en Santiago a unha ordenanza vencellada a este fenómeno; o apoio público de figuras destacadas do ámbito académico, empresarial pero, sobre todo, personalidades vencelladas ao PSdeG como o expresidente Touriño; e o propio recoñecemento público das concelleiras e concelleiros expulsados, que contaban co beneplácito de varios dos aliados da regulación que supuxo o inicio deste procedemento, xa contribuíran a ampliar o conflito interno ata convertelo nun dos principais asuntos da axenda mediática local -e, por momentos, tamén da galega-.

Recuperemos, neste punto, as dúas hipóteses de traballo:

- Formulábase a posibilidade de que a disciplina de partido fora exercida por parte do PSdeG de Compostela sen marxe de voto libre, nunha cuestión local polémica, como son as vivendas de uso turístico, provocando a ruptura coas concelleiras e concelleiros que apelaron ao mandato representativo.

A análise evidencia que non só o mandato de partido foi exercido de forma ríxida, senón que foi exercido de forma unidireccional. O feito de que a imposición do sentido do voto chegara en forma de resolución da secretaría de Organización, e baixo advertencia de apertura de expediente disciplinario, deixa entrever un cambio na forma de proceder no seo da Agrupación Socialista de Santiago de Compostela, onde os posicionamentos eran tradicionalmente fixados desde o Pazo de Raxoi -sede do Concello- e informados á Casa do Pobo, nunha división estrita das competencias institucionais e orgánicas, atendendo á descrición que

aportan as persoas que precederon á Comisión Executiva Municipal na dirección local do partido nos últimos anos.

Polo tanto, a lóxica de autonomía coa que operaban os representantes institucionais socialistas no Concello de Santiago de Compostela, trocouse nunha nova forma de organización, onde os cargos do partido asumen o protagonismo político das decisións, en termos mediáticos pero tamén de poder.

- Sinalábase ao comezo do traballo que a falta de mecanismos de diálogo efectivos e a estratexia de reforzar cargos afíns por parte da dirección local para reforzar a renovación do partido intensificaron o conflito.

E, efectivamente, os mecanismos de diálogo internos fallaron ou non se habilitaron. Non existiu diálogo máis que unidireccional ao remitir unha resolución que partía dun acordo da CEM. Pero o estalido da crise viu motivada por máis factores, un deles, si, a estratexia de reforzar a cargos afíns por parte da dirección local.

As peticións de renovación fixéronse públicas por parte de diferentes membros da dirección local do partido, recoñecendo o "positivo" que sería que o secretario local da agrupación, integrante das listas da candidatura socialista do 2023, puidera entrar a formar parte da Corporación Municipal. É dicir, en última instancia, o que se estaba a pedir eran dimisións. Unhas peticións que respondían á lexítima vontade dun partido político de preparar un novo e renovado proxecto, tras un resultado electoral que os retirou da Alcaldía e relegounos de primeira a terceira forza política. Porén, as denuncias de presións que chegan por parte dos membros do GMS, non semellan comulgar co precepto de funcionamento democrático que, constitucionalmente, lle é esixible aos partidos políticos.

9.CONCLUSIÓNS

Este traballo ten por obxecto aportar unha visión novidosa e actual ao debate arredor da tensión entre o mandato representativo e a disciplina de partido: local e a través dun caso recente, cun impacto mediático de escala autonómica e, por momentos, estatal.

Respondamos pois, neste punto, aos obxectivos cos que se formulaba este traballo académico:

- Os mecanismos disciplinarios empregados pola dirección local e federal ante a desobediencia do Grupo Municipal Socialista no Concello de Santiago de Compostela, a desobediencia inicial, a da ruptura da disciplina de voto, foi un expediente sancionador que rematou nun apercibimento. Non foi a desobediencia na ordenanza que completaba a regulación das vivendas de uso turístico -precisamente a que detonou a crise política-, o que provocou a expulsión de catro dos seis concelleiros do GMS.

  Porén, a observación dos feitos demostra que, aínda que esta medida non provocou a expulsión, foi o que permitiu fracturar internamente ao Grupo Municipal Socialista que, como xa se expuxo, amosaba reticencias ante un cambio na lóxica de funcionamento do Partido que a nova dirección local trataba de impoñer, cun desprazamento claro do poder cara o partido -cando tradicionalmente, o núcleo decisional, se situaba nos representantes electos-. Así as cousas, foi a ausencia desas catro concelleiras a unha reunión coa que se pretendía propiciar un cambio de portavoz, tamén imposto pola CEM pero cun previo acordo con dous dos seis concelleiros, o que derivou na súa expulsión definitiva, vía procedemento sumarísimo de expulsión provisional.

- O Grupo Municipal Socialista de Santiago de Compostela invocou o mandato representativo e a coherencia cos propios actos á hora de rachar a disciplina de partido e apoiar a ordenanza que completaba a regulación das vivendas de uso turístico. Un mandato representativo, sustentado na “coherencia” co programa electoral do PSdeG, que incluía a aprobación desta ordenanza -enfoque prospectivo da confianza- e na “lealdade” coa cidade -teoría da soberanía nacional e representación do interese xeral do municipio no seu conxunto-.

Un argumento, o do mandato representativo, que tamén se esgrimiu ante as outras fórmulas de mandato de partido que se deron con carácter previo e posterior a esta votación: a remisión de documentación ou as decisións relativas á iniciativa política reclamáronse como propias dos representantes electos ao seren titulares deste mandato. Tamén a capacidade -recoñecida, en todo caso, legalmente- de escoller ao seu portavoz municipal.

- Entre os factores políticos e institucionais que explican o xurdimento do conflito, está a situación do PSdeG en Galicia e, máis aínda, en Santiago: tralos resultados electorais, considérase necesario iniciar un lexítimo proceso de renovación do proxecto político que colisiona coa irrevogabilidade dos concelleiros e concelleiras electas.

  A ampliación inicial do conflito é resultado da unidade exhibida polo GMS, que refrea as aspiracións de renovación inmediata así como a vontade de producir un desprazamento do poder político e da proxección mediática sobre a figura do secretario xeral do partido, Aitor Bouza.

  Finalmente, o momento político, cunha especial sensibilidade da opinión pública coa cuestión da vivenda e o turismo, que propicia a publicación dun conflito que xa se estaba a producir no marco das relacións internas do partido; os aliados que atopan os concelleiros rebeldes na defensa da súa ruptura da disciplina de voto, o apoio mediático e, sobre todo, social que se mobiliza nese momento, a través da carta de apoio da cidadanía que chegan a subscribir máis de 850 persoas entre as que figura o expresidente socialista, Emilio Pérez Touriño; así como a interpretación garantista dos efectos que a expulsión do Partido podía supor para os concelleiros expedientados que realiza o secretario xeral do pleno do Concello de Santiago de Compostela, contribúen a ampliar os efectos do conflito.

- A desobediencia dos concelleiros rebeldes, a xestión da crise que ten realizado o PSdeG de Santiago de Compostela e a expulsión final de catro concelleiras do GMS ten provocado un resentimento xa na lexitimidade do PSdeG na capital de Galicia, segundo os datos que se desprenden da enquisa realizada por *Sondaxe* para *La Voz*

de Galicia, publicada o 25 de maio de 2025[63]: atendendo á intención de voto, o PSdeG só é capaz de reter o 47,2% da súa base electoral e o 26,4% dos que declaran ter votado socialista nas pasadas eleccións municipais, agora estarían indecisos. Uns datos que amosan unha tendencia á baixa se se comparan coa enquisa realizada polo mesmo medio un ano antes[64], en maio do 2024, cando o PSdeG retiña o 58,4% do electorado.

Atendendo ao obxectivo xeral, convén retomar as consideracións de Maurice Duverger (2002) para precisar algunha conclusións xeral que se pode extraer do estudo de caso. Duverger explicaba que o desenvolvemento de obediencia implica homoxeneidade dun partido, ausencia de fraccións. De feito, os "sistemas de purgas" teñen a súa utilidade en preservar a ortodoxia do partido e procurar a unidade nas súas filas (p. 204). Claro que, esta idea do obxectivo das medidas disciplinarias, convida a reflexionar sobre se o obxectivo en Santiago de Compostela era dominar unha relación desigual ou procurar o entendemento. E máis que iso, se no entendemento, nesa sorte de punto intermedio de equilibrio, é posible a ortodoxia e a unidade.

Desde logo o sería se os concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal Socialista tiveran un *cahier d'instructions* no que se fixaran as súas obrigas como representantes electos e, sobre todo, as súas tarefas, para que actuaran como delegados e estiveran suxeitos a un mandato imperativo nunha sorte de relación vinculante entre partido e representante. Non é así. Os representantes públicos, tamén os locais, están suxeitos á irrevogabilidade do seu mandato, cun voto que tampouco é delegable, que remite á idea liberal do mandato representativo.

Esta realidade está obrigada a entenderse coa lóxica dos partidos políticos, imprescindibles para ordenar o posicionamento político e facer identificables aos actores políticos. Pero isto non rexe con igual forza en todos os ámbitos electorais: no local, está claro que a proximidade dos representantes aos representados crea unha relación directa que vincula a elección á idea da confianza, tamén liberal.

---

[63] Gago, X. (2025, 25 de maio). *Encuesta de Sondaxe: El PSOE podría mantener sus alcaldías ante un BNG que le gana un edil en cinco urbes, y el PP sube*. La Voz de Galicia. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2025/05/24/psoe-mantiene-alcaldias-ante-bng-gana-edil-cinco-urbes-pp-sube/00031748108709432681796.htm

[64] Lorenzo, S. (2024, 26 de maio). *La gestión de Goretti Sanmartín roza el aprobado en su primer año en la alcaldía de Santiago*. La Voz de Galicia. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2024/05/26/gestion-sanmartin-roza-aprobado/0003_202405S26C1991.htm

Polo tanto, estamos ante un xogo de forzas, que deben atopar o punto de equilibrio para evitar crises como a do PSdeG de Santiago de Compostela, pero que deben permanecer inalterables, toda vez que as diferentes capas da representación política funcionan de contrapesos, que remiten á idea da división de poderes.

Escribía Montesquieu (1748) que "Hasta la virtud necesita límites. Para que no se pueda abusar del poder hace falta que, por la disposición de las cosas, el poder refrene al poder" (pp. 244-245). A división de poderes estaba clara no PSdeG de Santiago de Compostela ata a derrota electoral do 2023 e a renovación que se iniciou na cúpula do partido. Coa súa chegada, a alteración desa división, derivou nunha crise, que se manifestou nas diferentes formas da disciplina de partido, pero que sempre remite á necesidade dun equilibrio na tensión entre o mandato representativo e o mandato de partido. Na necesidade de que, o poder refree ao poder e aquí. E aquí o equilibrio non se conseguiu, ou non se quixo conseguir.

BIBLIOGRAFÍA

Algaza, Ó., & Álvarez, I. (2021). *Derecho político español según la Constitución de 1978. Tomo II. Derechos fundamentales y órganos del Estado* (7ª ed.). Madrid: Marcial Pons.

Alonso García, M. N. (2018). La representación política en la dialéctica representantes/representados: necesaria "reanimación" de la teoría de las élites. *Revista de estudios jurídicos*, (18), 45–72. https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=6778143

Apestegui, A. & Caínzos, I. (2023, 13 de outubro). *Santullano: "Sería bueno que Aitor Bouza pudiera formar parte del grupo municipal*". Cadena SER. https://cadenaser.com/galicia/2023/10/13/santullano-seria-bueno-que-aitor-bouza-pueda-formar-parte-del-grupo-municipal-radio-galicia/

Araújo, E. (2024, 4 de xaneiro). *BNG, CA y PSOE consensúan en Santiago un presupuesto "social e igualitario".* La Voz de Galicia. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2023/12/30/bng-ca-psoe-consensuan-presupuesto-social-igualitario/0003_202312S30C1991.htm

Araújo, E. (2023, 5 de xaneiro). *El PSOE excluye a su grupo municipal del debate político en Raxoi.* La Voz de Galicia. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2024/01/05/psoe-excluye-grupo-municipal-debate-politico-concello/0003_202401S5C3991.htm

Blanco Valdés, R. L. (1992). Democracia "de" partidos y democracia "en" los partidos. En J. J. González Encinar (coord.), *Derecho de partidos* (pp. 41–66). Espasa Calpe.

Burke, E. (2020). *Discurso a los electores de Bristol al ser declarado por los Sheriffs del condado de Gloucester, en la ciudad de Bristol*. Recuperado de https://www.respublica.cl/img/uploads/b78bfd8fc3b242178cadd4be1dcdf357.pdf

Caamaño Domínguez, F. (1992). Mandato parlamentario y derechos fundamentales: Notas para una teoría de la representación «constitucionalmente adecuada». *Revista Española de Derecho Constitucional*, 36, 123–149. https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/79465.pdf

Cano Bueso, J. (2001). En torno a las transformaciones de la representación política. *Boletín Mexicano de Derecho Comparado*, (101), 381–420. https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1228852

Capó Giol, J. (1991), Elecciones municipales, pero no locales. *REIS* (56), 143-164. https://reis.cis.es/index.php/reis/article/view/1846

Carballo, I. (2023, 21 de decembro). *Otra anomalía*. La Voz de Galicia. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2023/12/31/anomalia/0003_202312S31C4992.htm

Casas, E. (2009). Representación política y participación ciudadana en las democracias. *Revista Mexicana de Ciencias Políticas y Sociales*, 51(205), 59–76. https://www.scielo.org.mx/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S0185-19182009000100004

Catalá i Bas, A. H. (2014). Transfuguismo y régimen jurídico de los concejales no adscritos. ¿Puede, y debe, el Derecho sancionar la deslealtad política? *Revista Española de Derecho Constitucional*, (101), 43–77. https://recyt.fecyt.es/index.php/REDCons/article/view/39718

Concello de Santiago de Compostela. (Última modificación: 2023). *Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)*. https://xeoportal.santiagodecompostela.gal/contidos/pxom2008/indice_xeral_pxom.pdf?lang=gl

Chueca Rodríguez, R. L. (1988). La representación como posibilidad en el Estado de partidos (mandato libre vs. mandato de partido). *Revista de Derecho Político*, (27–28), 23–44. Recuperado de https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=56986

Dahl, R. A. (2012). *La democracia* (F. Vallespín Oña, Trad.; Colección Quintaesencia). Ariel. (Obra orixinal publicada en 1989).

De Carreras Serra, F. (2004). Los partidos en nuestra democracia de partidos. *Revista Española de Derecho Constitucional*, (70), 91–126. https://www.cepc.gob.es/sites/default/files/2021-12/25708redc070097.pdf

Delgado Sotillos, I. (2023). Reconsiderando la teoría de las elecciones de segundo orden. ¿Cómo clasificar a las elecciones municipales españolas de 2019? *Revista Española de Ciencia Política*. (62), 13-39. https://recyt.fecyt.es/index.php/recp/article/view/94966

Duverger, M. (2002). *Los partidos políticos* (J. Campos & E. González Pedrero, Trans.). Fondo de Cultura Económica. (Obra orixinal publicada en 1951).

Eberhardt, M. L. (2020). Participación y control ciudadano en la actualidad: ¿qué tipo de representación y de mandato para qué clase de democracia?. *Cartografías Del Sur. Revista De Ciencias, Artes Y Tecnología*, (12), 38-70. Recuperado de https://cartografiasdelsur.undav.edu.ar/index.php/CdS/article/view/187

Fernández Hernández, O. M. (2021). El transfuguismo político en las entidades locales y propuestas para combatirlo. *CEFLegal. Revista práctica de derecho*, (251), 113–144. https://doi.org/10.51302/ceflegal.2021.9335

Fernández Segado, F. (1994). Partidos políticos, representación parlamentaria e interdicción del mandato imperativo. *Revista De Las Cortes Generales*, (32), 35-85. https://doi.org/10.33426/rcg/1994/32/530

Gago, X. (2025, 25 de maio). *Encuesta de Sondaxe: El PSOE podría mantener sus alcaldías ante un BNG que le gana un edil en cinco urbes, y el PP sube*. La Voz de Galicia. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/galicia/2025/05/24/psoe-mantiene-alcaldias-ante-bng-gana-edil-cinco-urbes-pp-sube/00031748108709432681796.htm

Galvão de Sousa, J. P. (2011). *La representación política* (Ed. de Marcial Pons). Marcial Pons.

García Morillo, J. (1991). Mitos y realidades del parlamentarismo. *Revista del Centro de Estudios Constitucionales*, (9), 115–144. https://www.cepc.gob.es/sites/default/files/2021-12/35406rcec09113.pdf

García-Escudero Márquez, P. (2011). Parlamento y futuro: los retos de la institución parlamentaria. *Cuadernos de Derecho Público*, (18), 191-205. https://revistasonline.inap.es/index.php/CDP/article/view/682

García Guitián, E. (2003). Problemas de la representación política. En A. Arteta Aisa, E. García Guitián & R. Máiz Suárez (Coords.), *Teoría política: poder, moral, democracia (pp. 387–401)*. Alianza Editorial

Goberno de España (1978). Constitución Española. *Boletín Oficial del Estado. https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1978-31229*

Goberno de España. (1985). *Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local. Boletín Oficial del Estado*. https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-1985-5392

Goierno de España. (1986). *Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales. Boletín Oficial del Estado*. https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1986-33252

González Encinar, J. J. (1992). Democracia de partidos versus Estado de partidos. En J. J. González Encinar (coord.), *Derecho de partidos* (pp. 17–40). Espasa Calpe.

González Rodríguez, J. J. (2014). *Escenarios de futuro para la democracia española: democracia de partidos y democracia de audiencia*. En C. Navajas Zubeldia & D. Iturriaga Barco (Coords.), *España en democracia: actas del IV Congreso de Historia de Nuestro Tiempo* (pp. 123–131). Universidad Nacional de Educación a Distancia.

Katz, R. S., & Mair, P. (2015). La tesis del partido cartel: una reafirmación. En F. Casal Bértoa & G. Scherlis (Coords.), *Partidos, sistemas de partidos y democracia: La obra esencial de Peter Mair* (pp. 51–78). Eudeba.

Katz, R. S., & Mair, P. (2015). Los cambios en los modelos de organización y democracia partidaria: la emergencia del partido cartel. En F. Casal Bértoa & G. Scherlis (Coords.), *Partidos, sistemas de partidos y democracia: La obra esencial de Peter Mair* (pp. 23–50). Eudeba.

Kopecky, P., & Mair, P. (2015). El patronazgo partidario como recurso organizativo. En F. Casal Bértoa & G. Scherlis (Coords.), *Partidos, sistemas de partidos y democracia: La obra esencial de Peter Mair* (pp. 109–148). Eudeba.

Lagares Díez, N. (1999). *Génesis y desarrollo del Partido Popular de Galicia*. Tecnos.

Lagares, N. (2024, 27 de xuño). *PSdeG, elegir a unos para que decidan otros*. La Voz de Galicia. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/opinion/2024/06/27/psdeg-elegir-decidan/0003_202406G27P14995.htm

Leibholz, G. (1971). *Problemas fundamentales de la democracia moderna*. Instituto de Estudios Políticos.

Lifante Vidal, I. (2020). A vueltas con la prohibición del mandato imperativo. *Teoría política*. *Nuova Sierie Analli* (10), 61–84. https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7822236

Lorenzo, S. (2024, 26 de maio). *La gestión de Goretti Sanmartín roza el aprobado en su primer año en la alcaldía de Santiago*. La Voz de Galicia. https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/2024/05/26/gestion-sanmartin-roza-aprobado/0003_202405S26C1991.htm

Mair, P. (2015). La democracia más allá de los partidos. En F. Casal Bértoa & G. Scherlis (Coords.*), Partidos, sistemas de partidos y democracia: La obra esencial de Peter Mair* (pp. 263–304). Eudeba.

Maiz Suárez, R. (1991). Estado constitucional y gobierno representativo en E. J. Sieyès. *Revista de Estudios Políticos (Nueva Época)*, (72), 45–88. https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/27101.pdf

Manin, B. (2025). *Los principios del gobierno representativo* (F. Vallespín, Trad.). Alianza Editorial.

Martín Sánchez, M. (2010). La prohibición del mandato imperativo en el sistema electoral español. *Revista Justicia Electoral*, **1**(6), 223–238. Recuperado de https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=4062653

Mateo Morales, A. (2020). *La democracia representativa y los partidos políticos: ¿Son la prohibición del mandato imperativo y el transfuguismo limitadores de su capacidad?* [Trabajo de Fin de Grado, Universidad de La Laguna]. Repositorio institucional ULL. https://riull.ull.es/xmlui/handle/915/20776

Melgar, G. (2024, 21 de xuño). *El Ayuntamiento de Barcelona planea eliminar todos los pisos turísticos en noviembre de 2028*. El Mundo. https://www.elmundo.es/economia/2024/06/21/66756118fdddff6e4a8b45a3.html

Michels, R. (2017). *Los partidos políticos. Un estudio sociológico de las tendencias oligárquicas de la democracia moderna* (2.ª ed.). Amorrortu Editores

Molina Cruz, J. A. (2024). *Pacto antitransfuguismo: ¿Acuerdos políticos para vulnerar la libertad de mandato?* [Ponencia]. Asociación de Constitucionalistas de España; Universidad de La Laguna. https://www.acoes.es/wp-content/uploads/2024/02/Comunicacion-Juan-Antonio-Molina-Cruz.pdf.pdf

Montero, J.R. & Gunther, R. (2002). Los estudios sobre los partidos políticos: una revisión crítica. Revista de Estudios Políticos (Nueva Época), (118), 9-37. Recuperado de https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=287604

Montesquieu, C. L. de S. B. (2024). *El espíritu de las leyes* (D. Castro Alfin, Trad.). Ediciones Istmo. (Obra original publicada en 1748).

Morlok, M. (2019). La función de los partidos y el Parlamento. *Teoría y Realidad Constitucional*, (44), 375–382. https://doi.org/10.5944/trc.44.2019.26009

Navarro Méndez, J. I. (1999). *Partidos políticos y "democracia interna"*. Centro de Estudios Políticos y Constitucionales.

Oliver Araujo, J., & Calafell Ferrá, V. J. (2007). *Los estatutos de los partidos políticos españoles: Partidos con representación parlamentaria* (1.ª ed.). Boletín Oficial del Estado.

Ortega Santiago, C. (2005). *El mandato representativo de los diputados y senadores: La prohibición de mandato imperativo frente a la disciplina de partido*. Congreso de los Diputados.

Pauner Chulvi, C. (2010). El estatuto de los parlamentarios en un contexto multinivel: Las relaciones entre parlamentarios, grupos y partidos. *Revista de Derecho Político*, (78), 217–256. https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=3261240

Pitkin, H. F. (1985). *El concepto de la representación* (R. Montoro, Trad.). Centro de Estudios Políticos y Constitucionales.

Portero Molina, J. A. (1992). Elecciones, partidos y representación política. En J. J. González Encinar (coord.), *Derecho de partidos* (pp. 133–148). Espasa Calpe.

Partido Socialista Obrero Español (2022). *Reglamento Federal de Desarrollo de los Estatutos Federales*. https://www.psoe.es/media-content/2023/11/Regla-40C-21112023-.pdf

Punset Blanco, R. (1992). Prohibición de mandato imperativo y pertenencia a partidos políticos. En J. J. González Encinar (coord.), *Derecho de partidos* (pp. 119–132). Espasa Calpe.

Ramírez Cleves, G. (2000). Mandato imperativo y mandato representativo. Una perspectiva diversa, el caso colombiano. *Revista Derecho del Estado*, (8), 159–168. Recuperado de https://revistas.uexternado.edu.co/index.php/derest/article/view/905

Reboyras, A. (2023, 21 de outubro). *Aitor Bouza ya es líder del PSOE compostelano: "Ao carón da xente, teremos de novo a Alcaldía*". El Correo Gallego. https://www.elcorreogallego.es/santiago/2023/10/21/aitor-bouza-lider-psoe-compostelano-93629849.html

Reboyras, A. (2023, 7 de xuño). *Leiceaga renuncia al acta de concejal, vuelve a la USC e invita al PSOE local a una renovación*. El Correo Gallego. https://www.elcorreogallego.es/santiago/2023/06/07/leiceaga-renuncia-acta-concejal-vuelve-88385964.html

Rebolledo, M. (2017). La personalización de la política: una propuesta de definición para su estudio sistemático. *Revista de Comunicación*, 16 (2), 147-176. https://revistadecomunicacion.com/article/view/991

Roberts, K. M. (2002). El sistema de partidos y la transformación de la representación política en la era neoliberal latinoamericana. En M. Cavarozzi & J. M. Abal Medina (Eds.), *El asedio a la política: Los partidos latinoamericanos en la era neoliberal* (pp. 55–76). Homo Sapiens.

Rodríguez Díaz, Á. (1987). Un marco para el análisis de la representación política en los sistemas democráticos. *Revista de Estudios Políticos (Nueva Época)*, (58), 137–172. https://www.cepc.gob.es/sites/default/files/2021-12/16429repne058137.pdf

Rousseau, J.-J. (2012). *El contrato social* (M. J. Villaverde Rico, Trad.). Taurus. (Trabajo original publicado en 1762).

Ruiz-Navarro Pinar, J.L. (2018). El futuro del mandato parlamentario. Por diputados y senadores de una democracia del siglo XXI. *Revista de las Cortes Generales*, (103), 431-454. https://revista.cortesgenerales.es/rcg/article/view/112/105

Salgado, L. & Caínzos, I. (2023, 6 de xuño). *Leiceaga deja el PSOE de Santiago reclamando más dimisiones*. Cadena SER. https://cadenaser.com/galicia/2023/06/06/leiceaga-deja-el-psoe-de-santiago-reclamando-mas-dimisiones-radio-galicia/

Salgado, L. (2023, 23 de outubro). *Aitor Bouza sobre su posible entrada en el Pazo de Raxoi: "a medio prazo veremos*". Cadena SER. https://cadenaser.com/galicia/2023/10/23/aitor-bouza-sobre-su-posible-entrada-en-el-pazo-de-raxoi-a-medio-prazo-veremos-radio-galicia/

Sánchez Medero, G. (2012). La interacción entre los partidos políticos y los parlamentos : el caso español del PP y del PSOE. *Revista De Las Cortes Generales*, (86), 275-316. https://doi.org/10.33426/rcg/2012/86/595

Santaolalla López, F. (1992). Partido político, grupo parlamentario y diputado. En J. J. González Encinar (coord.), *Derecho de partidos* (pp. 93–118). Espasa Calpe.

Sanz Moreno, J. A. (2013). El parlamentarismo en su encrucijada: Schmitt "versus" Kelsen, o la reivindicación del valor de la democracia. *Revista de Estudios Políticos (nueva época)*, (162), 113–148. https://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/4527714.pdf

Sartori, G. (2005). *Elementos de teoría política*. Alianza Editorial.

Sartori, G. (2005). *Partidos y sistemas de partidos* (2.ª ed.). Alianza Editorial.

Shugart, M.S., Valdini, M.E., & Souminen, K. (2005). Looking for Locals: Voter Information Demands and Personal Vote-Earning Attributes of Legislators under Proportional Representation. *American Journal of Political Science*, 49(2), 437-449.

Torres del Moral, A. (1982). Crisis del mandato representativo en el Estado de partidos. *Revista de Derecho Político*, (14), 7–30. Recuperado de https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=56846

Urbinati, N. (2017). *La democracia representativa: principios y genealogía*. Prometeo Libros.

Vendramin, B. (2018). Voegelin y Kelsen sobre la representación política. *Perspectivas Revista de Ciencias Sociales*, 3(5), 131–146. https://doi.org/10.35305/prcs.v0i5.218

Weber, M. (1992). *Economía y sociedad*. Fondo de Cultura Económica.

ANEXOS

1. *DOSSIER* DE NOTICIAS DO XORNAL *EL CORREO GALLEGO* SOBRE A CRISE INTERNA DO PSdeG SANTIAGO ENTRE O 04/06/2024 E O 24/06/2025 ORDENADAS CRONOLOXICAMENTE

1.1. 4 de xuño de 2024

El Concello decide no indultar a los pisos turísticos que estaban anotados en el registro de la Xunta

Malestar de los propietarios que acusan a Sanmartín de incumplir sus promesas electorales // La ordenanza pendiente no abordará los usos preexistentes y sólo regulará la posibilidad de operar dos meses al año

NATALIA RIGUEIRO
Santiago

Gonzalo Sanmartín (centro) y Lestegás con la asociación con la plataforma Previvarga / Asociac

Para funcionar durante 60 días habrá que acreditar un alquiler a universitarios durante el curso

Satisfacción de Previvarga con la decisión de Raxoi "se cumplió prácticamente la totalidad de lo habl

¿Cuántas VUT funcionan en Santiago de Compostela?

El portal especializado AirDNA recoge que en estos momentos hay 523 en la capital gallega

R. S.
Santiago

1.2. 5 de xuño de 2024

12 SANTIAGO EL CORREO GALLEGO MÁRTES 5 DE JUNIO 2024

Raxoi calcula que casi 650 pisos turísticos desaparecerán al no poder regularizarse

La alcaldesa afirma que los informes jurídicos no permiten indultar a las que operaban antes del cambio del PXOM // Afirma que las VUT "intensifican" el problema de vivienda

NATALIA SEQUEIRO
Santiago

Cdesaparecerán o operar sólo durante dos meses al año. Este es el futuro que los expertos auguran a unas 650 viviendas de uso turístico (VUT) en Santiago. El Concello justificó ayer su decisión de no permitir que regularicen su situación aquellas que podrían haber optado legalmente a entrar dentro del cambio del plan urbanístico al haberse notificado licencia municipal para ejercer su actividad. En marcha de presso en el Paseo de Fonti, la alcaldesa, Goretti Sanmartín, explicó que los "informes jurídicos concluyen" que "no es posible legalizar las actividades preexistentes" anteriores a una ordenanza. Ta dixo asesor. O que pese a ser la única causa, los pisos turísticos "intensifican" el problema de la vivienda en Santiago, ciudad en la que los alquileres se han disparado un 33% desde 2018.

El tenor, la propia Sanmartín y el concejal de Urbanismo, Iago Lestegás, comunicaron a las asociaciones de propietarios la decisión. Una decisión con duras críticas contra la regidora a la que los afectados acusan de faltar a sus promesas electorales. "Hace algo más de un año", explicó Sanmartín, "se generaron unas expectativas que los informes jurídicos consideran que son imposibles de materializar a través de la modificación del PXOM".

El nuevo planeamiento urbanístico trajo reglas de juego diferentes. Por ejemplo, que las VUT sólo puedan instalarse en bajos o primeras plantas. Los propietarios explicaban que aquellos elevados que funcionaban con autorización y se habían anotado en el Registro de Actividades Turísticas (REAT) de la Xunta pudieron operar legalmente durante un año determinado que regulaba esa ordenanza. Pero no es así.

En el registro autonómico, explicó ayer el concejal de Urbanismo, Iago Lestegás, estaban anotadas en abril 818 VUT. De ellas sólo 171 "estarían en localizaciones que cumplen la normativa". Las 646 restantes "estarían no dentro de la posibilidad de seguir funcionando como alojamientos turísticos, salvo el acogerse a la posibilidad de operar durante 60 días al año. Una opción que está totalmente descartada para el casco histórico y para todos los alrededores. Fuentes socialistas del gobierno municipal cuentan que "sólo existe una para las viviendas, pero aquí buena parte de las existentes no cumplen con la nueva ley".

La ordenanza que ayer se presentó también, a los grupos políticos de Raxoi tan sólo da a regular esta posibilidad de funcionar como VUT dos meses. Los propietarios deberán acreditar que esa casa es su residencia habitual (que durante el resto del tiempo la tienen alquilada con esa o distintas, por ejemplo, estudiantes. Pero calculan se podrá atender este tipo de documentación, como una memoria técnica en la que se certifique que se cumplen los requisitos exigibles para el hospedaje en el código técnico de la edificación. "También habrá que acreditar que la comunidad de vecinos del inmueble está de acuerdo con ese uso.

La mayor parte de las VUT funcionan pese a no disponer de título habilitante (la antigua licencia). De las casi de 800 anunciadas en el REAT solo 68 disponen de ese permiso. Los afectados argumentan que muchas denuncias que tuvieron que cumplir con este requisito, pero que nunca se sancionaron han dado la razón al Ayuntamiento.

Lestegás indicó que el operar de golpe con la administración local no es una actuar. En este momento, explicó, ya se han remitido 90 órdenes de cese de actividad a los propietarios de VUT en la ciudad. Para para llegar a este punto, formalmente administrativo, tuvo que mantener muchas reuniones con el objeto de aclarar términos como las comunicaciones previas. El Concello ya tiene remitido a 283 propietarios de VUT sin licencia. "De esas 283, sólo 13 viviendas serían legalizables al ser compatibles con el planeamiento urbanístico", explicó Lestegás.

"Muchos de los expedientes que tramitamos son de VUT de la ciudad histórica, pero también de Fuera. De acuerdo con el REAT están de la mitad de las VUT están en la zona vieja, pero no sé está actuando únicamente en ese ámbito", apuntó el concejal, que resaltó el importante esfuerzo de trabajo para la inspección previa de 13 funcionarios que supone el procedimiento para cerrar las VUT ilegales.

Turistas este 'fin de semana en el Obradoiro/MARCOS ÓRAMAS

"Los funcionarios del Concello les dijeron a muchos dueños que no hacía falta licencia"

N. S.
Santiago

Los dueños de pisos turísticos se sienten engañados. "Par todos la face". Estrella Ferreiro, portavoz de la Asociación de Pequeños Propietarios de Santiago, explica que ya muchos habían que "han pasado el canal comunicación" ante la confianza cada presentación de los documentos. Ferreiro indica que las 600 familias afectadas en Santiago trataron de hacer las cosas legalmente. "Algunos recibieron un correo del Concello hace un año y muchos cambios de pisos turísticos que no hacía falta licencia", asevera para ilustrar que en los expedientes municipales tomar claro qué requisitos tenía que cumplir una VUT. "A muchos les dijeron que hacía falta una licencia la habían pedido, ¿qué sentido tiene un hospedaje" si se asumen en el registro de la Xunta, comunican los hospedajes a la Policía y pagan los impuestos?", se pregunta.

Ferreiro considera una enorme ajuste a que las licencias jurídicas no permitan ahora, una vez cambiado el PXOM, dar una solución al colectivo. Recuerda que el plan urbanístico no es una norma inamovible y si la reforma se hizo mal, pide que se corrija. "Cada vez que llega un ministro cambia la ley de Educación", ejemplifica.

Desde la Asociación de Vecinos Días de Uso Turístico, Arteriaga, coincidieron en criticar que se apele a la imposibilidad legal de regularizar las VUT por parte del Concello. "Si el gobierno municipal pretende tener un mínimo de credibilidad acerca de los problemas jurídicos aducidos como causa de la decisión adoptada. Arteriaga le requiere que haga pública, sin ningún dilación, su propuesta de ordenanza que no fue aceptada por los servicios jurídicos municipales", indica la asociación. "Si lo mi podremos saber hasta qué punto la alcaldesa estaba dispuesta a cumplir sus compromisos electorales", protesta.

Ferreiro anuncia que las familias afectadas emprenderán acciones legales para defender sus derechos y se seguirán movilizando.

PROTAGONISTA

Iloria Vena

"SE AUTORIZAN MILES DOS MESES"

El líder del Partido Popular de Santiago, Iloria Vena, mostró ayer su preocupación por la ordenanza de Vivienda de Uso Turístico que llevará al Pleno (PAU) y CA. Vena sostuvo que "está demostrado que Goretti Sanmartín dice una cosa y hace la contraria". Así, recordó que "el BNG prometió a las familias con VUT durante la campaña contra el regularizar su situación y lo que pretende hacer ahora es legalizarlas a todas". Vena insistió en la preocupación del Partido Popular de Santiago por la intensidad del BNG y CA de autorizar miles y miles de VUT's dos meses al año en toda la ciudad, "una medida que destrozará el mercado del alquiler", se lamentó.

PROTAGONISTA

Mercedes Rosón

"INCUMPLEN SUS PROMESAS"

El Grupo Socialista acusó a Sanmartín de "no pasa en cumplir sus promesas electorales", sino "hacer justo lo contrario" de lo que prometió" después de que el gobierno local anunciase que la ordenanza que prometió regular los usos provisionales de las VUT sólo desarrolla la posibilidad de dedicarlos al alquiler turístico dos meses al año. Mercedes Rosón recordó que la ordenanza llega con dos meses de retraso. Censura también que Goretti Sanmartín atentó desde la oposición un "ambiente de crispación que había alrededor de esta temática" y se aprovechó electoralmente". Una actitud, que según sostuvo la anterior edil de Urbanismo, "choca de suele en contra de ella".

1.3. 7 de xuño de 2024

VIERNES 7 DE JUNIO 2024 EL CORREO GALLEGO SANTIAGO 11

Sanmartín rechaza las críticas a la ordenanza de las VUT: "É hora de deixarse de polémicas"

La alcaldesa llama a "trabajar cara a diante" después de que PP y PSOE cargaran contra diferentes aspectos de la normativa

MANU LÓPEZ
Santiago

698. Elvira Ares Mazás
699. Adolfina Rivera Fernández
700. Antonio Sánchez Monteagudo
701. Carmen Fernández Morante
702. Paula Rey Mariño
703. Chema Bescansa González
704. Isabel Otero Pazos
705. Mª del Carmen Díaz Sánchez
706. Manuel Dios Diz
707. Carmen Mejuto Nieves
708. Nanina Santos Castroviejo
709. Caetano Díaz Vidal
710. Carmen Conde García
711. José R. Vidal Juviño
712. Lourdes Díaz Sánchez
713. Gloria Rico Galán

714. Elena Sieiro Negro
715. Xosé R. Fandiño Veiga
716. Mª José Domínguez Touriño
717. Servando Villanueva Iglesias
718. Luis Teijeiro Castro
719. José Mª Varela Díaz
720. Xoán C. Bascuas
721. Lola Costas Gutiérrez
722. Eugenio Leira Muiño
723. Mª Dolores Domínguez Díaz
724. Patricia Toubes Navarro
725. Pilar Moscoso Bravo
726. Mª Dolores Lamas Gándara
727. Mª José Cruz Dorado
728. Matilde Arufe Rieiro
729. Cristina Durán Arufe
730. Mª Avelina García Alvariño
731. Cesáreo Rey Noya
732. César Piñeiro García
733. Mª Josefina Pazo Maside
734. Nicolás Campos
735. Nieves Mariño Fraga
736. Anxo Teixeiro Piñeiro
737. José L. Pena Carral
738. Mª Carmen Freire García
739. Ana Castro Pardo
740. Carmen Iglesias Rábade
741. Susana Regueiro Fernández
742. Inés Castro Pardo
743. Carmen Armas Barbazán
744. Hakan Casares Berg
745. Amalia Pasarín
746. Carmen Suárez
747. Manuel Baña Tuñas
748. Marisa Sesto Pedreira
749. Adolfo Muiños Costas
750. Mª Luisa Sesto Pedreira
751. Mª del Carmen Sánchez Ares
752. Jesús Peón Requeijo
753. Mª Concepción Sánchez Ares
754. Juana I. Serrano Narváez
755. Rafael Rodríguez Rey
756. Antonio Cons Ferreiro
757. Javier Fernández Feijóo
758. Magdalena Varela Leis
759. Santiago Conde Santos
760. Pedro Mouriño Uzal
761. Mónica Mura
762. Eutropio Rodríguez Varela
763. Marta Pérez Pereiro
764. Vicente Martín Cernuda
765. Ana de la Concepción González Vieites
766. Marcos Vázquez Silva
767. Rubén Arnoso Rey
768. Juan C. Costoya Martínez
769. José Llovo Taboada
770. Milagros Becerra Martínez
771. Xesús Marque Marque
772. M. Javier Loira Rúa
773. J. Manuel Martínez Martínez
774. X. Paulo Rodríguez Domínguez
775. Mª del Carmen Marí Sánchez
776. Julio J. Freire Oro
777. Juan Aradas Blanco
778. Mª Teresa Neira González
779. Francisco J. Martínez Castro
780. Ramzi Abu Komboz
781. Ramón Míguez Fieiro
782. Fé Fernández Bueno
783. Jorge Rodríguez Durán
784. Gumersinda Puga Muñoz
785. Julia Lodeiro González
786. Marcelino Barrera Ramallo
787. Emilia Toba Quintáns
788. Caridad Martín López
789. Julia Fernández Bueno
790. Jorge Tojo Rozas

791. Mª del Carmen Remuñán López
792. José M. Otero Ramos
793. Lorena Iñiguez Tejo
794. María Soto Soneira
795. Elia Pérez Placín
796. Ana Otero Losada
797. Jacobo Barrera Toba
798. Javier Rodríguez Devesa
799. José Mª Prieto González
800. Rosa A. Lareo Bermúdez
801. Francisco Varela Núñez
802. Lorena Romero Mariño
803. Paulo López Muñoz
804. Luís Soto Amil
805. Xavier Ramón Cabo
806. Sonia Rodríguez Villar
807. Jordi Ortega López
808. Ángel González Ríos
809. Elvira López García
810. Concepción Díaz Fierros Tabernero
811. Jesús Madriñán Fernández
812. María Sancia Saavedra
813. Sergio Outeiral Miranda
814. José L. Martín Palacín
815. María Solar Núñez
816. Víctor M. Pereira López
817. Mª del Carmen Fontenla Armadá
818. Maribel Martín Misol
819. Xosé López García
820. Gloria Rico Galán
821. Ana Millán Magariños
822. Xacier Sánchez Suárez
823. Mª José Cerviño Pérez
824. José F. Soto Amil
825. Mª del Pilar Fontenla Armadá
826. Montserrat Rego Prieto
827. Pilar Rubín Paz
828. Mª Xesús Couceiro Caramés
829. Mª José Rodríguez Malmierca
830. Mª José Díaz Rey
831. Xosé M. Beiras Torrado
832. Mª Julia Díz López
833. Manuel Vilar Álvarez
834. Raquel Mariño Fernández
835. Enrique Latorre Ruíz
836. Gemma Mariño Rey
837. Marisol Soneira Tajes
838. Alberto Gondar Muíños
839. Vanesa González Muíños
840. Ángeles Durán Arrollo
841. Ángel R. Álvarez Muíños
842. Francisco González Muíños
843. Javier Agrafojo Fernández
844. Ana Quintana Cheda
845. Paula Daga Miraz
846. Mª Cristina López Martínez
847. Alejandro Ferrandez García
848. Ángeles Pérez
849. Leónides Álvarez Morán
850. Ernesto Gómez Mosquera
851. Belén Bermejo López
852. Mª Dolores Barral Rivadulla
853. Manuel Martínez González
854. Áurea Soto Vázquez

14. COMUNICADO ASINADO POLO GMS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA TRALA AUSENCIA DOS DOUS CONCELLEIROS AFÍNS Á DIRECCIÓN LOCAL AO PLENO MUNICIPAL DO 24/04/2025

Grupo Municipal Socialista Santiago de Compostela

COMUNICADO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Desde o Grupo Municipal Socialista queremos pedir **desculpas publicamente** a todas as veciñas e veciños de Santiago de Compostela ante o comportamento dos dous compañeiros de grupo, Gumersindo Guinarte e Marta Abal, tras **ausentarse sen causa xustificada e sen notificación previa da sesión ordinaria do Pleno da Corporación** deste xoves.

Unha decisión que **vulnera as súas obrigas como concelleiros** desta cidade e que, alén de consideracións políticas, supón unha falta de respecto ás veciñas e veciños ás que temos a enorme honra e responsabilidade de representar.

Pedimos así desculpas pola imaxe lamentable que se traslada á cidadanía da política con este tipo de actos que se suman, lamentablemente, a unha gran lista de precedentes dos que nos avergoñamos como socialistas que somos. Un novo acto polo que **empregan pleno municipal como escaparate para presionar e alterar un procedemento, tutelado polo secretario do Concello, ao que teñen dereito as concelleiras e concelleiros expedientados.**

Coa finalidade ademais de practicar a transparencia coa que sempre procuramos proceder durante este mandato, queremos aclarar unha serie de cuestións ante a desinformación que promoven estes concelleiros.

1. **Non é ningún concelleiro ou concelleira o competente para fixar os prazos dun procedemento de audiencia administrativa**, que é o que se está a desenvolver na actualidade tralo expediente aberto polo PSOE a catro de nós. Tampouco a Alcaldesa. Senón que é a lei a que rexe este tipo de procedementos, á que dan estrita interpretación os funcionarios e, neste caso, o secretario xeral do pleno, respectando o dereito a defensa e seguindo o principio de debido proceso, isto é, un proceso xusto con todas as garantías.

2. Amosar o noso **absoluto respecto ao traballo do persoal do Concello** encargado de tramitar este expediente e condenar con rotundidade as inxerencias que outros pretenden practicar.

3. Aclarar que o noso portavoz, Gonzalo Muiños Sánchez, presentou as súas alegacións e probas documentais ao secretario xeral do pleno hai 48 horas dando cumprimento aos prazos estipulados pola administración. Un tempo no que, o equipo funcionarial entendemos que non tivo marxe para revisar toda a documentación aportada nin elaborar o perceptivo informe que, no caso de proceder, entón si, deberá elevarse á consideración do pleno, dentro do prazo do que dispón de 10 días hábiles.

1

Grupo Municipal Socialista Santiago de Compostela

4. **Aclarar que todas as concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal Socialista teñen absoluta liberdade de presentar cantas iniciativas consideren ao Pleno Municipal**. De feito, nas últimas sesións, nunca se completou o número máximo de propostas que pode presentar o grupo, a fin de que todas e todos puideran presentar as iniciativas que considerasen oportunas, en cumprimento da súa función representativa que lle corresponde.

   Unhas propostas que foron consensuadas nas **reunións de grupo ás que estiveron sempre convocadas as seis persoas que compoñen o GMS**, dando cumprimento á lei que deixa claro que é decisión maioritaria dos membros do grupo a que debe ser tomada en consideración á hora de exercer as distintas iniciativas e facultades que lle corresponden. **Unhas reunións ás que, lamentablemente, non asistiron estes dous concelleiros nos últimos meses**, a pesar de estar convocados e sen explicación algunha. Lembrar, en todo caso, que o propio Guinarte leva todo o curso político sen presentar ningunha iniciativa ao pleno.

5. É **contraditorio que estes dous concelleiros se ausenten do pleno municipal despois de asistir ás comisións informativas** das que son membros, actuando incluso nalgunha delas como portavoces do grupo, dentro do normal funcionamento do grupo que debería rexer durante este tempo.

6. Remarcar ademais que, **durante todo o mandato, ata este mesmo mes, se lle deu cumprido traslado a todos os concelleiros e concelleiras, e tamén á dirección local do partido, de todas as iniciativas e propostas presentadas**, ao mesmo tempo que se lle facilitou o acceso a toda a documentación das sesións do pleno municipal a ambos. Isto, ata este mesmo pleno do mes de abril. Ademais enviouse preceptivamente, sempre que se nos notificou a celebración dunha reunión da Comisión Executiva Municipal, unha memoria de actividade do grupo.

Como conclusión, **reafirmar o compromiso dos concelleiros Gonzalo Muíños, Mercedes Rosón, Mila Castro e Marta Álvarez con Santiago de Compostela, cos electores do partido socialista que respaldaron a nosa candidatura no 2023 e co programa electoral co que nos presentamos a eses comicios.**

Seguiremos actuando con responsabilidade e, a pesar dos feitos, con lealdade ás siglas nas que levamos anos militando, como levamos feito ata o de agora. Con coherencia e compromiso, porque **somos socialistas pero, sobre todo, somos veciñas e veciños de Santiago de Compostela e representantes deste concello.**

En Santiago de Compostela, 24 de abril de 2025

Grupo Municipal Socialista do
Concello de Santiago de Compostela

15. COMUNICADO DAS CATRO CONCELLEIRAS EXPULSADAS DO PSdeG SOLICITANDO A REVISIÓN DO SEU EXPEDIENTE DE EXPULSIÓN O 14/06/ 2025

COMUNICADO DAS CATRO CONCELLEIRAS NON ADSCRITAS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As tres concelleiras e o concelleiro non adscrito do Concello de Santiago de Compostela, expulsados inxustificadamente do PSOE, Gonzalo Muiños Sánchez, Mercedes Rosón Ferreiro, Mila Castro Sánchez e Marta Álvarez Vázquez; a tenor das informacións publicadas nos últimos días relativas á situación do partido e ás prácticas do xa exsecretario de Organización a nivel federal, queremos manifestar o seguinte:

1. Lamentamos a imaxe decepcionante que se está a trasladar do que era, ata hai ben pouco, o noso partido, cunhas presuntas prácticas que se sitúan nas antípodas da exemplaridade política.

2. Destacar, en primeiro lugar, que **foi o secretario de Organización dimitido, Santos Cerdán, quen asinou finalmente a nosa expulsión do partido**; tras ser ratificada a súa decisión por unha delegación do Comité de Ética e Garantías do PSOE. É oportuno sinalar que **non foi convocado todo o Comité, senón só dúas persoas do mesmo, para acelerar a decisión de expulsión** do partido, unha celeridade que non vemos na expulsión, por exemplo, do aínda militante socialista, José Luis Ábalos.

3. Sabendo que agora se vai realizar unha auditoría das contas do partido e que, ao mesmo tempo, entendemos que se revisarán as actuacións que executou o xa exsecretario de Organización, **remitiremos novamente unha carta ao Secretario Xeral do PSOE e Presidente do Goberno, Pedro Sánchez, para que revise o noso expediente de expulsión** e, sobre todo, analice as irregularidades que se produciron, tanto na tramitación dos expedientes como, nos intentos previos de deslexitimación do Grupo Municipal Socialista e, mesmo, na elección do secretario xeral local, Aitor Bouza Manso, así como a súa Comisión Executiva Municipal.

4. Cremos que a opinión pública debe saber que, con carácter previo á elección da Comisión Executiva Municipal, integrada por Aitor Bouza Manso, Marta Álvarez-Santullano ou Pedro Blanco, entroutros, produciuse unha **afiliación masiva de dubidosa legalidade**.

   Uns días antes de que se pechara o censo electoral que debía elixir a nova CEM, logo da dimisión de Sánchez Bugallo, o departamento de altas e censo federal comunicou 35 novas altas e traslados simultáneos de novos militantes á agrupación de Santiago, o que **representa máis dun 10% do censo total**. Unha situación anómala que foi posta en coñecemento de Ferraz pola que era a secretaria de Organización local sainte, Carmen Fernández Morante, toda vez que isto supuña unha alteración de facto do censo antes dos procesos orgánicos. Un correo que nunca obtivo resposta.

5. Aclarar ademais que esta afiliación masiva de dubidosa legalidade, promovida polo propio Aitor Bouza Manso ou Marta Álvarez-Santullano, entroutros, foi posta en coñecemento do instrutor do primeiro expediente, Moisés Rey, ao igual que era plenamente coñecedor desta situación o secretario provincial,

1

Bernardo Fernández, quen chegou a dicir *"me importa un huevo quedarme sin Grupo Municipal Socialista en Santiago"*. Unha afirmación que, por obscena, remítenos aos audios que na actualidade se están a coñecer nun goteo de filtracións pero que, sen embargo, non derivou nin en desculpas públicas nin en asunción de responsabilidades.

Engadir ademais que o secretario de Organización federal, Santos Cerdán coñecía tamén o sucedido coas afiliacións masivas xa que, nas alegacións presentadas ante Ferraz, recibeu as probas documentais que así o demostraban. En ningún caso, ningún destes cargos do partido, considerou relavante investigar este suceso que pon en tela de xuízo a lexitimidade do proceso de elección da actual Comisión Executiva Municipal, tamén a expulsión arbitraria que esta promoveu contra nolas catro.

6. Queremos dicir con claridade que este feito demostra que o obxectivo, desde a mesma chegada do secretario xeral, Aitor Bouza Manso, á agrupación de Santiago de Compostela, era relegarnos ao ostracismo político, limitar a nosa capacidade de influencia na agrupación e, en última instancia, **expulsarnos do partido e forzar que entregásemos as actas** de concelleiros para que el mesmo puidera entrar na Corporación Municipal.

Por todo o exposto, solicitaremos ao secretario xeral e Presidente do Goberno, Pedro Sánchez Pérez-Castejón, que revise o noso expediente de expulsión e que atenda ás probas documentais que aportamos durante o proceso, que demostran que existiu un proceso de afiliación masiva de dubidosa legalidade previo ao peche do censo electoral do que saíría elixido o novo secretario xeral local, Aitor Bouza Manso que foi, xunto ao resto de integrantes da CEM, o promotor da nosa expulsión inxustificada do partido.

Faremolo ademais desde a convicción de que nolas catro non incumprimos ningunha norma do partido, e seguras ademais de que, **quen promoveu este tipo de prácticas vergoñentas a nivel local debera asumir responsabilidades polo feito.**

Como socialistas e, sobre todo, como demócratas que somos, non estamos dispostas a comulgar con este tipo de prácticas que só reforzan unha imaxe decepcionante e afastada da rexeneración democrática que a cidadanía esixe.

En Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2025

Gonzalo Muiños Sánchez

Mercedes Rosón Ferreiro

Mila Castro Sánchez

Marta Álvarez Vázquez

16. PUNTO 45 DO PROGRAMA ELECTORAL DO PSDEG-PSOE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA AS ELECCIÓNS DO 2023



entre o tecido empresarial e a Universidade para permitir o desenvolvemento de produtos e servizos innovadores.

38. Impulsaremos o papel de UNNOVA MA PROMOCIÓN DO EMPRENDEMENTO mediante o asesoramento a persoas, equipos ou empresas no ámbito da innovación e a creación empresarial. Impulsaremos a oficina técnica de xestión do proxecto da Plataforma Loxística de Última Milla.

39. Impulsaremos o desenvolvemento e AMPLIACIÓN DOS PARQUES EMPRESARIAIS PENDENTES, singularmente o do A Siorlla, o do Arnís e os ligados ás demandas de solo para servizos no sur da cidade.

40. Promoveremos a creación do CENTRO DE CULTURA GASTRONÓMICA DE GALICIA para impulsar a imaxe da cidade como destino gastronómico mediante a protección e posta en valor da cultura gastronómica e o patrimonio culinario, a posta en marcha dun Laboratorio de innovación, o reforzamento da formación e da difusión.

41. Reforzaremos a AXENCIA LOCAL DE COLOCACIÓN para facilitar o funcionamento do mercado local, reducir o tempo do desemprego e favorecer a cualificación da forza de traballo.

42. Fomentaremos a creación dunha ACELERADORA URBANA DE EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL que respondan aos retos urbanos de Santiago (turismo e patrimonio cultural sustentables, economía dos coidados). Traballaremos para a inclusión social das persoas con discapacidade, e reforzaremos os centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral.

43. Elaboraremos, da man da USC, un PACTO LOCAL POLO TURISMO SOSTIBLE, para poñer en marcha medidas que faciliten a convivencia harmónica de viaxeiros e residentes.

44. IMPULSAREMOS A TAXA TURÍSTICA para que os maiores custos da prestación de algúns servizos non sexan asumidos en exclusividade polos residentes. Farémolo en consenso coa administración autonómica e as asociacións do sector.

45. LIMITAREMOS A PRESIÓN TURÍSTICA nos ámbitos urbanos máis afectados, aprobando a Ordenanza que desenvolva a modificación do PXOM en relativo aos pisos turísticos, e daremos prioridade ao uso residencial mediante políticas activas que favorezan un asentamento diversificado.

46. XERAREMOS NOVOS ATRACTIVOS TURÍSTICOS para fomentar a diversificación espacial (recuperación de patrimonio natural e cultural, itinerarios ligados a espazos verdes, arquitectura modernista ou moderna, roteiros literarios ligados á presenza en Compostela de Rosalía, Valle Inclán, etc.) e fomentaremos a oferta de museos mediante un plan estratéxico que inclúa un Museo da Cidade.

47. Favoreceremos a PROMOCIÓN CONXUNTA DA OFERTA TURÍSTICA, fomentando a Compostela Pass, que inclúa o acceso a edificios, museos e transporte.

48. Prepararemos a cidade para recibir O ANO SANTO 2027, con programa de relevancia internacional.

17. MODELO DE ENTREVISTA

FICHA

Nome e Apelidos.

Responsabilidades orgánicas no PSdeG Santiago (período).

Cargos institucionais (período).

EXPLICACIÓN DO MOTIVO E ORIENTACIÓN DA ENTREVISTA. O obxectivo desta entrevista é coñecer as lóxicas de poder da Agrupación Socialista de Santiago de Compostela e as dinámicas de traballo co Grupo Municipal Socialista durante o período no que tivo responsabilidades orgánicas e/ou institucionais no PSOE da cidade.

1. Na/s Comisión/s Executiva/s Municipal/is da que vostede formou parte, existía algún equilibrio entre representantes institucionais e cargos só do partido, ou a composición do órgano era asimétrica?
2. Quen tomaba as decisións inicialmente sobre os posicionamentos políticos do PSOE en Santiago de Compostela cando vostede ocupaba un cargo de responsabilidade, o Grupo Municipal ou a Comisión Executiva?
3. Nunca se adoptou algún acordo por parte da CEM, no seu período con responsabilidades, no que se lle impuxera ao GMS algún posicionamento?
4. Existía algún instrumento interno regular e periódico de diálogo para fomentar a democracia interna na toma de decisións?
5. Á hora de adoptar decisións como o nomeamento do persoal eventual, quen o seleccionaba?
6. Se tivera que definir a relación entre CEM e GMS durante o seu período con responsabilidades, cree que poderíamos falar dun dominio dos concelleiros sobre o partido, un dominio do partido sobre os concelleiros ou unha situación de equilibrio?
7. Existe algún cargo da CEM que, tradicionalmente, estivera reservado a un membro do GMS?
8. No debate político-público, quen cree que debe ter unha posición predominante, os cargos electos, os orgánicos ou debe haber un equilibrio?
9. Cree que esta lóxica de funcionamento que está describindo, mudou desde outubro do 2023, logo da elección da nova CEM?

10. Podería estar, ao seu xuízo, un cambio na forma de coordinación entre cargos do partido e cargos electos, detrás das tensións que derivaron na expulsión de catro concelleiras do GMS?
11. Os representantes electos no Concello, deben contar con autonomía ou deben estar condicionados polo Partido?

17.1. TRANSCRICIÓN DA ENTREVISTA A XOSÉ A. SÁNCHEZ BUGALLO, EXSECRETARIO DO PSdeG DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Xosé A. Sánchez Bugallo

RESPONSABILIDADES ORGÁNICAS NO PSdeG SANTIAGO.

- Membro da CEM entre 1980 e 1990
- Secretario xeral en dúas etapas: 2010-2014 e 2019-2023

CARGOS INSTITUCIONALES.

- Concelleiro do GMS entre 1987 e 1998
- Alcalde entre 1998-2011 e 2019-2023

1. Nas Comisións Executivas Municipais da que vostede formou parte, existía algún equilibrio entre representantes institucionais e cargos só do partido, ou a composición do órgano era asimétrica?

Resposta: En xeral se buscaba sempre un certo equilibrio. Nos anos 80 e ata finais dos 90, nos que a sensibilidade maioritaria dentro do Grupo Municipal, e a sensibilidade maioritaria no Comité Local non era coincidente, pero sempre había un certo equilibrio.

Normalmente, o Comité Local adoitaba ter entre 13 e 16 membros, dos que aproximadamente 5 ou 6 formábamos parte da Corporación Municipal.

2. **Quen tomaba as decisións inicialmente sobre os posicionamentos políticos do PSOE en Santiago de Compostela cando vostede ocupaba un cargo de responsabilidade, o Grupo Municipal ou a Comisión Executiva?**

Resposta: Sempre se tomaban desde o Grupo Municipal. Se discutían no Comité Local, pero a decisión se tomaba sempre desde o Grupo Municipal.

3. **Entón, non se daban discrepancias?**

Resposta: Podía haber discrepancias, como digo a sensibilidade maioritaria era diferente, pero sempre se respectaba o posicionamento do Grupo Municipal. Estou lembrandome agora mesmo de dous momentos que foron delicados a finais dos 80, que foi a revisión do Imposto de Bens Inmobles, que deu lugar a unha mobilización social importante, e á aprobación do Plan Xeral de 1989. Onde, se falou, tanto no GMS como no Comité Local, e o Comité respaldou a posición do Grupo Municipal.

4. **Nunca se adoptou algún acordo por parte da CEM, no seu período con responsabilidades, no que se lle impuxera ao GMS algún posicionamento?**

Resposta: Que eu teña coñecemento, non. Nin formando parte eu do Grupo Municipal, nin formando parte do Comité Local e, nin sequera, cando eu non formaba parte de ningún dos dous órganos. Anteriormente a 2023 non teño coñecemento de que houbera eses poscionamentos.

5. **Existía algún instrumento interno que fora regular e periódico de diálogo para fomentar a democracia interna na toma de decisións?**

Resposta. Normalmente se podía discutir en reunións específicas, abertas dentro da agrupación, pero se discutía habitualmente no Comité Local. Hai que dicir que, por exemplo, nos anos 80, en que a sensibilidade maioritaria nun lado era un e a maioritaria noutro lado era outra, estaba todo mesturado.

Dentro do Grupo Municipal había determinados concelleiros integrados, digamos, na sensibilidade maioritaria da Agrupación Local; e por exemplo, a secretaría de Política Municipal, a levaba eu mesmo, que estaba claramente integrado na sensibilidade maioritaria do Grupo Municipal. E, polo tanto, en ámbolos lados había unha certa pluralidade e se discutía. E, ás veces, incluso que non saía unha cousa exactamente da mesma maneira pero,

ao final, sempre se entendía que a representación elixida polos cidadáns era a que tiña prioridade para tomar decisións e posiconamento.

6. **Xa que se refería á secretaría de Política Municipal, ese posto adoitaba reservarse a un representante do Grupo Municipal?**

Resposta: Historicamente sempre foi así. Cando eu fun secretario xeral, neste último mandato, penso que era o concelleiro Gonzalo Muíños, e no ano 2010-2014, tamén era un concelleiro.

7. **Sobre a decisións concretas, á hora de adoptar decisións como o nomeamento do persoal eventual, quen o seleccionaba?**

Resposta. Ata o ano 2023, sempre foi o propio Grupo Municipal, sen prexuízo de que, nalgún momento se houbera podido producir algunha proposta que procedera da Agrupación Local, como sucedeu, estoume lembrando, en 1999. Pero a decisión lle correspondía ao Grupo Municipal.

8. **Se tivera que definir a relación entre CEM e GMS durante o seu período con responsabilidades, cree que poderíamos falar dun dominio dos concelleiros sobre o partido, un dominio do partido sobre os concelleiros ou unha situación de equilibrio?**

Resposta: Polo xeral había unha situación equilibrada, aínda que é certo que, no último mandato, o feito de que o alcalde fora o secretario xeral, a vicesecretaria xeral fora a primeira tenente de alcalde, e o secretario de Política Municipal fora un concelleiro, efectivamente daba unha presenza bastante potente do Grupo Municipal, pero penso que foi a máis potente en todo o tempo. Aínda que foi habitual que houbera secretarios xerais que eran concelleiras, como podía ser o caso de Bernardino Rama, que foi secretario xeral e concelleiro, as dúas cousas, entre o ano 2004 e 2010.

9. **No debate político-público, quen cree que debe ter unha posición predominante, os cargos electos, os orgánicos ou debe haber un equilibrio?**

Resposta: Sempre debe haber un certo equilibrio. É evidente, entendo, que a representación elixida polos cidadáns debe prevalecer, pero é evidente que o partido como tal, tamén pode ter unha voz propia e específica. E nese sentido hai distintos modelos en España, hai o

tradicional do Partido Nacionalista Vasco, no que o portavoz nacionalista e o responsable do partido non é o *lehendakari*: eles manteñen un modelo no que o *lehendakari* goberna e o partido opera cunha autonomía importante con relación ao goberno, pero ao mesmo tempo o partido sustenta ao goberno. Eu creo que é o modelo máis claro de separación de funcións.

Ata o momento hai que dicir que non parece que lles fora nada mal. Había unha mensaxe autónoma.

No Partido Socialista, tradicionalmente o secretario xeral é o candidato á presidencia do Goberno ou da comunidade autónoma. Polo tanto, establecer a diferenza sempre é máis custoso. Pero, particularmente, a miña opinión é que a organización interna do partido ten que ter unha certa autonomía respecto a representación institucional, pero a representación dos cidadáns é inequivocamente a que é votado polos cidadáns. Non a que non é votada.

10. Cree que esta lóxica de funcionamento que está describindo, mudou desde outubro do 2023, logo da elección da nova CEM?

Resposta: É indubidable. É evidente que si.

11. Podería estar, ao seu xuízo, un cambio na forma de coordinación entre cargos do partido e cargos electos, detrás das tensións que derivaron na expulsión de catro concelleiras do GMS?

Resposta: Indubidablemente existe esa situación. É un feito evidente. Pode haber máis, pero ese factor é indubidable.

12. Os representantes electos no Concello, deben contar con autonomía ou deben estar condicionados polo Partido?

Resposta: O feito que teñan autonomía non quere dicir que non exista un certo condicionamento. Pero é evidente que, os cidadáns, cando un partido político concorre a unhas eleccións, concorre cunha candidatura e cun proxecto político. E debe ser respectuoso con esa mesma oferta que se lle fai aos cidadáns. Poden producirse contradicións, que deben ser resoltas, tratando de buscar unha coordinación. E pode, incluso, que nalgún momento se produza unha contradición entre uns e outros.

Pero, en calquera caso, sempre que se manteña o respecto ao programa electoral e o compromiso subscrito cos cidadáns, o partido debe actuar cunha enorme prudencia, sabendo algo que é moi importante: hoxe a militancia dos partidos políticos é unha mínima parte da poboación. No caso do Partido Socialista, a proporción entre afiliados e electores, adoita estar aproximadamente entre 1 a 40. Ou incluso 1 a 50. Polo tanto, hai unha decisión na que participan 50 persoas e outra na que só participa un. E, ese un debe ser consciente do que pensa el e o que pensan os outros 49 que apoiaron ao proxecto.

En Santiago, o Partido Socialista nas municipais levou 10.600 votos, e ronda os 300 afiliados, a proporción é de 1 a 35. Pero nas últimas eleccións xerais levou 7 millóns de votos, e o Partido Socialista apenas ten 150 mil afiliados, aproximadamente a terceira parte da que tiña hai 30 anos. Porque ese é outro fenómeno do que hai que ser conscientes, que é a diminución drástica das persoas que militan activamente en partidos políticos.

Non vou ter en conta o caso de partidos que o que fan é non actualizar os censos para non dar de baixa aos afiliados, pero a realidade é que hoxe en España non supere o 2% dos electores que estean afiliados a un partido político. E ademais é unha proporción en claro descenso.

13. Na tensión entre o mandato representativo e o mandato de partido, estrutural en calquera democracia de partidos, que cree que debe primar en última instancia?

Resposta: Sempre opino que a representación do electorado. Creo que teñen que darse circunstancias moi extraordinarias e moi xustificadas para que nun momento determinado a parte orgánica tome decisións contrarias á representación elixida polos cidadáns. Téñense que dar circunstancias moi xustificadas e moi extraordinarias.

E, en moitos países, como por exemplo no Reino Unido, a moción de censura a un líder dun partido político, a decide o grupo parlamentario. É dicir, non é o partido o que lle di aos seus parlamentarios, senón que son os parlamentarios os que poden destituír incluso ao primeiro ministro británico. Teño que lembrar que, recentemente, houbo un primeiro ministro británico que perdeu unha moción de censura no seu propio partido, porque os seus deputados lle retiraron a confianza.

14. Esas condicións drásticas e moi xustificadas déronse en Santiago de Compostela?

Resposta: Na miña opinión non. Isto foi un erro manifesto que, desgraciadamente, creo que ten un coste moi importante para a sociedade compostelá e para o propio partido socialista tamén. Sen ningunha dúbida.

.

17.2. TRANSCRICIÓN DA ENTREVISTA A CARMEN FERNÁNDEZ MORANTE, EXSECRETARIA DE ORGANIZACIÓN DO PSdeG DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Carmen Fernández Morante

RESPONSABILIDADES ORGÁNICAS NO PSdeG Santiago.

- Secretaria de Organización da Executiva de Compostela

CARGOS INSTITUCIONAS. Non tivo.

1. **Nas Comisións Executivas Municipais das que formou parte, existía algún equilibrio entre representantes institucionais e cargos só do partido, ou a composición do órgano era asimétrica?**

RESPOSTA: En la Comisión Ejecutiva Municipal de la que formé parte como secretaria general, primero con Mila Castro y luego con José Bugallo, siempre se procuró una representación de todas las sensibilidades del partido en la Agrupación y de los representantes institucionales en el Concello. No se pretendía llevar un cálculo ni un equilibrio, pero sí que la ejecutiva pudiera incluir a todas las voces y, muy especialmente, a los representantes institucionales en el Concello, entendiendo este órgano era el adecuado para informar bidireccionalmente a los militantes y a los representantes en la ciudad y desarrollar una acción política coordinada cada uno desde su rol y competencia.

Así los representantes institucionales informaban a los miembros de la ejecutiva de todos los temas abordados en el Concello y exponían sus planteamientos en las decisiones que les correspondía tomar en el pleno municipal. Y los demás miembros de la ejecutiva dinamizaban

la actividad de la agrupación y ponían en marcha las actividades que se estimaban convenientes para informar a la militancia de la evolución de la acción política en el Concello.

2. **Quen tomaba as decisións inicialmente sobre os posicionamentos políticos do PSOE en Santiago de Compostela cando vostede ocupaba un cargo de responsabilidade, o Grupo Municipal ou a Comisión Executiva?**

RESPOSTA: Todas las decisiones sobre acciones políticas concernientes al concello de Santiago eran adoptadas por el Grupo Municipal. La Comisión Ejecutiva nunca adoptó decisiones o condicionó el posicionamiento del grupo municipal al entender que no era su competencia y que las decisiones institucionales eran competencia de los representantes institucionales, si bien previamente se realizaban deliberaciones y análisis conjuntos. Era siempre el grupo el que trasladaba a la Comisión Ejecutiva el contexto, las informaciones pertinentes a tener en cuenta y el sentido de la orientación del voto que iba a adoptar el grupo municipal en el caso de estar en la oposición o en el gobierno.

Nunca se observó una discrepancia puesto que los enfoques siempre estuvieron alineados y la dinámica de colaboración fue constante con un clima de confianza y respeto mutuo.

3. **En caso de producirse algunha diferencia de criterios, quen a resolvía ou cal se impuña?**

RESPOSTA: Nunca se observó ninguna discrepancia, si bien en las deliberaciones previas a la toma de decisiones la Ejecutiva Municipal analizaba todos los puntos de vista Y aconsejaba a los representantes institucionales acompañándolos en su responsabilidades. Nunca se observó ninguna situación anómala o contraria a los principios y normas orgánicas o al ideario socialista en la acción municipal por lo que nunca se consideró tampoco necesario intervenir o modificar la acción de Gobierno de los representantes institucionales.

La CEM siempre respetó las funciones orgánicas e institucionales y respetó escrupulosamente las exigencias de la ley de Protección de Datos. Esto es, fue siempre informada por los concejales y jamás exigió documentación institucional del Concello al entender que no le correspondía.

4. **Nunca se adoptou algún acordo por parte da CEM, no seu período con responsabilidades, no que se lle impuxera ao GMS algún posicionamento?**

RESPOSTA: Nunca se adoptó en ningún acuerdo ni se impuso al grupo municipal ninguna decisión puesto que la colaboración y la información era constante y estaban claramente delimitadas las competencias orgánicas e institucionales.

5. **Existía algún instrumento interno regular e periódico de diálogo para fomentar a democracia interna na toma de decisións?**

RESPOSTA: Sí existía en primer lugar una obligación sistemática de información, Por parte de los representantes institucionales a la Ejecutiva y, por defecto, a la militancia. Así, en todas las Comisiones Ejecutivas Municipales se incluía un primer punto en el orden del día en el que los representantes institucionales informaban de la acción de gobierno o de representación institucional.

También para garantizar el acceso directo a la militancia en asuntos que se consideraban de interés, se organizaban reuniones específicas informativas en las que los distintos cargos orgánicos alcalde y concejales informaban rendían cuentas y respondían a todas las inquietudes y preguntas de la militancia.

Y finalmente en todas aquellas situaciones en las que el partido a nivel federal nacional o provincial o municipal consideraban necesarios posicionamientos de la agrupación se convocaron las asambleas extraordinarias pertinentes.

En todo momento se siguieron los cauces, estrategias y fórmulas que el partido prevé para garantizar la democracia interna, y estos en ningún caso contemplan la suplantación de la capacidad de representación de los cargos institucionales ni el condicionamiento de las decisiones en órganos institucionales por la comisión ejecutiva municipal.

6. **Á hora de adoptar decisións como o nomeamento do persoal eventual, quen o seleccionaba?**

RESPOSTA: El nombramiento de personal eventual y de confianza es competencia del Grupo Municipal. En los dos periodos en los que tuve la responsabilidad de la secretaría de Organización de la Ejecutiva compostelana estas decisiones fueron adoptadas siempre por acuerdo del Grupo Municipal. Me atrevería a decir que en ningún caso existe precedente

alguno en la agrupación compostelana con ninguna ejecutiva municipal de intervención en la selección del personal eventual del concello.

7. **Se tivera que definir a relación entre CEM e GMS durante o seu período con responsabilidades, cree que poderíamos falar dun dominio dos concelleiros sobre o partido, un dominio do partido sobre os concelleiros ou unha situación de equilibrio?**

RESPOSTA: La relación fue siempre de colaboración, lealtad y confianza mutua, lo que garantizaba una acción política positiva, transparente y eficaz y, lo más importante, trasladaba a la ciudadanía una visión del partido responsable y conciliadora y eficaz, que en definitiva era lo que buscábamos tras las experiencias previas y conflictos que llevaron al PSOE compostelano a la oposición. Sin ninguna duda ese equilibrio y esa convivencia constructiva entre el partido y el Grupo Municipal fue uno de los activos fundamentales que, considero, fue clave en la recuperación del Gobierno de Compostela.

8. **Existe algún cargo da CEM que, tradicionalmente, estivera reservado a un membro do GMS?**

RESPOSTA: Como tal, en las normas, no; pero de facto, en nuestra práctica, sí, de tal manera que siempre había una secretaria de Acción Municipal de la que era titular el portavoz municipal o un miembro del Grupo Municipal. Esta secretaría garantizaba la información constante y la coordinación política. En todas las ejecutivas un amplio número de concejales formó parte de ellas, me atrevo a decir que todos los concejales militantes formaron parte de las dos ejecutivas municipales en las que yo actué como secretaria de organización.

9. **No debate político-público, quen cree que debe ter unha posición predominante, os cargos electos, os orgánicos ou debe haber un equilibrio?**

RESPOSTA: En el debate político público deben ser los cargos electos quiénes actúen conforme a las competencias y funciones que les otorga la ciudadanía, pero esta actividad debe de estar coordinada con el partido y, en última instancia, la militancia debe estar siempre informada.

Obviamente los representantes institucionales del Partido Socialista deben actuar conforme a los principios políticos socialistas y, solo en el caso en que sus acciones contradigan estos principios ideológicos o acuerdos políticos democráticamente adoptados en el partido, entiendo que sería necesaria alguna intervención extraordinaria. En mi recorrido como

secretaria de Organización nunca la acción política pública de los representantes socialistas en el Concello de Compostela fue contraria a los principios ideológicos y acuerdos generales del partido.

10. **Cree que esta lóxica de funcionamento que está describindo, mudou desde outubro do 2023, logo da elección da nova CEM?**

RESPOSTA: Si. claramente si y, lamentablemente, se impuso una lógica de funcionamiento contraria a los principios de colaboración positiva, respeto mútuo y convivencia constructiva, que con mucho esfuerzo y generosidad, se construyeron para recuperar el gobierno de la ciudad.

Se instaló una dinámica de control y suplantación de competencias institucionales inadmisibles en una democracia.

11. **Podería estar, ao seu xuízo, un cambio na forma de coordinación entre cargos do partido e cargos electos, detrás das tensións que derivaron na expulsión de catro concelleiras do GMS?**

RESPOSTA: Por el conocimiento interno que tengo del partido en la ciudad compostelana y de la micropolítica, que vino provocando tensiones y enfrentamientos internos entre las distintas sensibilidades del partido, creo firmemente que detrás de esta dinámica de actuación que provocó la expulsión incomprensible de los cuatro concejales municipales, hubo y hay intereses personales y orgánicos. Probablemente la pérdida de la Alcaldía fue interpretada por algunos miembros del partido a diferentes como una ocasión propicia para recuperar el control del partido y situar a personas concretas en posiciones de control, toma de decisiones y de salida de cara a las próximas municipales. También me atrevería a decir que en esta estrategia la ciudad de Compostela no era la prioridad como pudo evidenciarse en las negativa a formar parte del Gobierno actual a diferencia de otras grandes ciudades gallegas próximas como Coruña o Lugo.

Sin ninguna duda, teniendo en cuenta la experiencia de los últimos 10 años de la agrupación compostelana y de la ciudad de Santiago, creo que se aprovechó la situación de debilidad del partido y del Grupo Municipal, ante la dimisión del secretario general y ex alcalde, para desestabilizar al grupo municipal y provocar su salida.

12. Os representantes electos no Concello, deben contar con autonomía ou deben estar condicionados polo Partido?

RESPOSTA: Bajo mi punto de vista, y teniendo en cuenta la normativa del Partido Socialista, los representantes electos en el Concello deben ejercer sus competencias con lealtad y respeto a los principios socialistas y con una actitud de transparencia e intercambio constante, pero en ningún caso deben ser suplantados o condicionados en su función por razones o intereses orgánicos. Deben de gozar de autonomía y deben, al tiempo, rendir cuentas ante el partido como considero realizaron los cargos institucionales del Concello con los que tuve la oportunidad de trabajar como secretaria de organización del partido.

13. Na tensión entre o mandato representativo e o mandato de partido, estrutural en calquera democracia de partidos, que cree que debe primar?

RESPOSTA: Obviamente debe de primar el mandato representativo que se basa en la confianza de la ciudadanía y en la transparencia en la actuación de los cargos institucionales y, como ya he dicho, solo en situaciones graves de incumplimiento de los principios e ideario socialista o de acuerdos generales de acción política debe de intervenir el partido con todas las garantías y de forma puntual.